

# Un país xusto.

Programa  
2016



## 4 **Adro**

### 5 **A economía ao servizo da xente**

- 6 Medidas tributarias ao servizo do común
- 8 O emprego como prioridade
- 11 Combate á precariedade e aos abusos laborais
- 12 Formación para o emprego
- 13 Novos modelos: máis solidarios e máis fortes
- 14 Igualdade na Economía: os Coidados e as Políticas da vida cotiá
- 16 Sustentabilidade enerxética
- 17 Desenvolver as nosas potencialidades
- 20 Deter o austericidio. Xirar cara á innovación
- 22 Un rural forte e xerador de riqueza
- 29 Nova política forestal galega
- 34 O viño galego
- 35 Xestión pesqueira integral
- 39 Turismo de calidade
- 41 Facenda galega para redistribuír e reequilibrar
- 42 Unha fiscalidade xusta para unhas finanzas transparentes
- 43 Crédito e Banca Pública

### 45 **Todos os servizos para todas as persoas**

- 46 Rescatar a sanidade pública galega
- 50 Educar con calidade para termos futuro
- 56 A Universidade galega
- 58 Políticas sociais para construír o benestar
- 60 Sementar o futuro
- 61 Conquistar a igualdade.
- 65 A diversidade como base da nosa cidadanía
- 70 Loita contra a pobreza
- 72 Un país de todas e todos e para todas e todos

## 73 **O territorio galego: o noso tesouro**

- 74 Organizar o territorio para vertebrar o país
- 76 Organizar espazos de benestar e solidariedade
- 77 Mobilización da terra produtiva
- 79 Políticas específicas para as zonas de montaña
- 80 Un país que se move
- 81 Casas para xente e xente con casas
- 83 Protexer a terra desde un novo paradigma
- 85 Preservar a nosa biodiversidade
- 89 Un ambiente sen contaminación
- 93 Loita contra a mudanza climática
- 95 Protexer os animais
- 96 Xestión Sustentable da Auga
- 99 A nosa aposta pola sustentabilidade
- 100 Protexer o país e a súa riqueza natural e animal

## 101 **Unha cidadanía activa**

- 102 Soberanía cultural para activar a sociedade
- 104 Reformulación dos sectores culturais
- 108 Potenciando e recuperando o talento científico e investigador
- 111 Unha información plural e independente
- 115 A Galicia que vai vir
- 117 Deporte galego para unha sociedade activa e saudable

## 118 **O goberno galego que constrúe un país mellor**

- 119 A Xunta e o Parlamento, para a cidadanía
- 121 Participar para decidir
- 122 Igualdade e políticas feministas para a calidade democrática
- 125 Unha nova Cultura Institucional
- 127 Convivencia e liberdades públicas
- 128 Un país solidario e cooperante.
- 130 Decidir o noso autogoberno.
- 132 O noso lugar no mundo.
- 134 Galega e universal

# Adro

En Marea nacemos para mudalo todo. Somos o espazo político das de abaixo, en que xentes diversas, plurais, como o propio país, poñemos as nosas mans para construírmos un futuro colectivo máis xusto. Somos un espazo aberto, de cooperación, que procura unha política a prol dos máis e non secuestrada por unha minoría. Queremos unha Galicia onde a xente decida sobre a súa vida. Unha Galicia en que a xustiza social sexa horizonte común e ninguén fiquen atrás. Unha Galicia en que a economía sirva para mellorar a vida das persoas, o autogoberno axude ao benestar común e as institucións sexan de todas. Unha Galicia xusta.

## **Construír un país xusto**

Queremos un país de todas. Onde sexa doado vivir. Onde non sobre ninguén. Un país construído coas propias mans. En común. Un país xusto, en que a liberdade e a igualdade sexan as pernas sobre as que camiñe a súa xente. Como en Nunca Máis, como nas prazas do 15M, unidas, unidos, para reconstruírmos a dignidade colectiva e procurarmos un futuro que non poder quedar nas mans dos que non cren nel. Un país que nos poidamos mirar. Onde as institucións recuperen o seu sentido e estean ao servizo da maioría. Un país onde o decidamos todo.

## **Os desafíos para o futuro de Galicia**

A brutal crise económica que asoballa Europa agravouse en Galicia, país do sur deste territorio, debido ao entusiasmo de Feijóo na aplicación de agresivas políticas neoliberais. O Partido Popular, ademais, nunca creu en que Galicia se deba gobernar a si mesma. Coa dereita ao mando, Galicia sucumbiu ás receitas fracasadas do neoliberalismo. Pero En Marea olla ao futuro. A liberdade e a igualdade, é dicir a xustiza social, constitúe a guía coa que enfrontaremos os desafíos económicos, demográficos, ambientais, culturais e dos coidados en Galicia.

## **O goberno galego da cidadanía**

En Marea devolverá o goberno á xente e acabará co secuestro da democracia por unha minoría. Con En Marea será a cidadanía quen decida sobre a súa vida e o seu futuro. Iso é, para nós, a soberanía. Decidilo todo. Porque xa é tempo de que o goberno galego deixe de ser un atranco para o propio país e as súas potencialidades. Galicia non se laia, Galicia está na vangarda política e social, e o 25 de setembro amosará, de novo, a súa vontade colectiva de pasar páxina e apropiarse do seu porvir.



A economía ao servizo da xente e non a xente ao servizo da economía. O noso goberno colocará á xente e ao ben común como eixos ao redor dos que pivote toda a política económica do país. O noso, será un goberno que acompañará e coidará da súa xente fronte aos gobernos do PP, preocupados só polos intereses das grandes multinacionais. O noso, será un goberno que crea oportunidades para a súa xente, que quere contar cos mellores, e que acredita as capacidades deste país.

Un goberno galego que será o goberno da xente e para a xente, e que terá como primeira prioridade a creación de emprego. Un goberno para garantir o dereito a traballar aquí, mais non de calquera xeito, con dignidade, con medidas que combatan a precariedade laboral e o atraso dos dereitos laborais. Un goberno que procure novos modelos económicos que sexan máis solidarios, e polo tanto, máis fortes. Un goberno que pense en Galicia, e en como desenvolver as potencialidades económicas dun país rico que o PP tenta empobrecer. Un goberno que se centre na sustentabilidade enerxética e que sexa fonte de riqueza. Un goberno que aposte por unha xestión pesqueira integral, que aproveite o noso mar, que o queira e que o defenda.

O goberno galego de En Marea desenvolverá unha facenda propia deseñada para redistribuír a riqueza e reequilibrala socialmente, a cada quen segundo as súas necesidades. O goberno galego de En Marea apostará por unha fiscalidade xusta e sostida sobre unhas unhas finanzas transparentes. Este será un goberno que constrúa ferramentas útiles para a maioría, que restaure unha Banca Pública galega.

Un goberno dos máis, que traballe para construír un país mellor, que acompañe a súa xente e sexa a garantía dunha economía ao servizo das persoas. Un goberno da dignidade para un país en común.

Un goberno que impida proxectos como o de Reganosa na ría de Ferrol que obedece a intereses especulativos de grupos empresariais e pon en perigo a seguridade da cidadanía galega.

## Medidas tributarias ao servizo do común

Galicia pode e ten que explorar unha ampla reforma fiscal que garanta soste un sistema fiscal novo pensado para dar servizos e dereitos a maioría social agredida. Nun momento en que a política de gastos das administracións convírtese na excusa dos recortes sociais En Marea pula por un sistema tributario que permita ampliar e mesmo crear dereitos e servizos para todos e todas

### 1. **Imposto sobre o patrimonio**

En Galicia ten o domicilio fiscal a maior fortuna do planeta, pero nos Orzamentos da Xunta para este ano só se prevé o ingreso de 58,7 millóns de euros polo total de recadación do Imposto de Patrimonio en Galicia. Un imposto que ampara a exención e os beneficios fiscais para os grandes patrimonios, que operan a través de sociedades patrimoniais familiares, sicavs, en moitos casos radicadas en paraísos fiscais. Con independencia da esixencia ao Estado de reforma da normativa básica do Imposto de Patrimonio, desde a Xunta reduciremos o mínimo exento (dos actuais 700.000 a 500.000 €) e incrementaremos o tipo impositivo para os grandes patrimonios (base liquidable igual ou superior a 3 millóns de euros).

### 2. **IRPF**

Reaxustaremos a tarifa e os tipos impositivos e as deducións autonómicas, para que pague máis quen máis teña e gocen de maiores beneficios fiscais as persoas declarantes con menos recursos e que máis o precisen. A tales efectos, e ademais do reaxuste de tramos e axuste de tipos para as rendas máis baixas, incrementaremos o tipo impositivo para as bases liquidables superiores a 50.000 euros.

### 3. **Impostos medioambientais**

A pesar do impacto en forma de dano ambiental, territorial e paisaxístico, a recadación prevista para os tributos propios autonómicos é ridícula, dada a súa normativa favorable aos intereses das grandes empresas enerxéticas e mineiras. O imposto sobre a contaminación atmosférica, nun país coas térmicas de As Pontes e Meirama, só recadou no 2015 un total 4,5 millóns de euros. O imposto sobre o dano ambiental da auga encorada en Galicia, un país de encoros, só recadou 14 millóns. E nun país mineiro e extractivo, ateigado de explotacións mineiras e canteiras, o imposto compensatorio ambiental mineiro só achega, segundo a previsión dos Orzamentos de 2016, un total de 1,1 millón de euros. A modificación normativa destes impostos, incluíndo a revisión á alza dos tipos impositivos, será dos primeiros proxectos remitidos ao Parlamento para que poidan entrar en vigor xa no 2017.

### 4. **Canon de Sogama**

Xunto á revisión do plan de viabilidade e económico-financeiro da sociedade, procederemos a reducir o canon de tratamento a pagar polos concellos. Porque Sogama debe estar ao servizo do interese público, e non de Gas Natural. E porque tanto o refinanciamento da débeda como a errónea e ilegal decisión do goberno de Feijóo do 2011, de clasificación da planta, anulada polos tribunais, non deben repercutir na cidadanía.

## **5. Introducción de cláusulas sociais na contratación pública.**

A Xunta e o conxunto do sector público autonómico licitan e adxudican cada ano un elevado volume de contratos, con evidente impacto e transcendencia económica. En Marea quere incluír na contratación pública condicións e criterios que favorezan medidas sociais como a igualdade de xénero, a aposta por un emprego digno e de calidade, o respecto medioambiental e o comercio xusto. E facelo tanto a respecto das condicións e garantías de execución dos contratos como nos propios criterios de valoración e adxudicación. Algo que permite a normativa de contratación vixente, tanto a estatal como a comunitaria, e que non se desenvolveu ata o momento. Aprobaremos de inmediato un decreto regulando as normas de clausulado social na contratación pública, de aplicación tanto na Xunta como nas sociedades, entes e organismos dela dependentes.

## **6. Unidades específicas de xestión e inspección de grandes empresas e grandes patrimonios**

A inspección fiscal e a loita contra a fraude fiscal deben priorizarse para os grandes patrimonios e grandes empresas. A creación e reforzo na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) de unidades específicas de xestión e inspección dos grandes patrimonios e grandes empresas, o reforzamento da coordinación informativa e das bases de datos coa AEAT e unha maior dotación de medios materiais e humanos na Atriga serán medidas inmediatas do goberno de En Marea.

## O emprego como prioridade

Con cifras como unha taxa de paro do 17,7% e preto de 135.000 persoas desempregadas de longa duración, as políticas de emprego deben ser unha das prioridades do Goberno da Xunta de Galicia. É necesaria vontade política para desenvolver estratexias que melloren a empregabilidade sen deixar a ninguén atrás. Precisamos un novo modelo económico que poña as persoas no centro, e precisamos con urxencia ferramentas útiles que faciliten, desde a formación e o acompañamento, o acceso dos e das galegas a un posto de traballo digno, que lle permita vivir con autonomía, calquera que sexa a súa situación de partida.

### 7. **Diálogo e concertación:**

Potenciaremos os organismos de diálogo e concertación que xa existen, como son o Consello Económico e Social (CES) e o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), dándolles o recoñecemento e os medios para cumprir cos seus obxectivos de acadar acordos en aspectos moi relevantes en materia laboral.

O marco de concertación debe asentar a elaboración dun pacto polo desenvolvemento de Galicia, acordado cos principais axentes económicos do territorio, que garanta a implantación real e coordinada das políticas de emprego e apoio ás actividades económicas executadas ou financiadas pola Xunta de Galicia.

Así mesmo cómpre impulsar entre os axentes sociais –e aplicalo tamén no seu eido de responsabilidade– un acordo pola racionalización do horario de traballo que permita conciliar a vida laboral e persoal.

### 8. **Reformulación dos sistemas públicos de atención e apoio ás persoas desempregadas.**

Cómpre reformular os sistemas de atención e apoio ás persoas desempregadas para garantir unha atención coordinada por parte dos axentes do territorio no que as persoas, e os seus talentos e capacidades, sexan o centro do modelo. Para iso, aportamos por:

- ▶ Darlle o necesario pulo ao Servizo Galego de Emprego público, dotándoo con recursos suficientes, tanto orzamentarios como de persoal, para que bascule a súa actuación de subvencionador pasivo cara a orientación, a formación e a intermediación dos desempregados, sendo os itinerarios de inserción personalizados a ferramenta clave da súa actuación.
- ▶ Territorializar as políticas de emprego, isto é, definir as políticas activas sobre unha base territorial comarcal, que teña en conta a realidade económica e laboral das diferentes áreas xeográficas do país, e que vinculen tanto a administración local coma os axentes sociais de cada un deles.
- ▶ Redefinición dos protocolos de atención á persoas desempregadas nas oficinas do Servizo Galego de Colocación e organismos colaboradores para garantir unha atención unificada e sen derivacións innecesarias para as persoas.
- ▶ Reactivación e mellora da rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local de Galicia así como da rede de Orientadores/as laborais.
- ▶ Creación dun mapa único e claro para as persoas usuarias de recursos para o emprego, máis aberto, transparente e fácil de empregar.



- ▶ Redefinición dos programas de formación para o emprego, para incorporar a demanda e necesidades do mundo empresarial nos mesmos, pero prestando especial atención ás PEMES, ILES, así como ás empresas innovadoras e baseadas na economía social, na definición dos seus obxectivos.
- ▶ Redefinición do programa de Obradoiros de Emprego garantindo períodos de contratación suficientes para a formación das persoas alumnas-traballadoras dos mesmos.
- ▶ Redefinición dos programas de cooperación garantindo períodos de contratación suficientes para a formación en prácticas das persoas participantes.
- ▶ Modificar radicalmente os incentivos á contratación con recursos públicos, que se teñen demostrado ineficaces, inxustos e desvalidadores, concentrando os fondos en colectivos moi específicos, ou ben dirixindo estes fondos a outras políticas activas.

## **9. Mercado laboral máis xusto e inclusivo.**

Compromiso de axudar á contratación das persoas en risco de exclusión social, empregándoas directamente en programas específicos polas administracións públicas en traballos socialmente necesarios, e tamén chegando a acordos con empresas que presten servizos ao sector público.

Acabar coa discriminación laboral das mulleres, con iniciativas contra a fenda salarial, impulsando a realización de plans de igualdade nas empresas.

Artellar as medidas necesarias para facer efectiva a lei que favorece o acceso ao emprego das persoas con diversidade funcional.

Crear un programa dotado orzamentariamente para facilitar o retorno das persoas novas que se viron forzadas a emigrar do noso país por falla de traballo.

## **10. Derrogar as dúas últimas reformas laborais.**

Posicionarse a favor da derogación das dúas últimas reformas laborais, defendendo un modelo de relacións laborais xusto e equilibrado, onde o traballo estable e con dereitos sexa a forma habitual de traballar, con salarios suficientes para rematar coa pobreza laboral e un reparto equilibrado da renda que combata a desigualdade.

## **11. Intelixencia colectiva para o emprego.**

Nunca emprendemos sós. Baixo esta máxima queremos re-introducir os valores da economía colaborativa e social en todos os programas de apoio ao emprego, ao emprendemento e á mellora empresarial como elementos claves da construción dunha economía máis competitiva. Nese senso, promoveremos a creación de grupos de busca de emprego e emprendemento colaborativos que substitúan os programas de formación para o autoemprego. Estes grupos funcionarían de maneira estable e aberta baixo a titorización de persoal experto na xestión de proxectos empresariais cooperativos e colaborativos.

## **12. Co comercio de proximidade, mellor.**

Os valores da economía de proximidade constitúen un eixe fundamental de vertebración do eido local e, en particular, do pequeno comercio de cidades e vilas, cuxa promoción abre portas para o emprendemento e beneficia, á vez, ao conxunto da comunidade. Nese senso, apostamos por:

- ▶ Empoderar o comercio de proximidade a través de programas de promoción da vida a pé tanto en barrios como en vilas. O pequeno comercio non só é un espazo de compra venta, é un núcleo de encontro e cohesión social, polo que debe estar ligado, ademais, á realización de actividades culturais abertas ao público, educativas e de formación e carácter solidario. É preciso dinamizar os espazos comerciais de proximidade.
- ▶ É preciso vincular o pequeno comercio e as políticas de emprendemento e apoio a PEMES coas de xestión do territorio, creando programas de formación que aborden non só como elaborar un plan de empresa, senón tamén como xestionar o custe dos alugueiros e as estratexias de promoción dos microterritorios.
- ▶ Creación de espazos de creación empresarial, tanto urbanos como rurais, nos que se faga unha posta en valor a experiencia empresarial galega
- ▶ Promocionar as políticas de relevo xeracional ligadas ao comercio de proximidade, de cara a que este se transforme nun creador de emprego, tanto no urbano, como no rural, onde favorecerá a fixación no territorio.

### 13.

#### **Posta en marcha dun plan de emprego público no mundo rural.**

O aproveitamento do potencial de desenvolvemento das zonas rurais non será posible sen a prestación de determinados servizos de soporte indispensables. A investigación, formación e asesoramentos públicos son imprescindibles para o desenvolvemento de sectores agrarios e forestais, para o cambio de modelos produtivos das explotacións gandeiras cara a un modelo de menor dependencia subvencional, e para a incorporación exitosa de mozos e mozas á actividade agroforestal. E definitiva, cómpre recuperar servizos que ao longo dos últimos anos se foron precarizando ou restrinxido. Nese sentido En Marea propón a elaboración dun plan de emprego público no rural que considere medidas como o reforzo de persoal das oficinas agrarias comarcais e dos distritos forestais, alén dos centros de investigación e formación agraria. O incremento das oportunidades de desenvolvemento no rural require do compromiso firme da Xunta de Galicia, e unha parte dese compromiso significará dotar de servizos de proximidade local e/ou comarcal para o empoderamento das iniciativas innovadoras.

## Combate á precariedade e aos abusos laborais

Fronte a un modelo laboral que permite que o emprego non sexa garantía dunha autonomía persoal e promove a existencia de ‘traballadores pobres’, debemos impulsar políticas que dignifiquen as condicións de traballo, permitindo a conciliación e contribuíndo a diminuír as desigualdades no ámbito laboral, cumprindo e facendo cumprir os dereitos dos e das traballadoras contra prácticas abusivas.

### 14. **Perseguir as prácticas laborais abusivas e fraudulentas.**

Esixiremos da Inspección de Traballo un control exhaustivo sobre as prolongacións de xornada irregulares, así como as horas extras non pagadas. Solicitaremos tamén limitar no máximo posible as horas extraordinarias, para facilitar a creación de novos empregos. Do mesmo xeito, cómpre acabar coas fórmulas fraudulentas de contratación, dende a utilización de contratos eventuais para cubrir postos de traballo indefinidos, coma os contratos a tempo parcial, que agochan traballos de xornada completa que só se pagan e cotizan parcialmente, pasando por perseguir a sobreexplotación das persoas máis novas, sometidas a becas e formas similares que encobren relacións laborais normais. Para iso, a Inspección de Traballo deberá ser dotada cos medios e o apoio necesario.

Así mesmo, é preciso brindar apoio ás persoas que traballan por conta propia, especialmente as denominadas dependentes, que teñen unha relación supostamente mercantil, cando en realidade a súa vinculación coa empresa para a que traballan é puramente laboral.

### 15. **Reparto dos tempos de traballo.**

Realizaremos unha avaliación económica sobre os usos dos tempos, xornadas e reparto do traballo en Galicia. Analizaremos alternativas para a redución e/ou a racionalización dos horarios laborais para que sexan compatibles con outros tempos e dimensións da vida. O tempo é un recurso limitado e a distribución que facemos del provoca posicións de desigualdade. O uso do tempo monetizado na esfera produtiva ten un lugar preeminente, porén, gran parte das necesidades persoais requiren dun tempo fóra de dita esfera. A división sexual do traballo está implícita no reparto dos tempos de vida. Con esta medida, no marco da estratexia galega de socialización dos coidados, queremos contrastar se o actual reparto dos tempos persoais e de traballo son os máis axeitados para a eficiencia económica, a igualdade e a conciliación.

## Formación para o emprego

Ademais da revisión dos programas formativos para o emprego, resulta imprescindible actuar mediante outras ferramentas a curto prazo, como é a acreditación da experiencia laboral, e a medio prazo, a través da mellora da Formación Profesional.

### 16. **Acreditación da experiencia laboral.**

Moitos dos e das traballadoras en activo non teñen recoñecida a súa cualificación profesional real a través de ningún documento/acreditación oficial, o que lles impide acceder ou progresar no mercado laboral. As medidas precisas para resolver esta cuestión son as seguintes:

- ▶ Apertura da Convocatoria de Acreditación da experiencia profesional durante todo o ano e non nunha época concreta, ademais de ampliála á maioría das ocupacións con especial peso e relevancia na economía do país, así como as que sexan máis demandadas polos sectores produtivos.
- ▶ Para que a convocatoria pública sexa aberta en tempo e en prazas, haberá que aumentar os recursos, sobre todo humanos, que se dedican dentro da Administración a este tipo de procedemento, así como establecer mecanismos de cooperación cos actores sociais
- ▶ Abrir un proceso paralelo de recoñecemento para estes colectivos que non teñen forma de acreditar documentalmente a súa experiencia a través da creación dunha Comisión ao efecto que analice cada un dos casos presentados e permita o acceso coa presentación de outro tipo de documentación: declaracións xuradas, testemuñas, etc.
- ▶ Adaptar os cursos de formación para o emprego dándolle prioridade absoluta no acceso aos mesmos, a todas aquelas persoas que se presentaron ao procedemento e non o superaron.

## Novos modelos: máis solidarios e máis fortes

A economía debe estar ao servizo das persoas, nunca ao revés. Cremos nun modelo económico responsable que aposta pola cooperación, por iso priorizamos as iniciativas laborais de corte social e cooperativo e os espazos de traballos conxunto, sen esquecermonos de que o crecemento económico non pode vir a costa do benestar social ou do medio ambiente. Para evitalo, introduciremos criterios éticos, ambientais, sociais e de igualdade en todos os ámbitos, comezando pola propia contratación pública.

### 17. **Recoñecer o cooperativismo como axente social, con presenza no diálogo institucional.**

É imprescindible recoñecer á Economía Social, e dentro dela ao cooperativismo, como un axente social e económico, que actúa con personalidade propia, achegando riqueza, emprego estable e cohesión social. Cooperativismo e Economía Social, dentro dese proceso de recoñecemento, deben estar presentes nos foros de diálogo institucional, así como nos de decisión económica, e nas políticas de formación.

### 18. **Apoiar de maneira directa os modelos cooperativos e de economía social.**

Cómpre apoiar orzamentariamente os proxectos baseados no cooperativismo e a economía social a través de axudas á creación, a inversión e ao financiamento, así como establecer subvencións ao financiamento de procesos de asesoramento e acompañamento para a posta en marcha e consolidación de empresas cooperativas, colaborando coas entidades do sector especializadas nestes procesos.

### 19. **Promover o cooperativismo e a economía social dende a propia Administración.**

Debemos dar exemplo dende a propia Administración, abrindo os concursos públicos as entidades financeiras éticas, e fomentando ás empresas proveedoras de enerxía renovables, así como aos produtos e servizos de proximidade. Colaboraremos na posta en marcha de espazos que visibilicen o cooperativismo e nos comprometeremos, realmente e de forma efectiva, coa Estratexia de Impulso das Cooperativas 2016–2020, facendo un seguimento da mesma.

### 20. **Contratación pública responsable para unha economía máis xusta.**

Os criterios sociais, ambientais e éticos deben rexer a execución dos Orzamentos públicos do Goberno galego no que atinxe á adquisición e consumo de bens e servizos. Cremos nunha compra pública responsable, que respecte as convencións internacionais e os estándares das condicións laborais e que, como ocorre co comercio xusto, sexa quen de desenvolver modelos de consumo máis respectuosos e igualitarios. Unha compra pública responsable trae aparelada o apoio ás empresas de economía social, e favorece que as empresas concesionarias teñan en conta criterios ambientais. Con ese obxectivo, modificaremos os contratos de adquisición de enerxía eléctrica para que a administración galega pase a ser demandante de enerxía procedente de fontes renovables, así como incorporaremos a perspectiva ambiental en todos os pregos de contratación pública. Do mesmo xeito, avogamos por introducir criterios de proximidade e calidade ecolóxica no subministro dos produtos alimenticios que abastecen a entidades dependentes da Xunta, tanto no ámbito educativo como no sanitario.

## Igualdade na Economía: os Coidados e as Políticas da vida cotiá

Desde En Marea queremos impulsar a onda das novas formas de comprensión da economía e da vida, tendo en conta a igualdade no artellamento da xustiza social, a xustiza redistributiva e a xustiza de xénero. A transformación do modelo económico precisa dunha nova organización sociopolítica que propicie a sustentabilidade da vida, na consideración dos coidados como unha necesidade social para facer efectivo o principio de equivalencia humana. Con este obxectivo, propomos unha serie de medidas, tales como:

### **21. Rede de servizo público de coidados.**

Realizaremos un xiro para incluír as actividades do ámbito familiar e comunitario dentro da nova Estratexia galega de socialización dos coidados, ordenando e dignificando as condicións deste novo sector de emprego, con criterios de calidade e condicións de traballo digno nos servizos de coidados. Crearemos unha Rede de servizos públicos de coidados' que atenderá ás necesidades das persoas nas diferentes etapas e situacións do seu ciclo vital, e que recoñecerá formalmente o traballo das persoas neste eido. Incentivaremos a creación e funcionamento de empresas, de economía social ou cooperativas, adicadas aos coidados.

### **22. Dignificar o valor social e económico do traballo dos coidados.**

Promoveremos medidas urxentes para dignificar e valorar social e economicamente o traballo dos coidados –bolsas de emprego, condicións dignas e de mediación laboral e familiar–, incentivando tamén a figura dos homes coidadores.

### **23. Infraestruturas que faciliten a conciliación.**

Promoveremos activamente a habilitación de equipamentos, infraestruturas e servizos que faciliten a conciliación, co obxectivo de tecer unha rede pública axeitada, suficiente e ben coordinada, nas dotacións para a vida cotiá, tendo en conta as especiais dificultades do ámbito rural e os desequilibrios territoriais.

### **24. Recoñecemento de todas as familias, e os seus modelos.**

O 53,3% das familias dunha soa persoa proxenitora están en risco de pobreza no Estado, fronte ao 30,5% das familias biparentais. Dos 110.000 fogares galegos monoparentais, o 84,3% están compostos por unha muller adulta e fillas/os, e deles, o 25% están en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social. Os problemas económicos aos que se enfrenta este modelo de familias son moi similares aos das familias numerosas, pero son a peza esquecida das políticas fiscais ao non axustarse ao modelo de familia tradicional. Queremos darlles o mesmo tratamento fiscal a ambos os dous modelos familiares a través da aplicación, entre outras, de deducións fiscais, bonificacións e exencións nas taxas tributarias e no tramo autonómico do IRPF que veñen recollidos na Lei de acompañamento aos Orzamentos Públicos da Xunta de Galicia.

## **25. Eliminar a penalización da maternidade sobre o emprego das mulleres.**

Eliminaremos o factor de penalización que a maternidade representa actualmente para as mulleres a través dun programa de corresponsabilidade efectiva nas familias biparentais. Equipararemos os permisos por nacemento –iguais, intransferibles e remunerados ao 100% do salario– entre traballadores e traballadoras da administración galega, e instaremos ao Executivo estatal a emprender unha reforma lexislativa a para a equiparación plena dos permisos por nacemento, de forma que cada persoa proxenitora teña igual permiso, intransferible e remunerado, ao 100% do salario, independentemente do seu sexo, criterio de convivencia ou diversidade familiar.

## **26. Reincorporación laboral das nais tras a maternidade.**

Promoveremos medidas específicas para facilitar a volta ao mercado laboral das mulleres que o queiran facer tras os primeiros meses ou anos de maternidade. A OIT (Organización Internacional do Traballo) constata a existencia de tácticas de presión a embarazadas e nais recentes que merman os seus dereitos como traballadoras; esta práctica incrementouse despois das reformas laborais acometidas polas políticas austericidas do PP.

## **27. Igualdade salarial entre homes e mulleres.**

Asumimos o compromiso coa premisa de *igual salario por traballo de igual valor*, algo que o goberno de Feijó non cumpre. Queremos acabar coa fenda salarial por cuestións de xénero e incidiremos cos medios e recursos axeitados para remover as causas que a provocan. O feito de que as mulleres galegas cobren, de media, o 23,4% menos de salario que os homes por traballos de equivalente valor, as coloca nunha posición de maior precariedade e vulnerabilidade económica.

## **28. Rede galega de empresas pola igualdade.**

A igualdade laboral precisa do compromiso activo das empresas con presenza en Galicia, promovendo o desenvolvemento de plans de igualdade e medidas para facilitar a conciliación da vida persoal e laboral. Artellaremos unha liña de traballo específica coas empresas que aposten por construír outro modelo de sociedade desde a igualdade.

## **29. Cooperativismo entre mulleres.**

No marco da *Estratexia de Impulso das Cooperativas 2016-2020*, activaremos un programa de promoción do cooperativismo entre mulleres, facilitando a creación de cooperativas dedicadas ao emprego no sector dos coidados interpersoais e das contornas naturais.

## **30. Titularidade compartida das explotacións agrarias.**

Para alcanzar a verdadeira equiparación das mulleres e os homes nas explotacións agrarias promoveremos activamente a aplicación efectiva da Lei 35/2011 sobre titularidade compartida neste tipo de empresas.

## **31. Igualdade de xénero na inspección de traballo.**

Velaremos polo cumprimento da lexislación en materia de igualdade de xénero no traballo, e tamén por afortalar o rol da inspección de traballo neste ámbito.

## Sustentabilidade enerxética

É preciso mudarmos o modelo enerxético galego. O noso país asume fortes impactos ambientais para ser un grande transformador enerxético e, a pesar diso, somos deficitarios en enerxía primaria. Por todo iso, é necesario mudar e volver novamente a primar as fontes renovables (instando ao Goberno estatal a poñer fin as medidas implementadas polo PP que penalizaron este tipo de enerxía) potenciando os plans eólicos que garantan o retorno social e o reinvestimento local dunha parte da plusvalía xerada. Apostaremos tamén pola enerxía solar térmica e fotovoltaica e desenvolveremos un plan de eficiencia enerxética. Apostaremos por:

### **32. Plan Galego para a transición enerxética.**

Avogaremos por un auténtico Plan Galego para a Transición Enerxética Galega. Un plan realista, co obxectivo da consecución dun sistema enerxético que intensifique o uso de enerxías renovables, potenciando actuacións locais e de xestión colectiva da enerxía, e promovendo actuación conxuntas tanto do sector público como do privado. Implicaremos nel a administración pública, ao tecido empresarial, asociativo e universitario.

### **33. Autoconsumo.**

Elaboraremos unha normativa que fomente o autoconsumo e a pequena produción distribuída de enerxías renovables, e desenvolvemento deste tipo de produción en colaboración cos concellos, que deberán de ter normativa propia para a autorización de instalacións de pequena produción. Demandaremos ao Estado a derogación da normativa estatal que pon trabas ao autoconsumo eléctrico. Promoveremos a produción renovable cooperativa e impulsaremos un plan especial para as centrais térmicas de Meirama e As Pontes que contemple a diversificación económica nas súas zonas de influencia.



## Desenvolver as nosas potencialidades

Afianzar os nosos sectores produtivos require de políticas que melloren a súa eficiencia, desde a responsabilidade e desde o equilibrio. Apostaremos pola innovación, a través dun maior gasto público para dotar á nosa industria e o resto de sectores das capacidades para modernizalos e facelos máis competitivos, aínda que sempre desde a perspectiva do ben común. Galicia necesita xa non revisar, senón recuperar a súa política industrial a fin de apuntalar o desenvolvemento do país. As dúas lexislaturas do goberno Feijóo centráronse na propaganda, apoiada con movementos curtopracistas de escaso alcance e carentes dunha perspectiva de mellora da competitividade da industria galega. Contra esta política, baseada unicamente en anuncios mediáticos, impulsaremos unha mudanza que apoie a harmonización de empresas motrices, auxiliares, centros tecnolóxicos e de investigación conxuntamente coa administración galega.

### **34. Políticas de clústers reais e efectivas.**

Na industria galega, a capacidade de innovación é importante e decisiva tanto nas empresas motrices como nas auxiliares, de modo que a competitividade das primeiros, tamén se asenta sobre as segundas. Nese senso, é imprescindible adoptar políticas de clúster que permitan establecer marcos estables de cooperación entre o conxunto das empresas dunha cadea produtiva a fin de mellorar a competitividade. Así mesmo, o modelo de clúster a adoptar debe articularse en torno a centros tecnolóxicos que, mediante a colaboración público-privada, poderán dotarse de fondos suficientes, para adaptarse ás necesidades específicas das empresas, que poderán participar nos órganos de dirección dos clústers.

### **35. Participación da Xunta en Empresas Públicas.**

Reclamaremos as nosas competencias no marco das empresas públicas. Galicia ten dereito a participar nas decisións de empresas públicas estatais con importante repercusión na comunidade, a saber SEPI (posuidora de Navantia, entre outras), TRAGSA, ADIF, RENFE... O obxectivo é dotarnos dunha maior capacidade para liderar o noso propio desenvolvemento.

### **36. Polígonos Industriais.**

Galicia mantivo sempre políticas erráticas en canto á dotación de solo industrial, dando lugar a notables desaxustes entre oferta e demanda. Neste senso é necesario revisar a política de solo empresarial e industrial. De feito, a Xunta debera levar a cabo unha dotación específica naquelas áreas de demanda constante e insatisfeitas, e non insistir nunha distribución aleatoria e baseada en intereses partidistas que acabou con enormes extensións de solo infrautilizado, como na actualidade. En concreto, para dotar de sentido a estes espazos parados, formularemos un Banco de Parcelas Industriais. Tamén apostemos as competencias sobre o solo industrial que controla o SEPES (Sociedade estatal de Solo), e adicionalmente, sobre as poxas públicas a este respecto que realiza a Axencia Tributaria.

### **37. Intermodalidade do transporte.**

A necesaria e demandada intermodalidade do transporte esixe o desenvolvemento paralelo de diferentes modelos de mobilidade, a fin de acadar unha mellora loxística que reforce a competitividade da industria. Neste sentido, resulta preciso:

- ▶ Esixir a priorización dun transporte de mercancías competitivo tanto cara Portugal, como cara a Meseta e Europa. Medida que en conexión coa rede de cabotaxe permitiría dinamizar os portos secos de Monforte e Salvaterra-As Neves.
- ▶ Reforzar a aposta pola autoestrada do mar Vigo-Nantes, así como por outras alternativas de cabotaxe, a partir dos portos exteriores de Coruña e Ferrol (na actualidade infrautilizados a pesar dos seus custes).

### **38. Futuro para Navantia Ferrol-Fene.**

Ao longo de xa demasiados anos Navantia está a soportar pesadas cargas que limitan o seu desenvolvemento competitivo e cuxo impacto final recae sobre o tecido de empresas auxiliares e sobre a economía e a forza de traballo de Ferrolterra. Non falamos só das reconversións industriais, nin do veto para a construción civil, incluída a actividade *off-shore*, senón que a falla de rendibilidade doutros astaleiros parte do grupo estatal dependente da SEPI, lastran as posibilidades do centro industrial galego, que non pode manterse con cortinas de fume tales como o flotel de Pemex, vendido ata a sociedade por Feijóo. A pesar do desleixo, Navantia Ferrol-Fene ocupa os primeiros postos mundiais de reparación de buques, e ten enormes posibilidades no terreo da eólica mariña. Por iso, cómpre que o Goberno galego reclame que os centros produtivos de Galicia sexan dotados unha estrutura, infraestrutura e marco tecnolóxico axeitado e competitivo. Navantia debe converterse no elo central dun clúster naval galego, onde se desenvolva o coñecemento tanto das universidades como dos centros de investigación de Galicia.

### **39. Novo dique seco.**

É preciso que Galicia consiga o novo dique seco de dimensións mínimas 420 por 90 metros para atender a demanda dos novos mega-buques dos que se están a dotar os armadores das flotas de porta-contedores e gas. Trátase dunha infraestrutura necesaria e fundamental para a revitalización da antiga Bazán.

### **40. Transparencias nas contas de Navantia.**

Navantia é unha entidade dependente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), composta por oito centros de produción en distintas partes do Estado. Reclamaremos unha maior transparencia nas contas da sociedade naval, que unicamente presenta os seus resultados anuais consolidados, de forma que evita dar a coñecer a rendibilidade de cada estaleiro. É preciso, para poder poñer en valor o potencial do naval galego, competitivo a pesar dos atrancos, e para reclamar un trato para Ferrol-Fene acorde cos seus resultados e coa súa especializa

### **41. Sector auxiliar competitivo.**

Apoio á instalación de empresas da área metalmecánica e electrónica fabricantes de compoñentes- fundición, motores, turbinas, tubos, equipos auxiliares, equipos de control e outros- coas que se debe establecer alianzas cooperativas que reforcen a competitividade naval galega. Así mesmo debe reforzarse o apoio tecnolóxico as empresas auxiliares xa existentes.

## 42. **Conexión ferroviaria competitiva á rede estatal.**

Cómpre optimizar a conexión de Ferrolterra coa rede ferroviaria estatal mediante vías capaces para soportar tráfico propio dun gran porto base de contedores e graneis sólidos.

## 43. **Automoción**

O sector industrial que está sufrindo máis transformacións no país actualmente é o da construción automobilística, así como a súa importante industria auxiliar. Galicia foi quen de amosar unha capacidade asombrosa de adaptación aos cambios produtivos, lóxicos e de estratexia comercial do sector, pero a contraprestación foi a xeneralización de emprego precario, merma de dereitos laborais e a ameaza permanente da deslocalización cara a países veciños ou doutras latitudes. O goberno da Xunta actuou como un membro máis dos consellos de administración da PSA ou das auxiliares, priorizando a conta de resultados e os datos macroeconómicos sobre o emprego e a calidade do mesmo. Hoxe en día, por exemplo, PSA ten os niveis produtivos máis altos co menor cadro de persoal da súa historia, e con apenas 1.800 empregados e empregadas con xornada de 8 horas. A alta especialización laboral foi acompañada pola destrución de dereitos laborais, a xeneralización de convenios de empresa fronte aos sectoriais, e coa perda de capacidade de incidir nos centros de decisión do sector en Europa por parte de Galicia. Para revertir esta situación é preciso:

- ▶ **Maior inspección laboral no sector da automoción.** Promoveremos dentro da industria da automoción máis e mellores empregos, traballando coa inspección de traballo na verificación do cumprimento dos convenios e na supervisión sobre o desenvolvemento das xornadas laborais e as garantías coas que estas se realizan..
- ▶ **Reforzo do I+D+i e reformulación do modelo do Centro Tecnolóxico de Automoción.** O investimento en investigación e desenvolvemento é un elemento chave no necesario cambio de modelo económico. Reforzaremos esta idea dentro do Centro Tecnolóxico de Automoción (CTA) en colaboración coas universidades e atraendo e creando departamentos de investigación, así como sistemas de bolsas.
- ▶ **As actuacións urbanísticas e as cesións de infraestrutura, sempre con retorno.** Vincularemos calquera actuación urbanística, de cesión de infraestrutura ou de espazos industriais a que esta sexa artellada mediante un convenio que garanta a inversión e emprego por parte do sector.
- ▶ **Condicionar toda axuda ao mantemento do emprego.** A colaboración do sector público co sector privado debe facerse nun marco de responsabilidade, polo que vincularemos as liñas de colaboración ao mantemento de postos de traballo, á calidade dos mesmos e ao rendemento de ditas empresas.

## Deter o austericidio. Xirar cara á innovación

O modelo neoliberal impulsado polo PP ten procurado unha fuxida cara adiante, buscando na precarización laboral unha vía de escape ante a falta de contratacións. Ademais, estas políticas derivaron en que as empresas apostasen pola redución de custos en detrimento da innovación e a calidade. Galicia encádrase, segundo o *Regional Innovation Scoreboard*, entre as rexións cunha capacidade innovadora moderada. O balance galego amosa, por unha banda, certas fortalezas en termos de poboación con estudos superiores e exportacións de produtos de media e alta tecnoloxía, aínda que pola outra caracterízase por importantes feblezas na introdución de innovacións, particularmente organizacionais e de márketing, no gasto en innovación e gasto público en I+D. O obxectivo da políticas de En Marea debe ser revertir esta situación, aproveitar as fortalezas, pero corrixir as debilidades. Para iso, apostamos por:

### 44. **Reformas no plano institucional.**

A medida máis urxente é a posta en marcha do novo Plan Galego de I+D+i 2016-2020, rematando coa interinidade actual, con maior dotación de recursos e en liña coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) da Comisión Europea, cuxo desenvolvemento está en curso, procurando a complementariedade entre ambos. Así mesmo compre acadar unha maior unificación das políticas e instrumentos de I+D+i na Axencia Galega de Innovación, rematando coa actual dispersión entre consellerías.

### 45. **Xestión propia de fondos comunitarios.**

Ao efecto de dotarse de maior capacidade e eficacia na aplicación dos recursos para a I+D compre, no plano externo, requirir a xestión propia dos fondos FEDER para innovación de Galicia, rematando coa actual situación onde dous terzos dos fondos que lle corresponden ao noso territorio se xestionan en Madrid. No plano interno compre revisar as políticas de innovación impulsadas pola actual administración, en particular no referido á elevada concentración de recursos na *UAB initiative* (drons ou avións non tripulados).

### 46. **Colaboración para a innovación.**

O fomento de estratexias colaborativas debe plasmarse cando menos en tres niveles:

- ▶ Fomento da cultura colaborativa para a innovación entre empresas e entre estas e os demais axentes do sistema de innovación galego. De especial importancia para as PEMES e Miniempresas.
- ▶ Fomento de redes colaborativas con empresas, e centros de investigación externos a Galicia, tanto dentro do contexto europeo, español e galego, como cos países próximos polo idioma común ou pola presenza de galegos, que facilite o establecemento de redes e o aproveitamento de sinerxías.
- ▶ Dinamización de proxectos colaborativos de carácter estratéxico e singular, tendo en conta os potenciais do tecido produtivo galego.

#### **47. Proximidade ao tecido produtivo.**

A dinamización do investimento implica unha maior proximidade e traballo conxunto entre as empresas e as fontes de innovación. Nese sentido, cómpre dotarnos de instrumentos de apoio á innovación específicos para cada tipo de usuario (empresa ou institución), e segundo a etapa do proceso innovador (máis afastado/máis próximo ao mercado), así como favorecer a transferencia de coñecemento desde os centros xeradores ao entramado produtivo. Será preciso consolidar e ampliar iniciativas xa existentes, como o Fondo de Proba de Concepto, como explorar outros novos.

#### **48. Visibilización das mulleres na innovación.**

Reactivación da Unidade de Muller e Ciencia como instrumento de visibilización, e valorización da actividade investigadora e innovadora realizada polas mulleres.

#### **49. O comercio de proximidade, mellor.**

As políticas do PP en materia de comercio teñen claramente ás grandes superficies como beneficiarios exclusivos, empobrecendo un sector básico da economía e do emprego como é o pequeno comercio. Para equilibrar esta dinámica daremos un importante impulso ás economías locais, con especial atención ao comercio de proximidade de cidades, vilas e do rural. Crearemos programas, co-xestionados cos concellos, para facilitar a vida nos barrios e vilas reducindo a necesidade de desprazarse para facer as compras. Valorizaremos a función do pequeno comercio como espazo de encontro, seguridade urbana e socialización. Nesta liña tamén actualizaremos os programas de Comercio Rural Galego. Así mesmo cómpre potenciar aquelas iniciativas motoras dos centros urbanos, como poden ser os centros comerciais abertos ou as prazas de abastos. Neste último caso considerando ademais o seu valor para facilitar a venda de produtos de proximidade.

## Un rural forte e xerador de riqueza

O potencial de desenvolvemento das zonas rurais non será posible sen a prestación de determinados servizos de soporte indispensables. A investigación, formación e asesoramentos públicos son imprescindibles para o desenvolvemento dos sectores agrario e forestal, para o cambio de modelo produtivo das explotacións gandeiras cara a un modelo de menor dependencia das axudas públicas, e para a incorporación exitosa de mozos e mozas á actividade agroforestal. Servizos que ao longo dos últimos anos se foron precarizando ou restrinxido, sendo preciso recuperalos coas seguintes medidas:

### 50. Reorientar os fondos europeos para outra política agraria e rural

Para desenvolver a nova política no mundo rural galego será necesario, no curto prazo, modificar o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. Ademais, a Xunta de Galicia debe demandar cambios nas políticas agrarias a nivel europeo e internacional. Para iso En Marea levará a cabo as seguintes medidas:

- ▶ Como soporte para as novas políticas, a Xunta de Galicia reorientará as medidas financiadas polo Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, coas seguintes directrices básicas:
  - ▶ Centrar as medidas nas persoas como motores do cambio, poñendo o acento en estimular, apoiar e facilitar as novas iniciativas. Superar a cultura da subvención (focalizada nos investimentos en capital fixo), instaurando a do acompañamento e a cooperación.
  - ▶ Reorientar fondos asignados no actual Programa a infraestruturas de baixo valor engadido cara medidas que estimulen e capaciten aos emprendedores e dinamizadores rurais e contribúan á sustentabilidade social, económica e ambiental do mundo rural. Con ese obxectivo, nos primeiros 100 días do novo Goberno poñerase en marcha un proceso participativo, coa implicación de todos os actores relevantes do noso mundo rural, para a modificación do PDR 2014-2020; de tal modo que, seguindo o procedemento previsto pola normativa europea, se conte cun novo PDR aprobado para a súa aplicación en 2017.
- ▶ Dada a importancia que para a agricultura e o mundo rural galego teñen as políticas adoptadas na Unión Europea, En Marea levará a cabo unha actuación decidida co fin de lograr a participación directa do Goberno galego en todas as negociacións nas institucións comunitarias que afecten ao noso agro.

### 51. Outro modelo de PAC

Unha PAC que contribúa a corrixir os desequilibrios sociais e territoriais na agricultura europea, favoreza as pequenas e medianas explotacións e priorice a calidade dos alimentos, a protección do medio ambiente e as funcións territoriais da actividade agraria. Unha PAC que recupere mecanismos públicos de regulación e estabilización dos mercados e asegure relacións equilibradas entre produtores/as, industrias e cadeas de distribución.

Unha PAC na que o apoio á renda dos/as produtores/as avance na liña de establecer unha axuda única por unidade de traballo en toda a UE, modulada en función de criterios sociais, ambientais e territoriais.

En Marea defenderá, desde todas as instancias nas que participe o Goberno galego, o cese do proceso de liberalización do comercio mundial de alimentos impulsado desde a Organización Mundial do Comercio (OMC), e a configuración dun sistema alternativo de relacións comerciais que responda ás necesidades da poboación dos diversos países, en sintonía co principio de soberanía alimentaria.

En aplicación do anterior, En Marea oporase desde o Goberno galego á aprobación do TTIP (Parcería Transatlántica para o Comercio e os Investimentos), por supor un novo atentado contra a seguridade e a soberanía alimentar do pobo galego.

## **52. Máis terra para as explotacións agrarias.**

Aplicaremos políticas que conteñan a reforestación de terras agrarias protexendo con maior potencialidade, e procederase a unha revisión da lei 7/2012 de 28 de xuño de Montes de Galicia. Apoiaremos decididamente a dinamización do mercado da terra a través do banco de terras, e contribuiremos a xerar oportunidades por medio da asistencia técnica, a promoción ou os plans sectoriais para o efectivo aproveitamento produtivo destes espazos.

## **53. Plan de emprego para o rural.**

Elaboraremos un plan de emprego público no rural que considere medidas como o reforzo das oficinas agrarias comarcais, centros de investigación agraria, e centros de formación e extensión agroforestal, que presten apoio tanto as explotacións agrarias como aos montes en mancomún e aos proxectos de incorporación de mozos e mozas á actividade agraria. Crearemos liñas para prácticas en explotacións agrarias, liñas de axudas ao circulante, e subvencións para a incorporación de novos activos agrarios, para potenciar o inicio de actividades. Iniciaremos procesos de colaboración do Bantegal cos concellos rurais para a xestión das terras dispoñibles.

## **54. Revitalización poboacional do rural.**

A Xunta de Galicia creará unha nova división Banco de Terras de Galicia, en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e coa participación dos concellos, para a mobilización-recuperación do parque residencial rural. Entre as súas funcións estarán as seguintes: aplicación ás vivendas rurais do enfoque BTG; inventario e seguimento oferta-demanda; definición de instrumentos de mobilización e apoio á rehabilitación e acondicionamento.

## **55. Consolidar as liñas de especialización do agro galego, ao tempo que se promove a diversificación e calidade alimentaria**

Durante as últimas décadas actividades como a gandería de vacún de leite, o vacún de carne, a horta, a viticultura e moitos outros subsectores téñense convertido nos principais vectores de actividade nas zonas rurais de Galicia, contribuíndo a soste as rendas e o emprego. Estas actividades, sen embargo, están a afrontar notables retos que requiren dunha acción de apoio e orientación por parte da administración pública.

Ao mesmo tempo, o desenvolvemento do mundo rural galego require da apertura de novas oportunidades, da diversificación, tanto cara novos produtos como cara outras formas de produción. Así mesmo, a capacidade do agro galego para competir nun mercado cada vez máis liberalizado e globalizado debe basearse principalmente en produtos de calidade, con personalidade propia e diferenciados, e con garantía de salubridade.

## **56. Promoción da produción de alimentos diferenciados, reforzando as axudas e incentivos dispoñibles para isto no PDR 2014-2020.**

Con este fin reforzaranse as medidas de apoio ás Indicacións Xeográficas Protexidas, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade diferenciada que se podan promover. Ademais incluírase esa liña de fondo nas axudas a investimentos en industrias agroalimentarias.

A Xunta de Galicia apostará polos sistemas de gandería de carne extensiva, con especial atención a aqueles desenvolvidos a partir das razas autóctonas, e polo silvopastoralismo.

Elaboración dun plan de desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica que visibilice a dirección que debe tomar a produción agraria e desenvolva de forma inmediata as enormes capacidades de produción ecolóxica.

Elaboración de Plans Estratéxicos Sectoriais de impulso das principais liñas de especialización. Estes Plans seguirán os vectores de desenvolvemento enunciados anteriormente (mobilización de terras, extensificación, calidade, incorporación de novos activos, incorporación das TIC, formación, diversificación.....)

## **57. Aposta polas iniciativas de transformación de produtos agrarios.**

A Xunta de Galicia apoiará as iniciativas de transformación de materias primas agrarias en produtos con maior valor engadido, executados preferentemente polos propios produtores. Este marco de apoio abranguerá tamén a produción artesanal.

Apoio ás canles curtas de comercialización. A Xunta de Galicia apoiará as iniciativas de desenvolvemento de canles curtas de comercialización, mercados locais e cooperativas de consumo que permitan fortalecer o rural mediante compras de proximidade e produtos de calidade.

A Xunta de Galicia estudará a creación de sistemas de protección para algúns alimentos específicos, a través de marcas de garantía. Entre eles cómpre mencionar o leite de pasto, a carne de montaña e a lamprea do Miño e do Ulla.

O Goberno galego promoverá as modificacións legislativas necesarias para regular as iniciativas de certificación participativa de produtos de proximidade.

Prohibición dos cultivos transxénicos e tamén do uso de fariñas cárnicas e antibióticos na fabricación de pensos, garantindo un sistema de control eficaz.

Plan de recuperación e investigación sobre variedades autóctonas de sementes, integrando a produtores locais. A Xunta de Galicia traballará para o establecemento dun Banco Galego de Sementes, a partir do xa existente, dotándoo de medios humanos e materiais e promocionando o seu uso entre os agricultores.

## **58. Compromiso co sector lácteo.**

O sector leiteiro xoga un papel estratéxico no mundo rural galego pero atravesará unha situación crítica. A resposta a eses problemas require unha estratexia desde o Goberno galego que combine accións de choque a curto prazo coa adopción de medidas a medio e longo prazo. É precisa unha estratexia que integre unha posición firme para influir no marco europeo e estatal xunto coa adopción pola Xunta de Galicia de reformas e políticas decididas naquelas cuestións que son da súa competencia. O Goberno galego condicionará as axudas públicas e utilizará todas as medidas ao seu alcance para conseguir compromisos das cadeas de distribución e das industrias que garantan a recollida do leite de todas as explotacións con referencias obxectivas en



canto á negociación de volumes e prezos. Na mesma liña controlaranse as prácticas abusivas coas industrias por parte das cadeas de distribución e aplicarase un plan de choque específico para as explotacións que están percibindo prezos máis baixos. Reclamaremos con firmeza ao Goberno do Estado que aplique, de forma inmediata, a etiquetaxe obrigatoria da orixe do leite.

## **59. Reorientación do modelo produtivo leiteiro.**

Daremos os pasos necesarios para a reorientación do modelo produtivo das explotacións cara a sistemas sustentables, dende o punto de vista económico e ambiental, baseados na produción forraxeira das explotacións e na redución da dependencia dos pensos e outros insumos externos. Elaboraremos e aplicaremos un plan de desenvolvemento da industria láctea. Presionaremos ante as instancias comunitarias para que a UE adopte mecanismos que contribúan ao equilibrio do mercado e á recuperación dos prezos ao produtor, corrixindo a liberalización da política láctea europea aplicada na última década. Neste aspecto defenderemos o establecemento na UE de medidas públicas que permitan un control da produción e unha redución da volatilidade dos mercados.

## **60. Plan de desenvolvemento da industria láctea.**

Elaboraremos e aplicaremos un plan de desenvolvemento da industria láctea, baseado no apoio de proxectos que elaboren derivados de maior valor engadido e/ou baseados na diferenciación dos produtos e as marcas de calidade (leite e produtos lácteos ecolóxicos, leite procedente de vacas alimentadas en pastos, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade). Favoreceranse aqueles proxectos industriais que contén cunha participación directa dos e das produtoras, ben sexa a través de cooperativas ou doutras organizacións. Tamén se apoiará a transformación artesanal, para a valorización directa da súa produción por un segmento das explotacións. O Goberno galego adoptará unha posición activa para favorecer a configuración de proxectos industriais lácteos viables e diversificados, liderados na medida do posible por capital galego.

## **61. Políticas Institucionais de defensa do sector lácteo**

Presión ante as instancias comunitarias para que a UE adopte mecanismos que contribúan ao equilibrio do mercado e á recuperación dos prezos ao produtor, corrixindo a liberalización da política láctea europea aplicada na última década. Neste aspecto defenderemos o establecemento na UE de medidas públicas que permitan un control da produción e unha redución da volatilidade dos mercados.

O Goberno galego adoptará unha posición activa na aplicación do “Paquete Lácteo” no Estado Español e a súa concreción en Galicia, para lograr avances reais no equilibrio das relacións entre gandeiros/as, industrias e distribución. Para isto a Xunta de Galicia: reactivará os mecanismos de interlocución e negociación a nivel galego; adoptará unha posición activa na mediación e supervisión dos contratos; e porá en marcha todas as actuacións que contribúan á transparencia, equilibrio e estabilidade da cadea de valor do leite.

## **62. Outro modelo de distribución e industria láctea**

Como complemento do anterior, o Goberno galego condicionará as axudas públicas e utilizará todas as medidas ao seu alcance para conseguir compromisos das cadeas de

distribución e das industrias que garantan a recollida do leite de todas as explotacións con referencias obxectivas en canto á negociación de volumes e prezos. Na mesma liña controlaranse as prácticas abusivas coas industrias por parte das cadeas de distribución. Aplicarase un plan de choque específico para as explotacións que están percibindo prezos máis baixos. Reclamaremos con firmeza do Goberno do Estado que aplique de forma inmediata a etiquetaxe obrigatoria da orixe do leite (aprobada xa por outros países da UE, como Francia e Italia).

### **63. Un goberno galego comprometido co futuro do sector**

O Goberno galego esixirá e velará polo cumprimento estrito da lexislación en materia de control da orixe do leite e de transporte internacional de alimentos, reforzando para isto os mecanismos propios de control e inspección.

Reorientación do modelo produtivo das explotacións cara sistemas sustentables, do punto de vista económico e ambiental, baseados na produción forraxeira das explotacións e na redución da dependencia dos pensos e outros insumos externos.

Acción decidida para facilitar a ampliación da base territorial das explotacións, a través das medidas de impulso da mobilidade da terra.

Reorientación das axudas aos investimentos das explotacións e utilización dos pagos agroambientais para estimular os procesos de desintensificación, o desenvolvemento de sistemas produtivos baseados nos pastos e nas forraxes propias.

### **64. Apoio específico á produción ecolóxica.**

O apoio centrarase nos proxectos que elaboren derivados de maior valor engadido e/ou baseados na diferenciación dos produtos e as marcas de calidade (leite e produtos lácteos ecolóxicos, leite procedente de vacas alimentadas en pastos, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade).

Favoreceranse aqueles proxectos industrias que contén cunha participación directa dos/as produtores/as, ben sexa a través de cooperativas ou doutras organizacións. Tamén se apoiará a transformación artesanal, para a valorización directa da súa produción por un segmento das explotacións. O Goberno galego adoptará unha posición activa para favorecer a configuración de proxectos industriais lácteos viables e diversificados, protaxionados na medida do posible por capital galego.

### **65. Priorizar a carne de vacún do país**

O vacún de carne é tamén un sector estratéxico no rural galego. O seu impacto territorial é amplo e as súas producións son de calidade. Enfróntase a problemas estruturais nos mercados globalizados e a problemas relativos á súa base territorial. Este sector é, dende hai anos, un dos de máis reducida rendibilidade, e tamén dos máis desatendidos dende a Administración autonómica, situado maioritariamente nas zonas do país máis desfavorecidas e castigadas pola crise, polo que é fundamental tomar medidas de cara a unha orientación produtiva. Neste sentido, impulsaremos a implantación de pastizais para que as explotacións contén con base territorial suficiente. En especial, realizarase a transformación de montes veciñais. Adecuaremos as liñas de axuda pública aos investimentos e ás necesidades reais do sector de vacún de carne, e priorizaremos a gandería extensiva nas axudas ás zonas desfavorecidas. Fomentaremos o consumo da carne do país fronte á foránea en carnicerías e institucións. No caso das razas autóctonas desenvolveremos accións específicas para a ampliación das iniciativas produtivas que se desenvolven na actualidade. Daremos un

novo impulso á Terneira Galega (galeguizaremos o nome da marca), co obxectivo de que teña capacidade para comercializar toda a carne de calidade das explotacións familiares.

## **66. Outras producións cárnicas: da gandería industrial á gandería con terras**

A Xunta de Galicia elaborará un Plan Estratéxico para os sectores cunícola, porcino e avícola. O Plan será resultado da participación dos produtores, das súas asociacións, dos sindicatos, dos técnicos da administración e dos investigadores dos OPIs.

A Xunta de Galicia tomará as medidas necesarias para impulsar os modelos artesanais, familiares e autónomos. A Xunta apostará pola produción avícola artesanal, como recolle o Decreto de 2011, e desenvolverá as normas necesarias para estender eses modelos aos subsectores cunícola e porcino, contemplando os seguintes principios reitores: uso da base territorial (todas as producións deberán observar a cría de animais en liberdade e no seu medio natural); regulación da carga gandeira máxima en cada sistema produtivo; regulación da alimentación, con base nas producións da propia explotación, incluídos cereais.

Será prioritaria nesta lexislatura a posta en marcha de proxectos de produción de coello, porcino e ave ecolóxicos.

Apoio para a posta en marcha de “gandería artesanal”. Neste subsector, e noutros de importancia estratéxica, a Xunta debe financiar proxectos de matadoiros de proximidade ou matadoiro móbiles, crear un marco legal axeitado para ter salas de despece caseiras ou infraestruturas nas propias explotacións que permitan aos produtores e produtoras comercializar directamente estes tipos de carne.

Para o caso das razas autóctonas do porco e da avicultura, a Xunta de Galicia desenvolverá accións específicas para a ampliación das iniciativas produtivas que se desenvolven con porco celta, galiña piñeira e galiña de Mos.

## **67. Plan estratéxico para os sectores cunícola, porcino e avícola**

O goberno galego elaborará un plan estratéxico para os sectores cunícola, porcino e avícola. O plan será resultado da participación dos produtores, as súas asociacións, os sindicatos, e os e as técnicas da administración, así como os investigadores universitarios.

## **68. Ovino e caprino**

A Xunta de Galicia nunca lle concedeu a este subsector a importancia estratéxica e o potencial que ten, sobre todo ao tratarse duns animais que poden aproveitar biomasa que na actualidade non conta con outra función dentro do sistema agrario galego, máis alá de ser combustible para os incendios. Nestes ámbitos, deseñaremos de xeito participativo un plan de revitalización e impulso do sector. Recoñeceremos e poremos en valor, mediante un programa específico, o aproveitamento silvopastoril e do pastoreo nos sistemas agrogandeiros vencellados á gandería de ovino e caprino e apostaremos pola valorización da lã. En colaboración co sector, buscaranse oportunidades para a posta en valor da mesma, así como doutros subprodutos animais, con axudas públicas que permitan a aparición dunha industria de tratamento da lã para a súa posterior transformación dentro do territorio galego, de cara a evitar a súa exportación a outros mercados. Así mesmo, débese avanzar na profesionalización do servizo de rapa en Galicia. Apostaremos pola gandería artesanal, e financiaremos proxectos de matadoiros de proximidade ou matadoiros móbiles, creando un marco

legal axeitado para ter salas de despece caseiras ou infraestruturas nas propias explotacións que permitan aos produtores e produtoras comercializar directamente estes tipos de carne. Crearemos as condicións técnicas e financeiras necesarias para impulsar a transformación do leite de ovino e cabrún. Profundaremos e estabilizaremos nas estratexias de prevención de danos por predadores nas ganderías, así como impulso do diálogo entre os actores involucrados.

**69.**

### **Producións horto-froiteiras**

O déficit de froita e horta en Galicia é moi evidente. E as posibilidades de desenvolvemento son enormes polas condicións ambientais de determinadas comarcas e polo coñecemento adquirido e a capacitación de moitos labregos e labregas. Desde o goberno galego apostaremos moi decididamente por este subsector. Neste sentido elaboraremos dun Plan específico para a Horta Galega dirixido a consolidar estas producións naquelas comarcas onde están asentadas (como as Mariñas Coruñesas, Salnés, Ulla, Sar e Baixo Miño) e a impulsar o seu desenvolvemento noutras zonas con potencial para a súa expansión. Melloraremos o aproveitamento da mazá de sidra e a mazá roxa, e fomento do cultivo de pequenos froitos. Realizaremos campañas de promoción dos produtos horto-frutícolas galegos co fin de fomentar o seu consumo no mercado interno. Colaboraremos cos Concellos, coas Asociacións de Nais e Pais e coas Organizacións Non Governamentais, para impulsar as Hortas Escolares e as Hortas Comunitarias como unha ferramenta de Educación Ambiental e Humana.

## Nova política forestal galega

A política forestal desenvolvida en Galicia durante a democracia é unha herdanza dos plans do franquismo. O seu discurso, simplemente produtivista, tense amosado en termos xerais moi negativo tanto ambiental como social e economicamente. Fundamentalmente non contempla máis variables que o beneficio do curto prazo de determinados sectores con pouco valor engadido e que son dependentes de materias primas de baixa calidade e a baixo prezo.

A nova política forestal debe deixar de ser so forestal para ser unha política do monte. O goberno galego debe contemplar as múltiples funcións que cumpre o monte e apostar, de xeito equilibrado, por aproveitamentos multifuncionais que garantan o equilibrio ambiental e económico. A consideración de ben común debe guiar as novas políticas e, en particular a forestal, considerando variables como a conservación da paisaxe, a biodiversidade, os ciclos bioxeoquímicos e o da auga e a preservación do chan. Debe ter como obxectivo, ademais, a redistribución da riqueza; igualmente debe considerar variables delicadas como é o cambio climático e mesmo considerar a seguridade alimentar, que diminúe coa redución do espazo cultivable. A sustentabilidade global do sistema debe ser obxectivo principal en todo momento: as perdas e prexuízos non poden ser externalizados nin supor un gasto público desmedido e sen solución de continuidade.

### **70. Cumprimento estrito da lexislación vixente.**

destinando medios para o seu control, en relación á forestación de terras agrarias, e modificacións lexislativas que garantan o cumprimento do obxectivo de manter as terras de aptitude agraria ou con valores ambientais afastadas do cultivo forestal.

### **71. Mesas de traballo e negociación.**

Urxentemente organizaremos estas mesas nas que participarán os Distritos Forestais e as organizacións sindicais representativas dos traballadores do SPDCIF e as súas asociacións profesionais para abordar todos aqueles temas urxentes que afecten á estrutura, funcionamento e organización do dispositivo de prevención e control de incendios. Nesas mesas de traballo terán un papel relevante os Distritos Forestais, o ámbito administrativo máis achegada á realidade do monte no noso País. O principal obxectivo destas mesas de traballo e negociación é corrixir as deficiencias «técnicas» que se observan no dispositivo de loita contra o lume, para facelo moito máis efectivo no curto prazo.

## **72. O PLADIGA de 2017 incluirá os resultados desas mesas de traballo e negociación.**

toda información sobre os incendios forestais en Galicia en 2016 (información detallada de cada un dos incendios, número de incendiarios detidos e condenados, situación forestal dos bosques queimados...), unha exposición detallada e comprensible das partidas orzamentarias destinadas a prevención e extinción e o seu custe anual, contratos e convenios firmados pola administración, e toda a información relevante para que prime a absoluta transparencia na xestión pública dos incendios.

## **73. Dispositivo único e público de loita contra os incendios.**

Apostaremos por este procedendo a través dun único servizo público (o SPDCIF). Deste xeito, iranse eliminando todas as contratacións de persoal alleas a este servizo público. Así mesmo, de forma progresiva, a Xunta de Galicia iniciará a posta en marcha de Ofertas Públicas de Emprego que rematen coa precariedade laboral que sofre unha parte dos traballadores do SPDCIF.

## **74. A prevención debe converterse no eixe central da actuación pública.**

Para iso, os Distritos Forestais porán toda a atención no cumprimento das faixas e perímetros de seguridade no seu territorio de influencia así como nas tarefas de control de biomasa nos montes xestionados pola administración. A Xunta de Galicia realizará as modificacións legislativas necesarias para garantir o cumprimento deses obxectivos e activará todos os protocolos para que os titulares das infraestruturas de transporte (terrestre, ferroviario, eléctrico...) tamén os cumpran. Converter a prevención no eixe central da actuación pública requirirá a redefinición das funcións que cumpren os traballadores do servizo polo que a distribución dos tempo de traballo deberá facer fíncapé nas funcións de prevención e traballos forestais.

## **75. Bombeiros forestais.**

Recoñeceremos a categoría de bombeiro forestal aos profesionais da prevención e loita contra os incendios forestais. Para iso debe existir un proceso formativo anual posto en marcha tanto desde a Escola Galega de Administración Pública como da Academia Galega de Seguridade Pública. Contemplarase incluso a formación ao nivel internacional, no sentido de realizar prácticas no estranxeiro de algúns técnicos e tamén incluír aprendizaxe local de sistemas internacionais de extinción forestal.

## **76. Instauration do Día do Monte.**

Anualmente, a Xunta de Galicia realizará un acto público de recoñecemento dos labores de prevención e ordenación dos montes. Inserido dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental, a Xunta de Galicia recoñecerá o traballo individual ou colectivo realizado polos xestores do monte (propietarios privados individuais ou colectivos), organismos de investigación, traballadores ou servizos autonómicos, etc., para recoñecer e divulgar o labor de conservación e posta en valor do monte.

## **77. Colaboración entre e con propietarios privados.**

mediante a creación de figuras de colaboración e/ou promoción das figuras xa existentes para a posta en marcha de estratexias de colaboración entre propietarios privados: SOFOR, Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra, Asociacións de

Propietarios ou calquera outra forma de colaboración das contempladas na lexislación ou creación ou rescate de outras figuras (UXFOR). A Xunta de Galicia non debe centrar a atención nunha única figura: débese prestar apoio a todas as figuras de actuación conxunta que se desenvolvan.

## **78. Contrato voluntario coa propiedade.**

Alí onde a iniciativa privada non xestione o monte, a Xunta de Galicia debe actuar mediante o ofrecemento dun contrato voluntario coa propiedade, entendido como un instrumento financeiro a longo prazo para o fomento silvicultura, dos aproveitamento silvopastoris ou dos aproveitamentos diversificados do monte, sempre compatibles coa conservación da natureza. A Xunta de Galicia débese converter no principal axente de innovación e transformación da xestión do monte. Na actualidade xestiona máis do 15% da superficie forestal de Galicia. A intervención pública na xestión forestal, lonxe de verse como algo residual ou anacrónico, debe ser considerado un instrumento eficaz para o desenvolvemento económico de áreas rurais e a vertebración de amplas zonas de Galicia. Esta intervención pública debe ir máis alá das funcións de vixilancia e inspección. En todo caso, e en relación aos montes privados colectivos, a Xunta debe favorecer a xestión directa pola comunidade de todos aqueles MVMC que contan cunha comunidade constituída e con certa base demográfica.

## **79. Desenvolvemento e mellora do coñecemento e información do sector.**

De xeito urgente, a Xunta de Galicia debe promover, mediante o mellor aproveitamento dos recursos existentes, un servizo específico de estatística forestal que en cooperación co IGE, universidades e centros de investigación, e co sector privado, etc, permítase mellorar a información dispoñible e transmitila de xeito eficaz. Sen unha información completa e fiable do monte e do sector económico-industrial será máis difícil o desenvolvemento e revisión das estratexias e políticas forestais

## **80. Modelo de Consenso.**

Onde participen TODOS os axentes sociais, políticos e empresariais. Débese avanzar mediante un acordo nacional cos sectores implicados: propietarios, produtores, comercializadores, madeiristas, industrias, movementos sociais, grupos políticos e sindicais... para racionalizar e ordenar o monte cunha ampla perspectiva temporal. Considérase que debemos revertir a tendencia do gasto público, destinando progresivamente máis diñeiro á prevención e progresivamente menos a extinción.

## **81. Cambios na estrutura da Administración Forestal.**

Traballaremos para establecer unha clara separación entre a xestión dos distintos programas de control dos lumes forestais e os programas de xestión e ordenación forestal. Esta separación non excluírá a necesaria coordinación entre os dous ámbitos. Neste sentido, os Distritos Forestais deben ser reforzados como unidade fundamental da administración forestal, da xestión pública de montes e de interacción cos propietarios e comunidades de montes da súa área de actuación. Por outra parte, a coordinación entre distintos departamentos da Administración Autónoma debe permitir a simplificación dos trámites para obter os permisos e autorizacións das actividades a desenvolver no monte.

## **82. Axencia Galega de Montes Veciñais.**

Entendemos que os Montes Veciñais en Man Común son un axente fundamental para a nova política do monte. Por iso creárase a Axencia Galega de Montes Veciñais (AXEGAMONVE), cuxa función será a de promover e asesorar a acción das comunidades de montes, máis alá dun servizo de montes que desenvolva funcións administrativas. Os montes de veciños deben ser en grande parte das comarcas galegas o motor da nova política para o monte: deben ser tratados como un espazo de innovación agroecolóxica e social. Os montes veciñais en man común (MVMC) representan tamén unha oportunidade única para o desenvolvemento rural e para o exercicio da democracia participativa e desde abaixo. Son latifundios democráticos e un claro exemplo de outras institucionalidades das que beber á hora de repensar a Administración pública. Por iso, debemos potencialos como modelo de éxito na xestión do común. A Axencia Galega de Montes Veciñais (AXEGAMONVE) servirá para garantir que as Comunidades de Montes se podan autoxestionar, habilitará un servizo de consultoría legal, de xestión, de apoio a comunidades «envellecidas» e de axuda a comunidades novas; tamén fomentará o seu empoderamento mediante campañas de visibilidade e unidades pedagóxicas para dar a coñecer os MVMC nos centros educativos e ante a sociedade. A Administración mediará para que as comunidades que reclaman o seu monte expropiado podan recuperalo e impulsará un sistema mediante o cal partillar coñecemento (lexislativo, de xestión, agrogandeiro...) entre elas. Estudárase o marco xurídico que as rexe para avanzar na reformulación da Lei de MVMC e traballárase para que se lles aplique unha fiscalidade específica. Como consecuencia das medidas anteriores e dos consensos que se alcancen, todo elo inserido en estratexias máis amplas, como é a que se derive da Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático, a Xunta de Galicia modificará a Lei de Montes de Galicia.

## **83. Acordo nacional e nova Lei de Montes.**

O resultado final deste Acordo nacional de consenso para os vindeiros 60 anos sobre o novo modelo de aproveitamento do monte en Galicia, plasmarase nunha nova Lei de Montes de Galicia. Como principios básicos e marco para alcanzar ese acordo nacional de consenso para os vindeiros 60 anos sobre o novo modelo de aproveitamento do monte en Galicia, desde En Marea defendemos a reordenación dos aproveitamentos do territorio, o recoñecemento e protección das funcións ecosistémicas do e das súas funcións sociais, corresponsabilidade de todos os axentes no que se refire ao desenvolvemento do modelo de aproveitamento, fortes doses de innovacións social, profesionalización das tarefas silvícolas e emprego da mellor ciencia dispoñible.

## **84. Educación Ambiental.**

Este novo modelo debe chegar tamén ao ámbito educativo e social, e débese fomentar a Educación Ambiental a todos os niveis para promover na sociedade valores e comportamentos compatíbeis coa preservación do medio ambiente en xeral, e do monte en particular. O SPDCIF deberá xogar un papel importante nesta estratexia educativa.



**Fomento da Investigación, desenvolvemento e transferencia ao sector.**

Se ben é necesario e urgente diversificar os aproveitamentos do monte, a Xunta de Galicia non debe perder de vista que a produción de madeira é na actualidade unha compoñente central do Valor Engadido que produce o monte. Así, debe ser un obxectivo prioritario establecer liñas específicas de apoio á innovación na xestión forestal e na industria da madeira dentro da estratexia galega de I+D+i: investigación para mellorar a xestión sustentable do monte, análises de mercado e situación socioeconómica para o desenvolvemento do sector forestal, o maior coñecemento sobre a dinámica dos ecosistemas forestais e a interacción coas prácticas silvícolas, desenvolvemento de modelos de predición que aseguren unha optimización dos recursos na procura da multifuncionalidade, desenvolvemento de modelos que compatibilicen produción de madeira con aproveitamentos gandeiros, investigacións en novos produtos forestais (biomateriais innovadores, biocombustibles a partir de residuos forestais, obtención de compost a partir deses residuos) etc. A Xunta de Galicia, ademais, ten que exercer o papel de axente de transferencia de coñecemento entre os centros de investigacións e os xestores dos recursos do monte.

## O viño galego

As 5 denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, O Ribeiro e Valdeorras) constitúen un notable caso de éxito materializado nunhas cifras crecentes de exportación. Un sector cuxos progresos en materia de profesionalización e incorporación de coñecemento, tense materializado nun produto de elevada calidade. Consolidar os logros acadados e avanzar nun escenario internacional cada vez máis competitivo require de esforzos continuados en materia de comercialización, innovación, cualificación dos recursos humanos e sustentabilidade. En Marea propón as seguintes medidas específicas:

**86. Establecerase apoio técnico e económico para continuar cos procesos de reestruturación,** coa incorporación de castes autóctonas e establecendo marcos de plantación que permitan un axeitado cultivo, priorizando aqueles modelos de xestión respectuosas co medio ambiente.

**87. Incentivaranse e apoiaranse con recursos públicos aqueles procesos de reestruturación** mediante reagrupamento parcelario de xestión societaria ou cooperativa, que permitan salvagardar ou recuperar zonas de tradicional aptitude vitícola e permitan a xeración de postos de traballo ligados aos mesmos.

**88. As autorizacións para novas plantacións de viñado deben utilizar criterios de conservación dos recursos agrarios das comarcas vitícolas.**

En moitas comarcas trátase do único recurso para manter a paisaxe, o medio e a actividade económica, moitas veces converténdose nunha verdadeira viticultura heroica. Esta actividade permite manter a poboación no rural, contribúe ao comercio local e frea o éxodo da xente moza, sobre todo na Galicia interior.

**89. Revitalización (resurrección, realmente) da Mesa do Viño e o establecemento de Contratos Homologados.**

Estes contratos deben garantir prezos xustos e dignos. As explotacións produtoras de uva non poden depender dun mercado non regulado e moitas veces especulativo. A Xunta ten que promover e obrigar á interlocución entre as partes -producción -elaboración -comercialización e consumo, onde a parte máis débil sempre é o agricultor.

## Xestión pesqueira integral

A flota pesqueira de Galicia é a máis importante de España e de Europa pescando en augas comunitarias e internacionais, capturando unha enorme variedade de especies mediante artes de pesca moi diversas. No 2015 a flota galega estaba composta por 4.496 unidades (o 46% da flota española) e achegaban o 57% do valor dos desembarques nos portos españois cun valor de 900 millóns de euros, e un total de 11.426 tripulantes empregados. A explotación do mar no noso país tamén se entende á acuicultura, o marisqueo, a conserva e o naval, no total máis de 36.000 empregos directos e unha produción de 6.200 millóns de euros. O sector produtor de alimentos de orixe mariña incluíndo a conserva e procesado de peixe e marisco, os conxeladores e frigoríficos, a comercialización, o sector naval e todo o entramado de industrias auxiliares e provedoras, ten un peso equivalente ao do sector da automoción en Galicia. Entre 2008 e 2015 perdéronse case 500 barcos, unha caída que supón un 23% menos de capacidade pesqueira. A deixadez da Xunta de Galicia permitiu a permanencia de problemas que son xa reivindicacións históricas por parte do sector como o saneamento das rías ou a erradicación do furtivismo,

### 90. **Diálogo cos sectores do mar.**

Impulsaremos un modelo de co-xestión do sector pesqueiro, modelo que debe aplicarse á xestión dos recursos e á orientación da capacidade investigadora e tecnolóxica que Galicia ten. Revitalizaremos o Consello Galego da Pesca, para que sexa a canle de coordinación de todo o sector pesqueiro, dando entrada nel ás asociacións máis representativas do país e implicando ás universidades e aos centros de investigación.

### 91. **Derrogación do Plan do Cantábrico-Noroeste.**

O actual sistema de reparto de cotas está baseado nas capturas históricas dificultado, a innovación e prexudicando a aquelas flotas que máis apostaron pola sustentabilidade dos recursos. Instaremos ao Estado á derrogación do Plan do Cantábrico-Noroeste e procuraremos e esixiremos criterios de reparto e xustos, que se fundamenten na sostibilidade económica, social e ambiental.

### 92. **Fomentar o cooperativismo.**

A historia de sectores como o mexilloeiro, marcado historicamente por baixos prezos da produción, ten amosado que os mellores prezos se conseguen nos momentos en que o grao de unidade interna é maior. Non so iso, as estruturas organizativas (cooperativas, asociacións, etc) teñen fornecido solucións que permiten organizar a saída da produción logo de períodos de mareas vermellas, iniciativas que ofrecían garantías de cobro os produtores, etc. Nese sentido debe ser un elemento central da políticas da Consellería de Mar fomentar o fortalecemento organizativo e cooperativo dos produtores, tanto no caso do bateeiros, como no caso de outros sectores da pesca e o marisqueo.

### **93. Información veraz da etiquetaxe do mexillón galego.**

A Denominación de Orixe Mexillón de Galicia foi creada para axudar a poñer en valor o mexillón das nosas rías, sendo a única que legalmente pode empregar referencias á orixe galega do mexillón. Sen embargo, os dereitos dos produtores e dos consumidores están a ser continuamente vulnerados, empregando dita denominación para a venda de produto foráneo. Comprometémonos a apoiar á denominación galega, promocionándoa e poñendo maiores recursos para o control do etiquetado.

### **94. Reclamación dun status específico para as artes menores.**

A flota artesanal galega é un sector fundamental da industria pesqueira, unha particularidade que debe ser defendida e protexida polo impacto económico e ambiental, moito máis respectuoso que o resto de modalidades. Comprometémonos a reivindicar as súas particularidades e a reclamar ás institucións europeas un status específico para artes menores e a defender e incrementar o marco de competencia da Comunidade Autónoma para regular a actividade desta flota.

### **95. Combater o furtivismo.**

A presenza crecente de furtivos nas rías galegas e a extensión do fenómeno amosa o ineficaz das medidas adoptadas ate o momento para combatelo. Reforzamos os corpo e os sistemas de vixilancia e control do furtivismo, evitando a extracción e distribución dos seus produtos. En apoio disto levaremos a cabo unha mesa de control do furtivismo para a procura de estratexias comúns entre os distintos corpos de seguridade, autoridades portuarias e as confrarías.

### **96. Revisión do convenio bilateral de pesca España-Portugal.**

O convenio bilateral de pesca entre España e Portugal ten permitido que a flota española e a portuguesa operen baixo diferentes condicións técnicas. Dado que os regulamentos se fixan a fin de garantir a sostibilidade da actividade pesqueira, carece de sentido que sexa de aplicación so a unha parte dos que operan nun determinado caladoiro. Consecuentemente esixiremos unha estrita reciprocidade no conxunto das condicións operativas tanto en España como en Portugal e, en particular, en canto á prohibición de faenar durante a fin de semana en augas españolas.

### **97. Apostar pola formación.**

Actividades como a pesca artesanal ou o marisqueo están sometidas esixencias competitivas, regulamentarias, de xestión interna, de comercialización ou de sostibilidade que fan preciso incentivar e facilitar cursos de formación e actualización. Estas actividades de formación deben estar deseñadas de acordo as necesidades específicas e contexto existentes en cada confraría ou agrupación.

### **98. Restringir a transferencia de cotas.**

Os sistemas de xestión pesqueira apoiados en cotas transferibles, sea directamente ou tras os despezos de unidades de flota provoca a concentración da actividade en cada vez menos mans, favorecendo un sistema social e ecoloxicamente, cada vez menos sostible e permite facer negocios privados con dereitos públicos. Dende En Marea consideramos que as cotas deben reverter ao sector público si remata a actividade da empresa e, consecuentemente comprometémonos por apoiar a eliminación da mercantilización das cotas, particularmente en Plans como o do Cantábrico.

## 99. **Saneamento integral das rías.**

De acordo cun informe da Axencia Europea de Medio Ambiente, máis da metade das zonas de baño de España con mala calidade das augas atópanse en Galicia e o 87% das zonas de marisqueo presentan contaminación fecal (Intecmar). Este dato ilustra a persistencia dun problema que afecta ao potencial marisqueiro, pesqueiro, turístico e recreativo das nosas rías. Ante este problema, dende o goberno galego daremos prioridade a completar a rede de saneamento, renovar instalacións obsoletas, garantir o efectivo funcionamento das estacións depuradoras existentes, reforzar a actividade inspectora en instalacións públicas e privadas e reducir os puntos de vertido ilegais. Esixirémolle, ademais, ao Goberno do Estado, a revisión de oficio da autorización de prórroga da concesión de ENCE para viabilizar súa retirada da ría de Pontevedra en 2018. O goberno da Xunta, en colaboración co Administración local, dará cumprimento ao vixente Plan de Ordenación do Litoral (POL), asegurando a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación nos terreos actualmente ocupados por ENCE.

## 100. **Controis sanitarios sobre as importacións de moluscos para sementar nas rías.**

Moitos moluscos son depurados en circuíto aberto ou sementados sen ter en conta a presenza de organismos patóxenos, xa que non existe o suficiente control sanitario, podendo traer asociados patóxenos ou semente doutras especies inexistentes en Galicia. Ao efecto de garantir o equilibrio ecolóxico das rías e a sostibilidade das produción, comprometémonos a regular as importacións de moluscos foráneos ás Rías Galegas e garantir a aplicación de controis sanitarios exhaustivos á entrada de organismos vivos para sementa ou depuración en circuíto aberto.

## 101. **Apoiarse na mellor ciencia dispoñible.**

Galicia conta co principal sistema de ciencia mariña do estado, estando integrado por centros de investigación públicos e centros tecnolóxicos públicos e privados. Sen embargo, si ben a creación de coñecemento científico é notable, a transferencia dos resultados da investigación aos sectores produtivos e a súa aplicación a resolución dos problema do sector seguen a ser insuficientes. Consecuentemente comprometémonos a incrementar o esforzo para fomentar a investigación aplicada no sector e a transferencia de resultados. En particular:

- ▶ **Investir na innovación da industria transformadora dos produtos procedentes do mar** para aumentar a súa durabilidade, calidade, preservación e por tanto valorizalos, así como avanzar en las tecnoloxías alimentarias (envases en atmosfera protectora, etc...), contribuíndo así a fixar máis riqueza no territorio.
- ▶ **Mellora da identificación de especies a fin de garantir a súa correcta etiquetaxe e evitar fraudes ao consumidor.**
- ▶ **Fomentar colaboración entre empresa, industria, os sectores produtivos e o sector científico.** Dotar de medios económicos, técnicos e humanos, os centros de investigación dependentes da Xunta (Intecmar, CIMA,...) e apoiar a conversión do CETMAR nun verdadeiro centro tecnolóxico, a fin de darlles resposta a problemas coma as enfermidades que afectan aos recursos das Rías (acumulación de chumbo no *relojito*, *martellia* no berberecho, toxicidade da vieira por toxina, etc.), afrontar os problemas derivados do cambio climático (dende os desprendementos do mexillón derivados da temperatura da auga ao impacto que poida ter na produtividade primaria das rías), favorecer a sostibilidade das actividades, etc.

- ▶ **Facilitar o aumento da selectividade das artes de pesca:** se ben durante o últimos anos a selectividade das artes de pesca ten avanzado significativamente, este campo segue a ser un reto crítico a efectos de conciliar sostibilidade económica e social. Consecuentemente apoiaremos a mobilización de recursos científicos para mellorar a selectividade das artes de pesca.

## Turismo de calidade

A actividade turística constitúe unha importante vía de desenvolvemento e xeración de emprego e rendas para Galicia, que debe ter o seu reflexo unha nunha estrutura institucional axeitada. En particular, consideramos que a Axencia de Turismo de Galicia debe volver a ser un referente no estado, como o foi no seu momento Turgalicia, dotado de maior axilidade e capacidade de resposta aos retos do sector. A tal efecto consideramos que deben ser adoptadas as seguintes medidas:

### 102. Información para a toma eficaz de decisións.

Asegurar a dispoñibilidade de información necesaria para a adopción das políticas turísticas máis eficaces. A tal efecto resulta imprescindible potenciar a área de estudos e investigacións da axencia, desmantelada ao longo das dúas últimas legislaturas, atendendo tanto as necesidades globais do conxunto de Galicia, como desenvolvendo liñas de colaboración cos diferentes xeodestinos, a fin de adecuar á información aos produtos e mercados de cada un deles.

### 103. Turismo de calidade en todo o país.

Resulta necesario abordar a revisión da carteira de produtos turísticos de Galicia para establecer as directrices necesarias que permitan o desenvolvemento eficiente dos mesmos e a súa competitividade no marco internacional. Concretamente resulta necesario Traballar cara a un turismo de calidade a través do reforzo da comunicación a nivel nacional e internacional e da estruturación de produtos turísticos baseados nos excelentes recursos de Galicia (turismo cultural, de reunións, de natureza e rural, de balnearios, enolóxico, gastronómico, relixioso, Camiño de Santiago, deportivo, de eventos, etc. e continuar traballando con produtos para nichos de mercado concretos e rendibles como a observación de aves, xardíns, idiomático, turismo mariñeiro, etc) Así mesmo, é preciso establecer un primeiro chanzo da promoción dos destinos de interior mediante a súa promoción e incentivación no mercado interno. Facilitar que os galegos/as coñezan e gozen de Galicia mediante *short breaks*.

### 104. Corrixir a inconexión atlántica.

Ao longo do Atlántico, de Portugal a Noruega, existen elementos de un relato común, dunha cultura compartida, elementos de recoñecemento que facilitan a aproximación ás distintas culturas que forman esta área. Sen embargo, existe unha aínda escasa atención as demandas dos turistas desta área que debe ser especificamente corrixida.

### 105. Cooperar para avanzar.

Reforzar os mecanismos de diálogo e cooperación público-privados para acadar un desenvolvemento coherente e acompasado do desenvolvemento turístico, tanto a nivel destino, como mediante o Consello Galego de Turismo, como a través de iniciativas público-privadas específicas.

## 106. **Camión de Santiago.**

Crearemos unha oficina de xestión integral do Camión, a comezar polo Camión Francés, ao efecto de exercer tarefas de coordinación entre os diferentes órganos da administración competentes, favorecer o diálogo público-privado, incorporar coñecemento experto, e executar a supervisión ou coordinación de actuacións conxuntas. Revisaremos toda a lexislación galega aprobada en relación ao Camión de Santiago. Elaboraremos Plans de xestión, de protección e promoción dos camiños. Melloraremos os núcleos no Camión. Sendo os núcleos de poboación un dos criterios da autenticidade nos que se basea a declaración do Camión como Patrimonio Mundial, enténdese positiva a súa recuperación que é apoiada amplamente polos xestores públicos locais. Crearemos un observatorio dos camiños no marco da áreas de estudos da Axencia Turística de Galicia a fin de dispor de datos fidedignos de oferta, demanda, percepción da poboación local, impacto económico, etc. Recoñeceremos a aquelas empresas ou colectivos que, a través da súa labor ou servizos, contribúan a poñer en valor ou conservar a cultura ou os valores do Camión.



## Facenda galega para redistribuír e reequilibrar

É fundamental que os galegos e galegas sexamos os donos dos nosos cartos. Co financiamento autonómico propio reforzaremos o noso autogoberno, unha garantía de futuro para consolidar dereitos e liberdades, servizos públicos básicos e universais como a sanidade ou a educación. Apostaremos pola creación dun Fondo de Compensación Interterritorial que favoreza a aquelas comarcas e lugares con menos servizos e nos que exista unha maior demanda de prestacións sen cubrir pola administración galega.

### 107. **Financiamento autonómico.**

O control dos recursos tributarios xerados nun territorio é clave para promover un modelo de desenvolvemento propio. Galicia non pode renunciar a un novo sistema de financiamento se pretendemos construír un proxecto que proporcione solucións ás necesidades demandadas pola sociedade galega. Coa perspectiva da modificación do sistema de financiamento autonómico desde o goberno galego esixiremos unha maior autonomía financeira e plena capacidade normativa, de xestión, e co-responsabilidade fiscal sobre os impostos que soportan os suxeitos pasivos de Galiza. Este sistema incluírá competencias para regular o financiamento suficiente das entidades locais. Habilitaremos mecanismos de reequilibrio territorial, e unha maior simplificación dos fondos de solidariedade existente, ademais da creación ou incluso a recuperación dunha ferramenta (Fondo de Compensación Interterritorial) que promova unha converxencia real entre as diferentes comunidades autónomas. Deseñaremos, o fío, unha nova fórmula de cálculo das necesidades de gasto para Galicia.

## Unha fiscalidade xusta para unhas finanzas transparentes

Apostamos por unha fiscalidade na que cadaquén aporte en función dos seus ingresos. Derrogaremos o canon da auga e crearemos unha fiscalidade verde na que se graven aquelas prácticas que sexan nocivas en contra do medio natural do noso país.

### 108. **Fiscalidade.**

Revisaremos o mínimo exento do imposto de patrimonio que pasará de estar en 700.000 € a 500.000 €. Acometeremos unha revisión das deducións do IRPF, toda vez que as vinculadas a condicionantes persoais están ligadas a unha base imponible de 22.000, cando o salario medio en Galicia é inferior. Derrogaremos o canon da auga para uso doméstico, en consonancia coa demanda de derogación da actual lei de augas. Crearemos unha fiscalidade verde que grave, para desincentivar, as accións que agredan o medio ambiente, en particular se reforzarán os gravames sobre a contaminación atmosférica e sobre o dano ambiental da auga encorada. Crearemos un Imposto Especial de Solidariedade para Altos Ingresos.

### 109. **Democracia municipal e financiamento.**

As transferencias niveladoras que reciben as administracións municipais teñen basicamente dous obxectivos. Por unha banda, contribuír, xunto cos ingresos municipais, á suficiencia financeira dos concellos respecto das súas obrigas. Por outro lado, deben garantir que toda a cidadanía ten igualdade de acceso aos servizos á marxe do seu lugar de residencia. No caso da Xunta de Galicia estas transferencias canalizaranse a través do Fondo de Compensación Local.

Non obstante, nalgunhas ocasións estas transferencias, lonxe de poder cumprir a súa función niveladora, son empregadas para compensar unha falta de esforzo fiscal local. É dicir, algunhas corporacións financian a súa popularidade con recursos alleos, impedindo a efectiva subsanación dos atrancos estruturais que limitan o desenvolvemento. Así vemos como cada ciclo electoral os partidos no goberno incrementan o financiamento autonómico a aqueles concellos afíns que non asumiron a súa responsabilidade fiscal, nun espectáculo de insolidariedade e pobreza democrática.

Consideramos que cada concello debe ser quen de elixir a combinación de prestacións e responsabilidades que estime máis acaidas a súa estratexia política e que corresponde ao goberno autonómico garantir que isto se produza baixo criterios equitativos, xustos e democráticos. A tal efecto propoñemos a adopción das seguintes medidas: en primeiro lugar, vincular as transferencias económicas á verificación de que os concellos teñan realizados uns esforzos para dotarse de recursos propios equiparables aos do seu entorno. En segundo lugar, establecer criterios transparentes de asignación dos fondos e, en terceiro lugar, o Parlamento e o Goberno Galego obrigarán aos concellos beneficiarios a xustificar a oportunidade e rendibilidade social das subvencións outorgadas.

## Crédito e Banca Pública

A rixidez e restricións que sofren as pequenas e medianas empresas (PEME) en Galicia supón un grave problema para o desenvolvemento económico da nosa comunidade. Entre as causas que dan lugar a esta situación podemos sinalar que os períodos de cobro das facturas son demasiado altos (80 días de media en Galicia no 2015), o que dificulta a posibilidade de facer previsións de tesourería efectivas, o que supón un problema para os bancos á hora de avaliar a capacidade da empresas para devolver o diñeiro prestado. O mesmo ocorre cunha lei concursal que na que o resultado da suspensión de pagos para os e as acredores é imprevisible. Así mesmo, conséntase que unha parte das empresas carece de coñecementos e/ou formación suficiente para realizar unha boa planificación financeira.

Por outro lado, Galicia non posúe ningunha entidade financeira propia que teña en conta as características e particularidades do país, e que teña o seu centro de decisión no territorio. Esta situación é consecuencia do proceso de eliminación das caixas galegas, a súa posterior bancarización e intervención, así como o conxunto da reestruturación do sistema financeiro en todo o Estado. É imprescindible dotármolos de ferramentas bancarias con capacidade para xerar crédito e avaliar e apostar por proxectos. Integraremos os organismos actuais de crédito público – Igape, Afigal, Sodiga, Xes Galicia...– sentando as bases da formación dunha Banca Pública Galega que estea, unicamente, ao servizo dos intereses da cidadanía.

### 110. Banca Pública galega.

As pequenas e medianas empresas galegas teñen enormes dificultades para acceder ao crédito, tanto polos elevados tipos de xuro como polas altas esixencias das entidades bancarias á hora de conceder un préstamo. A Xunta dispón de ferramentas –como son o Igape, Sodiga ou Afigal– para facer fronte a esta situación, pero a fragmentación das liñas de axuda, así como o baixo volume de fondos, non propicia o seu aproveitamento. Proxectamos desenvolver unha oferta con capacidade para avaliar técnica, económica e financeiramente os diversos proxectos bancarios, atendendo especialmente ás necesidades que non cobren os grandes intermediarios financeiros. Con ese obxectivo, poremos en marcha un Instituto Galego de Crédito que contribúa a reactivar os fluxos crediticios ás PEMEs, impulse a actividade produtiva e sente as bases para a creación final dunha Banca Pública Galega.


### 111. Unha administración cumpridora.

Reforma do protocolo de pagos a provedores a fin de dar certeza, transparencia e fiabilidade aos procesos e períodos de pago da administración autonómica e dos organismos e axencias dependentes dela, garantido tanto o cumprimento da lexislación vixente, como as medidas de autorregulación sobre o pago. Revisión do protocolo de apazamento de débedas a administración autonómica naqueles casos en que a falta de liquidez en empresas viables sexa crítica para a supervivencia da empresa.

## **112. Impulsar as reformas estatais necesarias.**

Impulsaremos aquelas reformas no ámbito de competencia estatal que contribúan a destrabar a vida económica da PEME. Neste sentido, cabe citar a necesaria reforma dos concursos de acredores, a fin de facilitar o acceso das pequenas empresas en dificultades aos concursos, simplificando os procedementos e reducindo os enormes custos actuais. Conectado con isto, cómpre abordar o concepto de «xustiza gratuita», tamén para as empresas familiares. Así mesmo, cómpre revisar a lei de segunda oportunidade, xa que na práctica resulta completamente ineficaz e non permite a emerxencia de novo da actividade das e dos emprendedores. En particular, é necesario revisar o papel das débedas coas administracións públicas. Tamén afondaremos na regulación do sector bancario a fin de limitar abusos en forma de xuros disimulados mediante comisións e servizos asociados a impagados, devolución de efectos e demora en cotas.

# Todos os servizos para todas as persoas



Desenvolver todos os servizos para toda a xente como pilar fundamental dunha sociedade rica e solidaria. O noso goberno terá como obxectivo fundamental a xustiza social e o benestar de todas as persoas. Un goberno que vai estar ao carón de quen máis o necesite, que vai garantir a dignidade e a igualdade. Un goberno que sabe do lado de quen ten que estar, da súa xente, da xente que co seu esforzo traballa todos os días por un país xusto.

Un goberno galego que vai rescatar a sanidade pública fronte os gobernos do PP que pretenden convertela nun privilexio. Un goberno que sabe que a educación de calidade é o único camiño para termos un futuro digno. Un goberno que non vai aforrar en benestar, que centrará o seu esforzo na recuperación e na superación das actuais políticas sociais. Un goberno que sementará futuro, que facilitará a maternidade e a paternidade. Un goberno que loitará por conquistar a igualdade, que respectará todas as diversidades e que as colocará como base fundamental da nosa cidadanía. Un goberno que non dubide e que loite contra todo tipo de pobreza, que coopere, que sexa solidario, que teime en sermos un país de todas e todos e para todas e todos, independentemente da nosa procedencia.

Un goberno dos máis, que traballe para construír un país mellor, que acompañe a súa xente e sexa quen de desenvolver todos os servizos para todas as persoas. Un goberno da dignidade para un país en común.

## Rescatar a sanidade pública galega

Todas as persoas que viven en Galicia, independentemente da súa situación administrativa, deben ter acceso á saúde pública de xeito gratuito. Este é un dereito fundamental que debe ser garantido e protexido, así que En Marea traballará para que non volva ser vulnerado. Apostaremos pola cancelación e revisión dos procesos privatizadores da sanidade, incluíndo tamén a derivación de pacientes á sanidade privada. Dignificaremos a profesión rematando coa precariedade laboral, como elemento fundamental que garanta a atención sanitaria de toda a cidadanía. Apostaremos pola mellora da Atención Sanitaria e polo establecemento de medidas concretas que limiten as listas de espera. Garantiremos a transparencia na xestión do SERGAS.

### **113. Derrogación da Lei de racionalización do sector público.**

Derrogaremos a Lei 14/2013 de Racionalización do sector público, que abre o paso á privatización da xestión da estrutura docente do SERGAS, transplantes, sangue e tecidos. As competencias das axencias que constitúe ese texto legal quedarán integradas na rede pública.

### **114. Reverter as privatizacións do Sergas. Devolución do Novo Hospital de Vigo.**

Levaremos a cabo unha auditoría interna para coñecer a situación da totalidade das privatizacións no SERGAS. Estudaremos as posibilidades económicas, legais e administrativas para a súa reversión. En función dos resultados, estableceremos unha planificación para poder acometelas en orde de prioridade e capacidade. Non levaremos a cabo ningunha nova privatización de servizo sanitario público. No caso do Novo Hospital de Vigo, o Álvaro Cunqueiro, comprometémonos a traballar para lograr a súa devolución íntegra ao SERGAS, toda vez que existen incumprimentos flagrantes dos pregos de contratación e do financiamento.

### **115. Plan Urxente para Abordar as Listas de Espera.**

Dende En Marea apostamos por unha sanidade ao alcance de todas e todos, pública e de calidade. Neste senso, é necesario poñer en marcha un *Plan Urxente para Abordar as Listas de Espera* que contemple a utilización racional dos recursos do sistema público e abandone as actuais políticas de derivación cara a centros concertados, que unicamente promoven o enriquecemento de empresas privadas. Igualmente, modificaremos a *Lei de Garantías Sanitarias*, que favorece o transvase de pacientes cara ao sistema privado, e publicaremos as listas de doentes en agarda, incluídas tamén as non estruturais, que o Goberno de Alberto Núñez Feijóo mantén ocultas na actualidade.

### **116. Dignificar a Atención Primaria.**

O servizo de Atención Primaria é o primeiro chanzo entre a cidadanía e a institución sanitaria. Dignificaremos este primeiro elo sanitario fronte ás Xerencias de Xestión Integrada, que supeditaron este servizo aos hospitais. Desenvolveremos un plan para planificar as necesidades de novos centros de saúde no que se incorporará unha previsión de reformas nos mesmos. Aceleraremos o traspaso de competencias ao

SERGAS en relación ao mantemento dos centros de saúde que teñan presentada toda a documentación e dialogaremos cos concellos para facilitar o proceso naqueles que non tivesen completados os trámites. Poremos en marcha un verdadeiro programa de prevención e promoción da saúde con actividades en colaboración coas Consellerías de Servizos Sociais e Educación e con diversas entidades. Na atención primaria e na especializada non urxente garantiremos o acceso universal, toda vez que seguiremos reclamando a derogación do RD 16/2012 ao Goberno Central.

### **117. Volver a un sistema sanitario realmente universal.**

A sanidade é un dereito de todos e de todas e como tal corresponde a todos os colectivos da poboación. Por iso, devolveremos este dereito a todas as persoas que quedaron excluídas nos últimos anos e recuperaremos a universalidade da atención sanitaria para todas as persoas que a precisen en territorio galego. Reinstauraremos a interlocución perdida con todas as entidades que traballan con persoas en risco de exclusión social, ao fin de garantir un acceso normalizado á asistencia sanitaria. Levarase a cabo unha política activa de seguimento, detección e corrección desta e outras causas de exclusión do sistema sanitario.

### **118. Acabar coa precariedade na Sanidade Pública. Plan de RRHH.**

Crearemos novas prazas no Sergas para iniciar a recuperación dos postos de traballo suprimidos nos últimos anos. Para iso, avaliaremos as necesidades asistenciais reais, ao fin de definir os cadros de persoal, garantindo a estabilidade laboral e acabando coa precariedade que presenta o sistema. Planificaremos as Ofertas Públicas de Emprego de xeito progresivo durante a lexislatura. Prestaremos especial atención á aplicación da *Lei de Incompatibilidades* para acabar coa duplicidade de postos de traballo nos sistemas público e privado, algo que só favorece a desigualdade e o crecemento irracional das listas de espera. Aplicaremos esa Lei tanto para o persoal con praza en propiedade como en interinidade, con especial fincapé nas xefaturas de servizo e postos de xestión e dirección, e tendo en conta as posibles excepcionalidades no caso de persoal eventual ou a xornada parcial.

### **119. Melloras na atención e fin do peche de camas nos hospitais galegos.**

Os constantes recortes aplicados no sistema sanitario galego veñen provocando un considerable déficit na atención ás persoas doentes, que son as que sofren a non reposición das xubilacións ou do persoal de vacacións. Eses recortes tamén se traducen no peche de camas nos períodos estivais. Este ano, entre mediados de xullo e mediados de setembro na área sanitaria de Santiago pecháronse case 250 camas, na da Coruña foron 200, e outras tantas quedaron inutilizadas na área sanitaria de Vigo. Levaremos a cabo as medidas necesarias para evitar o peche de camas que ten sobreesaturado os centros de atención médica galegos e empeorado a atención, garantindo a reposición completa do persoal xubilado ou de vacacións.

### **120. Reformas e ampliacións nas estruturas de atención hospitalaria.**

Os hospitais públicos galegos veñen sendo dotados de Plans Directores cheos de medidas que nin se cumpriron nin se dotaron de orzamento. Dende En Marea revisaremos estes documentos para planificar as reformas ou ampliacións necesarias nas estruturas de atención hospitalaria. Polo seu estado actual, consideramos prioritarias a ampliación do Hospital de Montecelo e a reforma do Hospital Arquitecto

Marcide de Ferrol. Tamén remataremos as actuacións no Hospital de Salnés e no Hospital de Ourense que o Partido Popular deixou sen finalizar. Ademais, estudaremos en detalle e en colaboración coas e cos profesionais, a situación dunha área sanitaria de Vigo que a día de hoxe está completamente desorganizada.

## **121. Unha Sanidade con perspectiva de xénero.**

O sistema sanitario galego require ser abordado desde unha perspectiva de xénero, tanto na planificación como na xestión dos seus recursos. Para iso, desenvolveremos de xeito realista e con recursos suficientes os Plans de Saúde das Mulleres. Traballaremos de forma activa para que a sanidade pública contribúa a corrixir as desigualdades de xénero desde todos os eidos, prestando especial atención ás demoras na atención ás mulleres no que atinxe a anticoncepción e sexualidade. A nosa aposta é dotar de dignidade e autonomía os tratamentos específicos destinados ás mulleres para que, por exemplo, ningunha paciente que interrompa unha xestación sexa derivada a outro sistema sanitario, como está a ocorrer en Galicia baixo o mandato de Núñez Feijóo. Tamén promoveremos unha maior humanización da atención perinatal.

## **122. Evitar as derivacións á Sanidade Privada.**

Traballaremos co obxectivo de prescindir dos concertos sanitarios a medio-longo prazo. Ata que o academos, calquera derivación estará debidamente xustificada e será auditada periodicamente. Tamén levaremos a cabo unha auditoría no caso dos concertos singulares, maiormente o de POVISA, para coñecer o seu custo e como se teñen empregado os fondos públicos. Mentres ese contrato siga en vigor, esixirémolle á empresa as mesmas condicións e ratios de persoal da sanidade pública. Revisaremos o actual modelo de colaboración público-privada, que puxo en mans de laboratorios, empresas tecnolóxicas e fondos de investimento recursos estratéxicos para o noso sistema sanitario. Derrogaremos a Lei de Racionalización do Sector Público, que abre o camiño á privatización da xestión da estrutura docente do SERGAS, os transplantes e os bancos de sangue.

## **123. Máis transparencia, información e participación no sistema sanitario.**

Os centros de saúde públicos precisan dun novo modelo organizativo, que pasará pola recuperación da xerencia directa da atención primaria e pola integración dunha xerencia de saúde pública. As dúas traballarán de xeito coordinado, nun sistema máis participado e no que o persoal sanitario contribuirá á toma de decisións. Garantiremos a transparencia na xestión dos recursos impedindo que os datos sanitarios da poboación sexan utilizados polas multinacionais, e elaborando un Diagnóstico da Situación do sistema. Os centros sanitarios publicarán unha memoria anual dando conta de recursos, actividades e resultados. Democratizaremos o sistema sanitario, fomentando os Consellos de Saúde e mellorando a interrelación coas Asociacións de Doentes.

## **124. Saúde Bucodental.**

Estudaremos a necesidade de ampliación do número de Unidades de Saúde Bucodental.

Dotaremos ás USB de protocolos sanitarios de actuación feitos coas e cos profesionais.



Na atención ás mulleres xestantes ampliarase a cobertura ás limpezas dentais e obturacións. Ampliaremos a cobertura para que as persoas con diabetes, cancro, transplantadas e outras enfermidades graves teñan dereito á profilaxe dental. Estudaremos a ampliación ao resto da poboación adulta desta prestación, planificando os recursos necesarios para este fin.

## **125. Creación dun sistema centralizado de compra de medicamentos.**

Segundo datos do Ministerio de Sanidade, o gasto farmacéutico en Galicia foi de 343 millóns de euros no primeiro semestre de 2016, seis millóns de euros máis que no mesmo período de 2015. É preciso mudar esas cifras, e por iso audicaremos a orixe dese elevado gasto e reducíremolo, pero non a costa da cidadanía como fixo o Partido Popular. Dende En Marea crearemos un sistema centralizado de compra de medicamentos, estudaremos a posibilidade de iniciar a produción pública de xenéricos, e fomentaremos a investigación sanitaria. A comercialización de novos medicamentos terá que basearse na evidencia científica: retiraremos as actividades de publicidade comercial farmacéutica nos centros públicos (visitadores/as), e esixiremos ás farmacéuticas datos sobre as posibles remuneracións ou agasallos realizados a quen prescribe medicamentos na sanidade pública, en aras da súa eliminación.

## **126. A Saúde Mental, un servizo público para toda a poboación.**

Galicia debe superar o modelo sanitario do PP, que esqueceu as políticas de Saúde Mental. Traballaremos coas e cos profesionais sanitarios nun novo Plan Galego de Saúde Mental que garanta o servizo universal, e ata a súa aprobación poremos en marcha as medidas urxentes precisas. Priorizaremos a integración no Sergas da atención e prevención das drogodependencias e condutas aditivas; a atención ao Trastorno Mental Grave e á saúde mental infanto-xuvenil, creando unha nova unidade de hospitalización no sur de Galicia. Aumentaremos a dotación de persoal das unidades de saúde mental e dos hospitais de día, especialmente psicólogas e psicólogos clínicos. Estudaremos a situación das persoas trasladadas desde os antigos manicomios a residencias de persoas dependentes, coordinaremos os departamentos de saúde mental cos servizos de Atención Primaria, e definiremos un Plan Galego de Prevención e Atención ao Suicidio.

## Educar con calidade para termos futuro

Xogámonos o futuro do país na educación. Os galegos e galegas precisamos un sistema de educación pública integral, que garanta o noso benestar e que sexa un investimento de futuro nos nenos e nenas de hoxe. Remataremos coa política de recortes impulsada polo Partido Popular, partindo da derogación da LOMCE e da eliminación do copagamento, que nestes momentos de emerxencia social afectan precisamente a aquelas familias que peor o están a pasar. Recuperaremos os postos de traballo perdidos durante estes anos, xa que a masificación do ensino limita a súa capacidade de ascensor social. Ademais, auditaremos aos centros privados e concertados que durante os últimos anos recibiron financiamento público.

### **127. Suspensión do calendario de aplicación da LOMCE de maneira negociada coa comunidade educativa.**

Mentres non se acade a derogación da LOMCE e se aproba unha nova lei de educación, acordarase coa comunidade educativa e no marco do Consello Escolar de Galicia a suspensión do seu calendario de aplicación, incluíndo as reválidas, e o desenvolvemento de medidas que garantan a estabilidade do sistema educativo. Estableceremos un clima de confianza institucional baixo o compromiso de interlocución activa coa comunidade educativa e a activación dos mecanismos de participación na toma de decisións. Comprometémonos coa defensa dun ensino laico, e coa adopción de medidas que posibiliten avances nesa liña.

### **128. Reverter os recortes en educación e aumentar progresivamente o orzamento.**

Incrementarase a porcentaxe dedicada a educación nos orzamentos anuais da Xunta ate acadar o 7% do PIB ao remate da lexislatura. Restablecerase a gratuidade dos libros de texto e outros materiais curriculares a través dun programa de préstamo. Restituirase a gratuidade no servizo de comedor naqueles centros do rural nos que o alumnado non teña garantida a posibilidade de xantar na súa casa. Acometerase unha diagnose sobre a situación dos centros educativos para elaborar un cronograma debidamente orzamentado de rehabilitación, reparación e mantemento dos centros escolares ao longo da lexislatura.

### **129. Recuperación progresiva dos postos de traballo en educación e planificación racional da oferta de emprego público.**

Recuperaremos os postos de traballo perdidos durante estes anos, para que as condicións de desenvolvemento do ensino non limiten a súa capacidade de ascensor social. Ademais, auditaremos aos centros privados concertados que durante os últimos anos recibiron financiación pública.

Planificación da oferta de emprego público ao longo da lexislatura a partir dunha diagnose que considere as previsións de matrícula, así como as xubilacións, e que responda ás necesidades dos centros educativos públicos. Comprometémonos á redución das ratios, á flexibilización do tamaño dos grupos, a mellora da atención á diversidade, á implementación e reforzo de programas innovadores, á atención educativa no rural, etc. A administración galega demandará tamén do Goberno estatal a derogación da taxa de reposición e, entretanto, procurará unha aplicación o menos restritiva posible.

### **130. Conxelación dos concertos e auditoría sobre a concertación educativa.**

Dende En Marea comprometémonos á conxelación dos concertos con colexios privados e a levar a cabo unha auditoría que nos permita ter unha diagnose completa dos existentes nos distintos niveis do sistema educativo. Así mesmo, faremos un completo e esixente seguimento para fomentar a igualdade de oportunidades no acceso e desenvolvemento da escolarización, e para garantir o respecto ás condicións laborais do profesorado. Comprometémonos a non renovar os concertos naqueles centros onde non haxa oferta pública suficiente ou a aqueles que segreguen ao alumnado por sexos.

### **131. Atención específica aos servizos complementarios desde parámetros de calidade e de equidade social.**

Promover de maneira progresiva a xestión pública directa de todos os servizos complementarios do ensino público. Os servizos de comedor, transporte e actividades extraescolares deben ter unha cobertura suficiente baixo parámetros de calidade contrastada. No caso dos comedores priorizáranse as alternativas que garantan a calidade nutricional e sanitaria. No caso do transporte escolar, introduciranse criterios de maior racionalización no seu uso. A aspiración á gratuidade universal destes servizos debe apoiarse na profunda revisión do réxime de fiscalización actual, evitando fórmulas de «copago».

### **132. Compromiso coa recuperación e a proxección da lingua e da cultura galegas no ámbito educativo.**

Derrogaremos o actual decreto e elaboraremos de forma consensuada coa comunidade educativa unha nova normativa de promoción do idioma galego no ensino que teña como punto de partida o PXNLG de 2004, ou o futuro plan director de lingua. Reforzaremos a elaboración de materiais e recursos didácticos de calidade en galego, diversificados e actualizados para as distintas etapas educativas, con especial atención á FP e ás accións a desenvolver na etapa infantil. Recuperaremos o investimento en accións normalizadoras, poñendo en valor o traballo dos Equipos de Normalización Lingüística. Dende En Marea queremos apostar pola formación do profesorado, a implicación da comunidade educativa e o traballo en rede con outros actores sociais, dotando de recursos TIC á nosa educación pública.

### **133. Impulso á competencia multilingüe baixo enfoques adaptados á nosa realidade sociolingüística.**

Deseñaremos proxectos lingüísticos que garantan a competencia multilingüe, de tal forma que se adapten ás características dos centros escolares e a súa contorna: proxectos integrados de linguas, cambios metodolóxicos na ensinanza, desdobres de grupos, etc. Poremos en práctica programas bilingües e multilingües orientándoos ao alumnado e evitando que sexan usados para o seu empobrecemento científico ou para minimizar a presenza da nosa lingua no currículo académico. Estamos comprometidos coa formación do profesorado e o apoio e asesoramento por parte da inspección educativa. Levaremos a cabo un esforzo sostido na promoción do portugués como segunda lingua estranxeira optativa na xeneralidade dos centros de educación secundaria.

### **134. Atención específica ás necesidades educativas do rural.**

Impulsaremos un marco legislativo específico para o subsistema educativo no rural, especialmente no que atinxe aos requisitos mínimos dos centros, á súa estrutura organizativa e á normativa de funcionamento. Poremos en marcha medidas inmediatas que poñan en valor o modelo de escola rural e que revertan o desmantelamento que vén padecendo nas dúas últimas lexislaturas no marco dun Plan Estratéxico para o Desenvolvemento do Medio Rural Galego.

### **135. Extensión da atención educativa á primeira infancia.**

Considerando a Educación Infantil (0-3 anos) como etapa educativa, incorporaremos a ás competencias da Consellería de Educación. Ampliaremos de forma progresiva a oferta de prazas públicas. Levaremos a cabo programas concretos para a atención específica das necesidades formativas das familias e para o fornecemento de servizos comunitarios para a infancia.

### **136. Replanteamento progresivo da oferta de FP: reforzo da oferta pública e planeamento territorializado.**

Revisaremos a oferta de Formación Profesional baixo criterios de reforzo dunha oferta pública e de calidade acorde coas necesidades do país e planificada territorialmente. Con ese fin, contaremos coa participación dos actores sociais e do tecido empresarial para servir de axente de desenvolvemento. Priorizarase a oferta pública nos ciclos con máis demanda da FP, evitando que a maioría da oferta nalgúns deles se sitúe exclusivamente nas cidades. Promoveranse actuacións que favorezan opcións máis equilibradas no xénero, favorecendo que as alumnas cursen opcións tradicionalmente masculinas (como mecánica) e viceversa.

### **137. Pulo a igualdade de oportunidades na formación postobrigatoria.**

Dende En Marea queremos garantir a igualdade de escolla formativa postobrigatoria para todo o alumnado. Con este obxectivo, ampliaremos de forma progresiva a oferta educativa e desenvolveremos unha oferta de bolsas que garantan ao alumnado non urbano as mesmas oportunidades para acceder ás diversas modalidades de BAC ou ciclos formativos de FP.

### **138. Articulación dunha estratexia institucional en rede para unha mellor coordinación dos centros educativos na súa contorna sociocultural.**

Promoveranse accións coordinadas entre os centros educativos e os servizos sociais dos concellos para combater a vulnerabilidade social relacionada coa inmigración, a clase social, a diversidade funcional ou a orientación sexual. Elaboraremos un Plan Experimental que contemple a incorporación de novos perfís profesionais aos centros educativos, do obxectivo de reforzar os plans de convivencia, mellorar a atención ás diversidades e a coordinación cos axentes educativos da contorna.

### **139. Compromiso coa prevención do fracaso e o abandono escolar.**

Elaboración e desenvolvemento dunha Estratexia de Prevención do Fracaso e o Abandono Escolar desde etapas temperás garantindo os cadros de persoal necesarios para posibilitar desdobres, apoios, agrupamentos flexibles e outras medidas inclusivas que aseguren unha atención individualizada. Potenciaremos as vías de colaboración cos concellos, as universidades e con organizacións do terceiro sector.

#### **140. Aposta por unha educación de calidade para as persoas adultas.**

O goberno galego reforzará de xeito progresivo a rede de centros de Educación de Persoas Adultas (E.P.A) para atender á demanda en todos os niveis e modalidades (presencial, semipresencial e a distancia). Promoveranse accións formativas de carácter interxeracional a través de proxectos concretos que fomenten o traballo en rede cos concellos, as universidades e outros actores sociais.

#### **141. Estratexia transversal para que a atención ás diversidades atenda os parámetros dunha escola inclusiva.**

Desenvolveremos de forma efectiva unha normativa en materia de atención ás diversidades, acompañadas dunha formación docente de calidade e da atención específica de profesionais cualificados. Favoreceremos os desdobres de aulas e a presenza de profesorado de apoio na aula ordinaria. Desde En Marea revisaremos a regulación das ratio escolares nas diversas etapas do sistema educativo, flexibilizando o tamaño dos grupos segundo necesidades. Deseñaremos unha serie de protocolos e medidas de atención ás diversidades en situacións particulares como a atención hospitalaria e domiciliaria, así como o seguimento da súa aplicación.

#### **142. Compromiso coa convivencia en igualdade e a coeducación no ámbito da formación docente, as propostas curriculares e os recursos educativos.**

O noso obxectivo pasa polo desenvolvemento dunha coeducación transversal, presente en todas as materias e etapas, que recoñeza as contribucións das mulleres ás ciencias, á historia e ás artes. Prestaremos especial atención á formación en igualdade e contra as violencias machistas nos plans de formación do profesorado. Reforzaremos a perspectiva de xénero nos plans de convivencia dos centros e noutras iniciativas curriculares. Para atender a diversidade afectivo-sexual garantiremos que en todos os centros exista profesorado con formación suficiente. Traballaremos co colectivo LGTBIQ+ establecendo vías de acompañamento e proporcionando recursos.

#### **143. Estudo, e, no seu caso, revisión dos tempos escolares e dos calendarios académicos.**

Promoverase un proceso de estudo e, no seu caso, revisión dos tempos escolares e dos calendarios académicos baixo criterios respectuosos coas necesidades do alumnado e coa conciliación familiar. Evitarase que as actividades externas de reforzo educativo supoñan unha sobrecarga para o alumnado e acentúen as desigualdades.

#### **144. Aposta decidida pola formación do profesorado e o desenvolvemento profesional.**

A formación e o acceso á función docente son obxecto dun debate social que reclama o seu estudo e revisión consonte os novos retos educativos. Estableceranse medidas a prol da estabilidade laboral que faciliten o compromiso do profesorado con iniciativas asociadas a unha maior calidade educativa. Fixaranse mecanismos de coordinación entre a formación inicial e a permanente, na procura dun traballo en rede sobre a formación e a investigación educativas entre as institucións formadoras e a administración. Reduciranse progresivamente as circunstancias docentes relacionadas coas 'materias afíns'.

#### **145. Promoción da innovación educativa e o traballo transversal e colaborativo nos centros educativos .**

Favorecerase a participación dos centros en proxectos de innovación educativa nunha perspectiva de protagonismo do alumnado na súa aprendizaxe e de inserción no contorno. Reforzarase e coordinarase a oferta de programas de innovación educativa, actualmente asociados ao Programa Proxecta, mellorando as posibilidades de traballo en rede. Incentivarase a incorporación progresiva dos centros educativos ao Plan de mellora de bibliotecas escolares activando medidas de apoio que garantan de maneira estable o labor da biblioteca como espazo transversal e impulsor de proxectos compartidos de aprendizaxe. Apoiaremos de forma decidida a incorporación das accións de aprendizaxe-servizo promovidas desde as universidades en relación co ámbito educativo. Reforzarase e coordinarase a oferta de programas de innovación educativa incentivando as posibilidades de traballo en rede.

#### **146. Revisión dos marcos curriculares de referencia para as diferentes etapas educativas baixo perspectivas innovadoras.**

Revisaremos os actuais decretos curriculares mediante procedementos de reflexión e debate, acompañados de suficiente soporte técnico e institucional buscando un proxecto cultural propio definido, compartido e adaptado ás necesidades persoais e sociais reais. Recuperarase un horario lectivo suficiente para materias como Música, Educación Plástica e Visual, Filosofía e Educación para a Cidadanía, que afectan a formación integral do alumnado, e que foron desprazadas pola LOMCE, contradicindo as recomendacións da UNESCO sobre a formación do alumnado en calquera parte do mundo.

#### **147. Aposta por unha nova orientación no deseño, selección e utilización dos materiais educativos.**

Facilitaremos o traballo docente na elaboración e selección de recursos educativos ofrecendo tempos, espazos e formación para a elaboración ou adaptación de materiais impresos e dixitais. Impulsaremos ferramentas de creación e adaptación libres, cooperativas, motivadoras, facilmente adaptables e deseñadas respectando os parámetros de accesibilidade web. Estudaremos a posibilidade de que os centros poidan xestionar directamente a adquisición e elaboración de materias curriculares adaptados ao seu proxecto educativo e estableceremos un marco de colaboración co sector editorial que sente as bases para a edición de libros de texto e outros materiais didácticos acordes coas necesidades do sistema educativo.

#### **148. Promoción e reforzo de competencias asociadas a alfabetización dixital e a educomunicación.**

As esixencias da chamada «sociedade da información» reclaman unha formación que capacite para buscar, analizar e interpretar a información e transformala en coñecemento. O mundo do ensino precisa dun apoio decidido de alcance transversal para estar a altura deste desafío. Propomos deseñar un plan de educomunicación para a súa implementación curricular nos distintos niveis e etapas educativas, Educación de Persoas Adultas e FP. Crearemos un banco de recursos online de boas prácticas educomunicativas e incentivaremos a investigación en materia de avaliación das competencias mediáticas da cidadanía. Reforzaranse as accións iniciadas no marco das bibliotecas escolares, e o traballo en rede con actores sociais e institucionais.

## **149. Lei Galega de Educación: como resultado do desenvolvemento das competencias propias e dunha acción política tendente á concertación social.**

As medidas propostas teñen como fío condutor a promoción dunha acción política sustentada na comunicación, na transparencia e na interlocución co conxunto de actores da comunidade educativa e da sociedade, coa finalidade de avanzar nun proxecto educativo compartido, estable e á altura das posibilidades que ofrece o marco estatutario. Buscamos un modelo que se adapte ás necesidades socioculturais de Galicia, que sexa capaz de mobilizar a capacidade creadora da cidadanía galega e que cristalice nunha Lei Galega de Educación.

## **150. Modificaremos o Decreto polo que se regulan os comedores escolares.**

Fomentaremos os comedores escolares como elemento de socialización e conciliación nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería de Educación. Introduciranse criterios de proximidade no subministro dos produtos alimenticios e de calidade ecolóxica.

## **151. Revisión dos marcos curriculares de referencia para as diferentes etapas educativas baixo perspectivas innovadoras.**

Revisaremos os actuais decretos curriculares mediante procedementos de reflexión e debate, acompañados de suficiente soporte técnico e institucional buscando un proxecto cultural propio definido, compartido e adaptado ás necesidades persoais e sociais reais. Recuperarase un horario lectivo suficiente para materias como Música, Educación Plástica e Visual, Educación Física, Filosofía e Educación para a Cidadanía, que afectan a formación integral do alumnado, e que foron desprazadas pola LOMCE, contradecendo as recomendacións da UNESCO sobre a formación do alumnado en calquera parte do mundo..

## A Universidade galega

Desde o goberno galego **pularemos** pola derogación dos decretos aprobados polo goberno de Mariano Rajoy [decreto-lei de medidas urxentes de 2012, decreto 3 + 2, decreto de acreditación de centros] e pola elaboración dun novo ordenamento que garanta un sistema universitario realmente público.

### **152. A cooperación como eixo vertebrador do Sistema Universitario Galego (SUG)**

Afondaremos nos mecanismos de coordinación para que a oferta académica e a actividade investigadora sexan coordinadas e conxuntas, e os recursos compartidos. Redefiniremos o papel do Consello Galego de Universidades, incrementando a presenza institucional das universidades. Dende o goberno galego implicarémonos no Consorcio Interuniversitario para impulsar a xestión conxunta e eficiente dos recursos, co establecemento de programas que reforcen a cooperación interuniversitaria no ámbito da investigación, e co apoio efectivo aos grupos de investigación interuniversitarios e aos grupos mixtos (de universidades, hospitais e/ou outros centros públicos de investigación). Non aprobaremos a oferta de titulacións por parte de institucións privadas que se solapen ou dupliquen as existentes no Sistema Universitario Galego.

### **153. Mellora progresiva do financiamento público do SUG para colocalo na media da nosa contorna estatal e europea**

Incrementaremos anualmente os recursos públicos destinados ao SUG, actualmente por debaixo da media estatal e europea. O aumento farase de xeito equivalente ao crecemento anual dos ingresos non financeiros do orzamento da comunidade autónoma, aos que se lle sumarán dous puntos porcentuais durante o período 2016-2020. O incremento mínimo anual será do 5% durante cada un dos catros anos. Isto suporía un incremento superior ao 21% no quadrienio 2016-2020. Elaboraremos un regulamento específico que desenvolva o procedemento de determinación dos indicadores e de formulación do PFSUG, aumentando a transparencia e obxectividade do financiamento universitario, así como a rendición de contas á sociedade. Estudaremos medidas fiscais que incentiven as achegas e investimentos privados ás Universidades para fins docentes e de investigación.

### **154. Garantía de acceso universal aos estudos superiores: taxas e política de bolsas**

Fomentaremos unha política de bolsas que apoie o estudantado con menos recursos e que reteña e atraia talento ao SUG fundamentalmente no nivel de posgrao. Conxelaremos os prezos públicos da matrícula complementada con liñas específicas de axudas para familias con baixos ingresos e co reforzamento das bolsas no nivel de grao, que se concederán segundo criterios de renda e distancia do lugar de residencia. Financiaremos dun xeito adecuado os títulos de mestrado, coa posibilidade de establecer un programa de bolsas específico.



## **155. Persoal: promoción, estabilización e renovación xeracional**

Por tratarse dunha cuestión de competencia estatal, plasmada na LOU e na taxa básica de reposición de efectivos, pularase por acadar unha modificación da LOU mediante a que se integre o corpo de profesorado contratado doutor nun corpo único de funcionariado docente, de xeito que se poida superar o bloqueo causado polas recentes reformas legais e o mantemento do sistema de acreditación. Promoveremos dun programa para a contratación de persoal docente e investigador, consensuado e cofinanciado coas universidades, de cara á renovación paulatina do cadro actual. Este programa contemplará a estabilización progresiva do profesorado interino que se encontra en situación alegal.

## **156. Unha universidade comprometida co impulso da lingua galega**

Cumprimento das medidas financeiras previstas no PFSUG para a creación dos itinerarios lingüísticos en galego.

## **157. Unha oferta plural e diversificada de titulacións, acorde co carácter público do SUG**

O goberno galego optará por criterios cualitativos, e non exclusivamente cuantitativos, para garantir unha oferta plural e diversificada de titulacións: potenciaremos a especificidade dos programas formativos, existencia de accións de internacionalización, oferta suficiente nos distintos ámbitos de coñecemento etc.

Reforzaremos a oferta de posgrao garantindo a impartición de programas de mestrado que permitan a continuación de estudos para cada unha das titulacións de grao.

Iniciaremos un proceso de adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores ao SUG, que suporía o desenvolvemento de dereitos e unha maior cobertura de servizos para o alumnado, evitando a crecente privatización das ensinanzas artísticas. Da mesma forma poremos en marcha o proceso para a integración plena no SUG das titulacións sanitarias impartidas nos centros do SERGAS.

## **158. Estudiantado: compromiso coa inserción laboral das persoas tituladas nas nosas universidades**

Poremos en marcha programas autonómicos de acceso ao primeiro emprego desde organismos xa existentes ou a través da creación dunha axencia específica para este fin, que contribúan a paliar o exilio económico das mozas e dos mozos cun maior nivel de formación académica.

## **159. Estudos de xénero e feminismos**

Recuperaremos a importancia dos estudos de xénero e feminismos así como a súa coordinación interuniversitaria no marco da ampliación da política de ordenación universitaria galega. Crearemos un programa de doutorado feminista interuniversitario e multidisciplinar, coordinado polas tres universidades públicas galegas.

## Políticas sociais para construír o benestar

Apostamos por un modelo de benestar social integral, que atenda as necesidades da xente neste momento de emerxencia social. Apostaremos por unha Renda galega de cidadanía que mellore o modelo obsoleto da RISGA, que supere o mero asistencialismo e que sexa un motor para a integración social. Apostaremos por reiniciar as políticas de dependencia, apostando por un sistema galego que sexa quen de asumilo. Esixiremos ao Estado a reposición da súa achega ao Plan Concertado mínimo ao nivel de 2011 tendo como horizonte a súa superación. Marcándonos como obxectivo que o sistema de Servizos Sociais sexa recoñecido, en futuras reformas, no Estatuto de Autonomía.

A situación de emerxencia social en que desembocaron sete anos de políticas neoliberais extremistas conduciron a que, en 2014, arredor de 600.000 galegas e galegos se atopasen en risco de pobreza ou exclusión social. As actuais Renda de Inserción Social (Risga) e as Axudas de Inclusión Social, tal e como as xestionaron os gobernos de Feijóo, derivaron nunha elevadísima porcentaxe de denegacións e solicitudes pendentes de resolver. Propoñemos modificar a lei transformando a Risga nunha Renta Básica da Cidadanía, facilitando o acceso de persoas en situación de vulnerabilidade pero agora excluídas; incrementando o seu orzamento (no 2016, de só 53 millóns de euros para toda Galicia) e a contía das axudas, e reforzando o persoal administrativo para evitar retrasos na tramitación de expedientes. Do mesmo xeito, incrementaranse os fondos do Plan Social contra a Desigualdade (na actualidade de só 20 millóns de euros), así como a súa programación, obxectivos e contidos.

### 160. Sistema galego de atención á dependencia.

Garantírase a suficiente cobertura pública do catálogo de servizos, que serán accesibles para o usuario e a súa contorna e deberán atender á demanda de maneira personalizada e resolutive. Contaremos con medios técnicos e humanos que faciliten a asistencia na contorna da persoa dependente. Ampliaremos o investimento público en atención á dependencia, ata cubrir a demanda actual e estableceremos un calendario urxente de atención coa finalidade de reducir o número de persoas que están nas listas de agarda.

### 161. Renda galega de cidadanía. Un sistema de inclusión social para todos e todas.

É necesario abordar unha reforma en profundidade da Renda de Inclusión Social de Galicia tendo en conta que a actual Lei contempla un prazo máximo de seis meses, desde a súa publicación, para elaborar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación que. A día de hoxe non se levaron a cabo, co prexuízo que isto supón para as persoas que son potenciais beneficiarias desta prestación. Isto provoca arbitrariedade e desprotección e un uso ineficiente dos recursos. Cómpre desenvolver unha lei que potencie realmente a inclusión social e que de cobertura ás necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade social. Promoveremos a revisión dos requisitos de acceso da RISGA e AIS facilitando a entrada ás persoas actualmente excluídas, incrementaremos a contía económica da RISGA pasando a ser o ingreso mínimo do 150% IPREM e o ingreso máximo o 250% IPREM. Promoveremos un Reforzo de persoal para evitar os actuais atrasos na tramitación dos expedientes.

## **162. Socialización dos coidados.**

Realizaremos un xiro para incluír as actividades do ámbito familiar e comunitario dentro da nova 'Estratexia galega de socialización dos coidados' ordenando e dignificando as condicións deste novo sector de emprego, con criterios de calidade e condicións de traballo digno nos servizos de coidados. Crearemos unha 'Rede de servizos públicos de coidados' que atenderá ás necesidades dos coidados das persoas nas diferentes etapas e situacións do seu ciclo vital e que recoñeza formalmente o traballo das persoas inmersas nesta actividade. Incentivaremos a creación e funcionamento de empresas, de economía social ou cooperativas, adicadas aos coidados ao longo do ciclo de vida.

## Sementar o futuro

O poder galego recoñecerá todos os tipos de familias, entendendo que a sociedade galega de hoxe é moderna e plural, polo que non poden darse discriminacións de ningún tipo. Promoveremos políticas de igualdade que non sexan discriminatorias para aquelas mulleres que decidan ser nais.

### **163. Todas as familias recoñecidas [e os seus modelos]**

O 53,3% das familias dunha soa persoa proxenitora están en risco de pobreza no Estado, fronte ao 30,5% das familias biparentais. Dos 110.000 fogares galegos monoparentais, o 84,3% están compostos por unha muller adulta e fillas/os e o 25% deles están en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social. Os problemas económicos aos que se enfrenta este modelo de familias son moi similares aos das familias numerosas, pero son a peza esquecida das políticas fiscais ao non axustarse ao modelo de familia tradicional. Con esta medida queremos darlles o mesmo tratamento fiscal a ambos os dous modelos familiares a través da aplicación, entre outras, de deducións fiscais, bonificacións e exencións nas taxas tributarias e no tramo autonómico do IRPF, que veñen recollidos na Lei de acompañamento aos Orzamentos Públicos da Xunta de Galicia.

### **164. Eliminar a penalización da maternidade sobre o emprego das mulleres.**

Eliminaremos o factor de penalización que a maternidade representa actualmente para as mulleres a través dun programa de corresponsabilidade efectiva nas familias biparentais. Equipararemos os permisos por nacemento -iguais, intransferibles e remunerados ao 100% do salario- entre traballadores e traballadoras da administración galega. Instaremos ao goberno estatal para que emprenda a reforma lexislativa para a equiparación plena dos permisos por nacemento e que cada persoa proxenitora teña igual permiso, intransferible e remunerado ao 100% do salario, independentemente do seu sexo, criterio de convivencia ou diversidade familiar.

## Conquistar a igualdade.

Apostaremos de forma integral por un marco de xustiza universal que evite calquera tipo de desigualdades. Apostaremos polo dereito a decidir das mulleres sobre o seu propio corpo, apostando pola implementación dun Plan Integral á Saúde da Muller e por unha Lei Galega de saúde Sexual. Promocionaremos e socializaremos os cuidados, apostando porque a administración pública afonde e oferte un maior número de servizos e que liberen de carga ás familias e fundamentalmente á poboación feminina.

### 165. Unha xustiza social universal

Dende En Marea pensamos que unha sociedade non estará completa mentres que haxa xente que sufra e mentres existan desigualdades. Por iso, cremos que é necesario que á hora de acceder aos servizos aparelados aos dereitos sociais dependentes da Xunta de Galicia, a situación administrativa do ou da beneficiaria non pode ser un impedimento. Por iso, eliminaremos o requisito de posuír unha residencia administrativa regular para poder solicitalos e optar a eles. A xustiza social, igual que a sanidade, debe rexerse pola universalidade.

### 166. Acceso universal a unha atención de calidade da saúde das mulleres

Faremos noso o cumprimento do artigo 12 da *Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres* de «tomar todas as medidas apropiadas para eliminar a discriminación contra as mulleres; no campo de medidas de saúde garantir, en condicións de igualdade entre homes e mulleres, o acceso aos servizos de saúde, incluíndo os relativos ao planeamento familiar»

### 167. Actualización do Plan de Atención Integral á Saúde das Mulleres

A redefinición do plan de atención integral á saúde debe partir do coñecemento da incidencia das patoloxías que afectan ás mulleres de forma diferencial -como as enfermidades cardiovasculares- e identificar as respostas segundo as aprendizaxes sociais. Este enfoque de atención integral require da complicitade e da formación especializada do conxunto dos e das profesionais sanitarias para evitar os diagnósticos tardíos e con peores expectativas de tratamento que poden sufrir as mulleres. Esta medida require da revisión inmediata da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantía de prestacións sanitarias.

### 168. Saúde con corresponsabilidade dos coidados

Desenvolveremos actuacións específicas para promover a saúde e prever as enfermidades nas mulleres derivadas dos traballos de coidados. Consideraremos en termos de saúde pública os efectos das situacións de sobrecarga de traballos de coidados, en ausencia de corresponsabilidade, precariedade de calquera índole ou baixo recoñecemento social e económico.

### 169. Formación en igualdade ao conxunto de profesionais da sanidade

Incidiremos nos programas de sensibilización e formación especializada en perspectiva de xénero ao entorno profesional sanitario, co obxectivo de poder evitar problemas de diagnósticos tardíos e peores expectativas de tratamento ou maior incidencia das

enfermidades nas mulleres, como pode ocorrer nas enfermidades cardiovasculares. Con esta medida prestaremos tamén atención á necesidade de formación das e dos profesionais sanitarios na atención ás mulleres que manteñen sexo con outras mulleres.

## **170. Plan de Parto e Nacemento**

Promoveremos unha atención máis humanizada da atención perinatal. Revisaremos as medidas necesarias para facer que se cumpran os dereitos contidos no Plan de Parto e Nacemento.

## **171. Atención à saúde sexual e reprodutiva.**

Reforzaremos o funcionamento da estrutura dos centros de orientación familiar así como dos centros Querote+ en toda Galicia, como parte indispensable para o desenvolvemento íntegro da *Lei galega de saúde sexual e reprodutiva e do dereito a decidir das mulleres*.

Con esta medida pretendemos garantir os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do territorio galego, o acceso universal ao planeamento familiar, así como o asesoramento e educación sexual adecuado a partir da adolescencia; incluiremos o dereito das mulleres á reprodución asistida -sen que precisen ter parella masculina- e tomaremos as medidas necesarias conducentes a garantir o acceso á interrupción voluntaria de embarazo na sanidade pública.

## **172. Coidados da Endometriose**

Difundiremos a Guía de Coidados da Endometriose entre o grupo de profesionais sanitarios tal e como demandan os colectivos de mulleres afectadas. Crearemos un equipo de traballo que defina as necesidades asistenciais para a súa detección e tratamento, así coma a elaboración dun Plan de prevención e detección e as necesidades de derivacións nos casos de grao IV mentres non teñamos medios para tratalos na nosa Comunidade.

## **173. Estratexia galega da socialización dos coidados.**

Os coidados son unha parte fundamental do benestar individual das persoas e de toda a sociedade e, como tal, considerámola unha cuestión social que non pode quedar limitada exclusivamente ás decisións individuais. O sector público ten unha responsabilidade importante no xeito en que se exercen estes coidados, que poden facilitar ou dificultar as condicións de vida e diluír ou manter a división sexual do traballo. Desenvolveremos unha estratexia coordinada que contemple o incremento de prazas en centros de día e nas escolas infantís, a regulación do tempo de traballo, a apertura nunha maior franxa horaria de centros escolares de primaria e secundaria, a aposta pola figura profesional da/o asistente persoal, programas de dignificación do traballo de coidados (bolsas de emprego, condicións dignas) e, en xeral, iniciativas en favor da corresponsabilidade.

## **174. Estratexia Galega de abordaxe integral ante a violencia de xénero**

Asumimos o compromiso de desenvolver unha estratexia de abordaxe integral ante a violencia machista; a estratexia definirá un modelo de intervención psicosocial para o empoderamento das mulleres, consensuado co conxunto de profesionais e o movemento feminista durante os primeiros seis meses da lexislatura.

Esta medida supón a aplicación en Galicia do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres (Convenio de Istambul), e polo tanto, tamén unha revisión e mellora da Lei 11/2007, galega, para a prevención e atención integral da violencia de xénero. A intención é responder a un concepto máis amplo da atención integral e tamén ás necesidades específicas ante as situacións de maior vulnerabilidade, coordinando actuacións e recursos no ámbito da saúde, do ensino, da vivenda, da economía, e o emprego no territorio galego. No marco desta medida, incluiremos a aprobación e desenvolvemento dun protocolo para a abordaxe da violencia de xénero no ámbito da saúde en Galicia, dentro do protocolo xeral contra a violencia machista.

### **175. Macroenquisa galega sobre a incidencia da Violencia de Xénero ao longo do ciclo de vida das mulleres: infancia, adolescencia, vida adulta e vellez**

Precisamos diagnosticar como inciden as diferentes violencias contra as mulleres ao longo do seu ciclo de vida, para deseñar as liñas de actuación máis eficaces para diminuíla. Desde 2006 non se realiza unha macroenquisa galega sobre violencia de xénero, o que apunta á urxente necesidade de actualizar variables de análise, ámbitos do territorio galego e os casos que se inclúen no concepto de violencia de xénero.

### **176. Medidas urxentes para mellorar a atención que reciben as mulleres en situación de violencia nos Xulgados e na Policía, ampliando os recursos humanos e económicos dispoñibles nos mesmos para este fin**

Aplicaremos a Lei 11/2007, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero afortalando a asignación de recursos, persoais e económicos, nos dispositivos de atención e derivación das mulleres ante situacións de violencia de xénero.

### **177. Formación para a igualdade nos itinerarios de atención**

Posta en marcha dun plan de formación en materia de igualdade de xénero e sobre as violencias machistas dirixido a todo o persoal e axentes de interveñen en calquera das fases do itinerario de atención ás mulleres en situación de violencia.

### **178. Promoción da conversión das casas de acollida ás mulleres en situacións de violencia de xénero en Centros de Recuperación Integral (CRI)**

Consideramos imprescindible mellorar o artellamento dos recursos públicos da rede de atención integral ás mulleres en situación de violencia. E para elo, daremos prioridade á conversión das casas de acollemento temporal e os pisos de transición á vida autónoma en centros de recuperación integral e de empoderamento das mulleres, ampliando os recursos adicados aos itinerarios de atención e acompañamento nos proxectos vitais das mulleres sobrevivintes á violencia de xénero.

### **179. Empoderamento dos CIM para o empoderamento das mulleres**

Anovaremos e reforzaremos as estruturas, persoal e funcionamento dos Centros de Información ás Mulleres (CIM) e faremos a revisión do modelo de organización e funcionamento dos actuais CIM – e do Decreto que os regula – para que orienten o seu cometido á acción transformadora e ao empoderamento das mulleres en todo o territorio galego. Para tal fin, entre outras cousas, será preciso incluír a figura profesional da axente de igualdade e poñer en marcha un plan de comarcalización destes centros.

Así pois, realizaremos unha revisión do novo decreto de actualización e reforzo do funcionamento dos CIM, conxuntamente coas equipas dos servizos dos CIM e Rede de Acollida, para potenciar a figura estable das/dos axentes de igualdade así como do persoal especializado en mediación para a igualdade na rede galega de servizos públicos.

Desenvolveremos un plan para a comarcalización e mancomún dos servizos dos CIM. Abriremos liñas directas de co-xestión coas deputacións e concellos para garantir a igualdade de acceso a todas as mulleres con independencia do municipio, aldea ou lugar no que residan do territorio galego.

## **180. Coa trata non faremos trato**

Consideramos a dignidade e os dereitos humanos como valor máximo, e en base a elo, desenvolveremos un programa específico para o desmantelamento das redes de trata e de explotación sexual en Galicia.

Nesta liña estableceremos dos eixos de actuación, por unha parte unha rede de colaboración directa cos concellos e protocolos para a detección da existencia e operación das redes de trata de persoas e o reforzo da persecución do proxenetismo; e por outra parte desenvolveremos un programa de asesoramento para mulleres que foron vítimas de trata ou explotación sexual.

## **181. Desaprender o machismo e a violencia**

Formación especializada nos centros escolares para a prevención das violencias machistas, dirixida tanto ao profesorado como ao alumnado. Campañas de sensibilización dirixidas a activar á poboación fronte as violencias machistas, facendo especial fincapé na comunicación coa poboación máis moza.



## A diversidade como base da nosa cidadanía

Apostaremos por unha política que teña en conta a inclusión de todas as diversidades, e de xeito específico a atención ás necesidades e demandas das persoas pola súa diversidade sexual e os colectivos de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e *Queer* (LGTBIQ+). Desenvolveremos políticas contra a violencia que sofren moitos e moitas adolescentes no ámbito escolar, e combateremos os comportamentos discriminatorios que padecen as persoas pola súa identidade sexual o de xénero en todas as esferas da sociedade.

### 182. **Revisión e actualización da Lei 2/2014**

A lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia require dunha actualización e unha dotación orzamentaria para a súa aplicación. Asumimos o compromiso da súa aplicación tras unha revisión conxunta coas entidades do movemento polos dereitos das persoas LGTBIQ+.

### 183. **Goberno galego pola diversidade sexual**

Asumimos o compromiso de incluír a diversidade sexual e os dereitos das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBIQ+) na formación das forzas de seguridade do ámbito competencial da Xunta de Galicia.

### 184. **Promoción da inclusión laboral das persoas LGTBIQ+**

Aprobaremos un paquete de medidas fiscais e laborais que incentiven a contratación e/ou o autoemprego do colectivo de persoas LGTBIQ+, con especial incidencia nas persoas transexuais.

### 185. **Plan inclusivo da diversidade sexual e as identidades de xénero**

A nosa aposta é por unha sociedade respectuosa coa diversidade. Desenvolveremos un plan de acción pola inclusión en igualdade das persoas LGTBIQ+ e dilución dos comportamentos baseados no odio ao que non sexa heterossexualidade. Esta medida coordinarase coa estratexia galega contra a LGTBIQfobia o *bullying* e a violencia machista nas escolas.

### 186. **Desenvolvemento da estratexia galega contra a LGTBIQfobia o bullying e a violencia machista nas escolas.**

O acoso escolar está a converterse nunha realidade cotiá para moitas e moitos adolescentes, afectando ao desenvolvemento da súa personalidade, ás súas expectativas, orientacións e vivencias afectivo-sexuais. A Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación non se está a cumprir e require de maior compromiso e recursos. Queremos sumarnos decididamente á convivencia en igualdade, facilitándolle á xuventude o acceso a servizos e recursos de apoio práctico para combater os comportamentos baseados na LGTBIQfobia e no odio ás persoaslésbicas, gais, transexuais e/ou bisexuais. Desenvolveremos un plan de visibilidade e protección das persoas maiores LGTBIQ+.

### **187. Aumento dos fondos para a Lei de Dependencia**

No que a diversidade funcional e dependencia se refire, cremos necesario potenciar as Leis existentes dotándoas de fondos que permitan o seu desenvolvemento, especialmente no caso da Lei de Autonomía, que nestes últimos anos e coa excusa da crise, foi obxecto dun maltrato sistemático por parte da Xunta de Galicia.

### **188. Creación dun Instituto de avaliación dos servizos sociais**

Consideramos imprescindible a creación dun Instituto de Innovación e Investigación en Servizos Sociais que se adique a avaliar as políticas públicas do sector e a elaborar propostas de mellora, contando sempre cos colectivos implicados. Deste xeito deberán participar, ademais da administración, tanto empresas, fundacións ou asociacións do sector, como movementos sociais ou cidadanía afectada pola problemática. Desenvolveremos unha metodoloxía anual de avaliación das políticas de coidados, accesibilidade e sociais en xeral co obxectivo de detectar erros e poñer en marcha novas accións e melloras.

### **189. Subvención dos materiais ortoprotésicos tendo en conta a renda**

Grande parte das persoas con diversidade funcional precisan custosos materiais orto-protésicos como cadeiras de rodas ou implantes cocleares para poder aumentar as súas funcionalidades. Pensamos que é urxente unha reforma do sistema de subvencións destes materiais porque os máis necesitados economicamente deben optar sempre polos modelos máis baratos, de baixa calidade ou con moi poucas prestacións.

### **190. Rehabilitación e fisioterapia na carteira de servizos básicos**

Moitas persoas con discapacidades precisan de longas sesións de rehabilitación e fisioterapia, pero o SERGAS limitalles o acceso a estas prestacións. Propoñemos que, tras prescrición facultativa, estean incluídas na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde, garantindo así a súa universalidade.

### **191. Creación dun fondo galego para a accesibilidade universal**

Crearemos un fondo co 1% do que os Orzamentos Xerais do Estado destinen anualmente ás inversións de obras públicas, infraestruturas, novas tecnoloxías e sociedade da información mediante o que se financiarán os programas e actuacións de accesibilidade universal para conseguir que todas as persoas en situación de dependencia ou con diversidade cognitiva/funcional poidan ser independentes e participar plenamente en todos os aspectos da vida.

### **192. Plan de choque para atender as necesidades de todo tipo de diversidade funcional**

Elaboraremos un estudo rigoroso tanto de incidencia, impacto, necesidades e medidas a implementar por cada un dos colectivos con segmentación das medidas a tomar en cada tipo de diversidade funcional (física, sensorial, cognitiva, autismo, down, dano cerebral, parálise cerebral, demencias, transtorno mental, e outros). Desde En Marea cremos que estamos no momento de facer este traballo para orientar a resposta institucional especializada de xeito eficaz, a través dun plan de choque para atender as necesidades de todas as persoas e realidades da diversidade funcional.

### **193. Atención/Intervención temperá pública, gratuíta, universal e de calidade**

Creemos necesario incluír na carteira de servizos do SERGAS as prestacións de intervención temperá, que deberán ser prestadas directamente polos centros públicos da rede sanitaria ou por entidades sen ánimo de lucro cunha probada experiencia en A/IT, e en ningún caso por empresas privadas. Mediante esta actuación queremos garantir a correcta atención aos nenos e nenas, a integración e participación das familias; a interdisciplinariade, así como a descentralización, para que sexa próxima e de fácil acceso para as familias, e inclúa a prestación a domicilio e a relación cos servizos sanitarios de atención primaria, as escolas infantís e os colexios.

### **194. Potenciación da inclusión Laboral de Persoas con Diversidade Funcional**

Promoveremos un programa específico de Inclusión Laboral de Persoas con Diversidade Funcional que permita aumentar nun 50% a súa taxa de actividade ao longo dos catro anos da lexislatura. Para isto, proporase un novo marco legal de inclusión laboral de persoas con diversidade funcional que transcenda o vixente e se centre na atención individualizada ao longo do proceso de inserción laboral, a promoción da formación, o apoio individualizado, a activación de novas formas innovadoras de acceso e inclusión laboral, e a potenciación da discriminación positiva cara ás persoas con diversidade funcional con maior necesidade de apoio ou en situación de exclusión social. Sempre tendo presente a perspectiva de xénero.

### **195. Financiamento das entidades do terceiro sector dedicadas á atención de persoas con diversidade funcional ou dependencia**

Realizaremos un contrato social co terceiro sector para asegurar o pleno exercicio dos dereitos das persoas con diversidade funcional ou en situación de dependencia. A través del, o goberno galego facilitará os recursos para o funcionamento das entidades sen ánimo de lucro do ámbito da diversidade funcional e a dependencia e que estas asuman un compromiso ético coa mellora continua, os criterios de transparencia e a calidade na xestión dos programas e servizos, así como uns mecanismos de participación democrática e gobernanza que permitan que as persoas con diversidade funcional ou dependen tes sexan atendidas como cidadáns e cidadás de dereito con plena participación en todos os aspectos que lles afecten nas distintas etapas da súa vida.

### **196. Redución do tempo de tramitación das axudas por dependencia**

Posibilitaremos o acceso ás prestacións pendentes. Reducirase o tempo de esperade dende a solicitude de valoración de dependencia ata a prestación da axuda. Para isto incluiremos a atención á dependencia nos PEC (Procedementos de Emerxencia Cidadá), que serán aqueles considerados prioritarios tanto a nivel orzamentario como na súa planificación, urxencia de prazos e na dotación de recursos humanos e materiais. Ademais, comprometémonos a elaborar os PIA dos solicitantes que teñan recoñecido o grado de dependencia e que están á espera de percibir a prestación.

## **197. Dignificación das condicións de traballo do conxunto de profesionais do sector**

En primeiro lugar deberemos derrogar a Lei 3/2012 de reforma laboral, de maneira que o empresario estea obrigado a respectar os convenios colectivos. Tamén teremos que lle por freo á externalización e a subcontratación dos servizos, fomentando a creación de centros e entidades de xestión pública. Mentres non existan os recursos públicos necesarios, e teñamos que asinar convenios para a prestación externa dos servizos, terán prioridade as empresas ou cooperativas de iniciativa social que defendan os principios do ben común e do estado de benestar, establecendo un máximo de un nivel de subcontratación posible. Ademais, fomentaremos a formación e a reciclaxe dos profesionais como elemento imprescindible para acadar uns servizos de calidade.

## **198. Garantir a viabilidade dos movementos asociativos do sector**

Estableceremos un sistema de financiamento estable, cunha dotación económica fixa que non dependa da conxuntura económica grazas ao cal poderemos garantir a prestación dos servizos por parte do movemento asociativo no sector.

## **199. Actualización da normativa no ámbito da diversidade funcional**

Promoveremos a adecuación da normativa aplicable á Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade (Convención ONU) como primeiro elemento indispensable para avanzar na consecución de melloras dentro da diversidade e a dependencia.

## **200. Potenciación de accións específicas de emprego para as persoas con diversidade funcional**

Como un dos medios de poñer freo á especial incidencia da pobreza e como condicionante básico e imprescindible para a consecución dunha integración social plena, desenvolveremos políticas laborais específicas. Aplicaremos de forma efectiva a reserva de prazas para persoas con diversidade funcional. Implementaremos a prohibición á Administración de contratar ou recibir calquera tipo de axuda o subvención públicas ás empresas que non cumpran a cota legal de reserva de emprego para persoas con diversidade funcional. Implementaremos sistemas de accesibilidade na información. Ademais da utilización da linguaxe de signos, potenciaremos a inclusión dos sistemas aumentativos e alternativos de comunicación que faciliten e permitan o acceso e comprensión da información para toda a cidadanía. Tamén instaremos á CRTVG a que cumpra coa Lei Xeral da Comunicación Audiovisual (linguaxe de signos, subtítulo e audio-descripción).

## **201. Sensibilización social para a inclusión das diversidades**

Temos que contar coa sociedade para alcanzar a inclusión e para iso esta debe ser consciente das problemáticas que nos afectan. Realizaremos campañas de visibilización periodicamente que axuden a situar a imaxe da persoa con diversidade funcional ou dependencia nun marco de normalidade e solidariedade que axude á entender a diversidade como unha característica máis dentro da sociedade, relativizando o seu impacto.

## **202. Igualdade de xénero no ámbito da diversidade funcional**

Fomentaremos a participación das mulleres dentro do noso colectivo, loitando así contra calquera discriminación por razóns de sexo e adoitando sempre políticas de discriminación positiva no que a xénero atinxe.

## **203. Financiamento estable para a dependencia**

Estableceremos un sistema de financiamento estable que non dependa das circunstancias da situación económica, garantindo así a sostibilidade dos servizos e programas vinculados á Diversidade funcional.

## Loita contra a pobreza

Galicia vive un momento de emerxencia social, polo que o poder galego deberá atender determinadas continxencias para rematar con necesidades urxentes de moitos galegos e galegas. Elaboraremos un plan integral para a atención das persoas sen teito. Respectaremos os termos estritos do pacto contra a pobreza. Elaboraremos un plan para rematar coa feminización da pobreza.

### **204. Respetto estrito ao pacto contra a pobreza.**

En Marea comprométese a cumprir e facer respectar o Pacto Galego contra a Pobreza, un documento impulsado pola Coordinadora Galega de ONGD que recolle o compromiso político en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, á loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social; tamén no eido do comercio xusto, loita contra o cambio climático e a igualdade de xénero.

### **205. Plan Integral de atención ás persoas sen teito.**

Unha sociedade que procure un mínimo de xustiza e benestar social non pode permitir que existan persoas que non teñan garantidos uns mínimos de dignidade para o seu día a día. E Deseñaremos unha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, que garanta a coordinación e corresponsabilidade entre a administración autonómica e as administración locais e tamén, coas entidades sociais que traballan neste ámbito.

Na liña de garantir a dignidade de todas as persoas, previa consulta cos órganos colexiados correspondentes, cortaremos toda colaboración con aquelas entidades que mostren unha actuación pouco ética e irresponsable diante desta problemática. En colaboración cos concellos e deputacións dotaremos de albergues públicos nas sete grandes cidades galegas.

### **206. Plan contra a feminización da pobreza.**

Levaremos a cabo políticas activas de emprego feminino, con especial atención ás familias monomarentais. A taxa de risco de pobreza en Galicia, antes das transferencias sociais, é do 34,6% entre os homes e do 37,2% entre as mulleres. A fenda salarial por xénero percíbese tamén nos importes medios de pensións e prestacións económicas. Deste xeito, o que perciben as mulleres é un 65% do que reciben os homes, con importes próximos aos mínimos. Con esta medida pretendemos desenvolver un plan de acción para minorar a incidencia da pobreza sobre as mulleres –con especial atención ás familias monomarentais– que contemple a coordinación de políticas de emprego coas políticas sociais, de educación, de saúde e de igualdade. Para levalo adiante daremos prioridade ás liñas de co-xestión cos concellos na procura de respostas institucionais de maior proximidade.

## **207. Implementación de medidas contra a pobreza das persoas con diversidade funcional**

Se a pobreza e a precariedade son problemas cada día máis graves na nosa sociedade, na poboación con diversidade ou dependencia o son aínda máis. Elaboraremos un plan integral de atención á saúde física e psicosocial das persoas sen fogar e transeúntes. Implantaremos medidas específicas para identificar e paliar no posible a pobreza das persoas discapacitadas ou dependentes mediante a aplicación dunha renda social de cidadanía.

## **208. Parque de vivendas**

Habilitaremos un parque de vivendas de titularidade autonómica destinado a garantir dereito á vivenda digna ás persoas sen fogar, seguindo o modelo *Housing First*.

## **209. Centros de Atención Integral 24 horas**

Dotaremos de Centros de Atención Integral 24h a persoas sen fogar e transeúntes nas sete cidades galegas, de xeito corresponsable coa administración local e procurando a colaboración con entidades sociais que traballan neste ámbito.

## Un país de todas e todos e para todas e todos

Galicia sempre foi un país xeneroso e solidario. Coñecemos a emigración en carne propia, unha lacra da que desexamos que desapareza. Implementaremos un plan de retorno para facilitar que aqueles galegos e galegas que tiveron que deixar o noso país por motivos económicos poidan regresar coas súas familias, e investir a súa intelixencia e traballo aquí. Apostaremos por unha política de portas abertas para as persoas refuxiadas, xa que apostamos por un concepto de cidadanía global.

### **210. Plan de retorno para facilitar a volta a casa dos galegos e as galegas emigradas.**

O Goberno da Xunta garantizará nun prazo non superior a 6 meses a integración das persoas retornadas restablecendo inmediatamente os seus dereitos sociais, sen que se lles poida esixir un período mínimo de residencia. Devolverá de maneira inmediata a tarxeta sanitaria a aquelas persoas emigradas que lles fose retirada. Adoptará as medidas necesarias para eliminar os obstáculos que dificultan ás galegas retornadas o acceso ás bolsas de traballo, ás prestacións e beneficios sociais existentes. Facilitará o acceso á vivenda de protección oficial, pisos tutelados, axudas para o alugueiro e adquisición da primeira vivenda dos retornados. As xestións administrativas centralizaranse na Oficina de Retorno e o traballo realizarase en estreita colaboración coas asociacións e federacións de emigrantes e de retornados.

### **211. Portas abertas**

Somos un país diverso, tamén no que ten que ver coa orixe das persoas que o habitan. Recuperaremos o investimento en políticas de acollida de migrantes, colaborando con iniciativas municipais como as UAMI (Unidades de Atención ás Migracións), O Foro Galego de Inmigración e a Rede Galega de Apoio aos refuxiados) e garantiremos que ningunha persoas sexa excluída por razóns de orixe do goce dos seus dereitos básicos. Derrogaremos igualmente o chamado «Informe sobre o proceso de integración dos estranxeiros» en Galicia.





# O territorio galego: o noso tesouro

O territorio galego constitúe un enorme tesouro que cómpre coidar e mimar para poder continuar a goar del no futuro. O noso goberno respectará o noso ambiente e a nosa xeografía, consciente da enorme riqueza que conteñen. Un goberno que traballará para conservar e desenvolver todos os recunchos de Galicia, todas as cidades, vilas, barrios e parroquias do país.

Imos organizar o territorio para vertebrar o país, para equilibrar, para conseguirmos que ningunha comarca fique atrás. Deseñaremos políticas públicas para construír espazos de benestar e solidariedade, de protección social, de oportunidades económicas. Nós pensamos o país na súa globalidade. Para nós é prioritario rematar coa emerxencia habitacional que existe en Galicia, porque as casas teñen que ser para a xente e non para os bancos, que sabe que non pode haber xente sen casas.

Nós queremos defender a terra, a nosa terra, o noso ambiente, o noso territorio, que estea ao servizo das persoas que o habitan e non das multinacionais que pretenden zugalo. O noso goberno garantirá o futuro, apostará pola sustentabilidade enerxética e aproveitará o noso potencial enerxético e que non o venderá a prezo de saldo. Un goberno que aposte por protexer o país, a súa riqueza natural, a súa riqueza animal e a súa riqueza paisaxística.

## Organizar o territorio para vertebrar o país

Temos un compromiso firme na vertebración de Galicia. Precisamos unha ordenación efectiva do territorio que defina novas áreas urbanas ou metropolitanas e que avance no proceso de comarcalización de servizos nas áreas do noso rural. Actualizaremos as Directrices de Ordenación de Territorio, tendo en conta todo o conxunto. Modificaremos o Plan de Ordenación do Litoral equilibrando a protección ambiental e o goce do territorio costeiro. Reivindicaremos o dereito de Galicia a desenvolver as súas propias políticas de protección costeira.

### 212. Ordenación efectiva do territorio.

Precisamos un novo ordenamento territorial adaptado á situación actual do país. Nas últimas décadas a Xunta de Galicia foi a remolque da realidade e non actuou como ente con competencia para ordenar. Aprobaremos as novas Áreas urbanas ou metropolitanas e desenvolveremos a xa creada de Vigo. Tamén implementaremos as comarcas nas zonas máis rurais co fin de crear estruturas administrativas axeitadas para desenvolver unha planificación eficiente da acción do goberno galego, planificación urbanística, políticas de mobilidade, xestión de residuos, servizos sociais, entre outras. Aprobaremos unha Lei de ordenación territorial galega que modifique a Lei 10/1995 actual. Complementariamente incentivaremos o baleirado funcional das Deputacións mantendo o obxectivo estratéxico da súa disolución que continuaremos a reclamar ao Goberno español.

### 213. Traballar á escala axeitada

É preciso un ordenamento político e administrativo adaptado ao país. Nas áreas urbanas aprobaremos as leis de novas Áreas Metropolitanas, desenvolvendo a xa creada de Vigo e nas rurais as comarcas, coa fin de crear estruturas administrativas e políticas á escala axeitada para desenvolver a planificación urbanística, políticas de mobilidade, de xestión de residuos, servizos sociais, etc. Ademais avogaremos por un recoñecemento xurídico administrativo efectivo das parroquias.

Aprobaremos unha Lei de Comarcas de Galicia e unha nova Lei de Administración Local de Galicia. Modificaremos a Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio. Complementariamente ao desenvolvemento das comarcas e áreas metropolitanas procederemos ao baleirado funcional das Deputacións xa que a competencia para a supresión, que sería finalmente o obxectivo, non é autonómica. Con este obxectivo aprobaremos unha nova Lei de Coordinación das Deputacións.

### 214. Superar as lóxicas localistas

Desenvolveremos o articulado da Lei 10/1995 para impulsar ferramentas de Ordenación do Territorio a escala supramunicipal de tipo vinculante que afasten a planificación territorial das lóxicas localistas e curtopracistas que sustentan a xestión urbanística no actual marco legislativo.

### 215. Coordinar as políticas do territorio

Levaremos a cabo unha redefinición do Instituto de Estudos do Territorio (IET) como grande organismo de coordinación de todas as políticas sectoriais que teñan

que ver con determinacións territoriais. Ademais o IET deseñará e elaborará un Plan Cartográfico de Galicia (PCG), en colaboración con todos os axentes sociais e políticos que se sintan implicados, coa fin de ofrecer á cidadanía información cartográfica, toponímica e xeográfica de carácter público e gratuito con formato dixital aberto e intercambiable. En consonancia e en colaboración con outros servizos implicados, deseñará e elaborará un Plan de Modernización da Información Patrimonial de Galiza e dos Camiños de Santiago, coas mesmas premisas que o PCG.

## **216. Directrices de Ordenación do Territorio e Plan de Ordenación do Litoral.**

O novo modelo territorial galego priorizará a rehabilitación e a rexeneración da zona urbana construída evitando a expansión especulativa, garantindo a protección do valor dos solos, sexan agronómicos, forestais ou paisaxísticos ou das restantes categorías de solos protexidos. Actualizaremos as Directrices de Ordenación de Territorio, tendo en conta todo o territorio no seu conxunto. Modificaremos o Plan de Ordenación do Litoral equilibrando a protección ambiental e o goce do territorio costeiro.

## **217. Xestión do dominio público marítimo-terrestre e das bacías hidrográficas.**

Reivindicaremos o dereito de Galicia a desenvolver as súas propias políticas de protección costeira. A nosa costa ten unha serie de particularidades que a singularizan fronte á do resto do Estado, xa que conta cunhas características únicas. Os asentamentos de poboación na costa galega tampouco teñen as mesmas características que a doutras zonas, e polo tanto precisan de lexislación adaptada a esta realidade.

## **218. Aprender o territorio**

O Goberno Galego desenvolverá e deseñará ferramentas didácticas e pedagóxicas para o coñecemento do territorio galego dirixidas a todos os niveis e ciclos educativos, e dotará de ferramentas e medios para a formación do propio persoal da administración.

## Organizar espazos de benestar e solidariedade

O poder galego creará unha nova Lei do solo, como unha ferramenta para evitar a especulación. Apostaremos polo acceso a unha vivenda digna para todos os galegos e galegas, que poderán participar nos procesos de toma de decisións urbanísticas. Promoveremos a rehabilitación integral das zonas históricas. Realizaremos estudos sobre o impacto socio-económico de carácter obrigatorio naquelas actuacións que supoñan unha modificación importante no noso territorio.

### **219. Nova Lei do Solo contra a especulación.**

Derrogaremos a Lei 2/2016 do Solo de Galicia porque fomenta a especulación inmobiliaria e a expansión urbana incontrolada, considerando o medio rural como espazo residual excluído da planificación. Aprobaremos unha nova lei que garanta o dereito de todas as persoas a participar nos procesos de toma de decisións urbanísticas, o acceso a unha vivenda digna nun contorno amable e confortable, promova a rehabilitación integral das zonas históricas e dos barrios máis vulnerables, evite a especulación do solo e a corrupción urbanística, conserve o patrimonio cultural construído e dos sinais de identidade, reforce a seguridade xurídica e o cumprimento da normativa urbanística en condicións de igualdade para todas as persoas.

### **220. Estudos de impacto socio-económico obrigatorios.**

Os proxectos de infraestruturas supoñen modificacións sobre o territorio, o medio-ambiente e tamén sobre o sistema socio-económico do lugar en que se instalan. Dentro da política de contratación responsable impulsaremos unha instrución para a realización de estudos de impacto socio-económico e medioambiental en aquelas obras que superen os 10 millóns de euros de orzamento. É preciso a racionalización dos investimentos en infraestruturas. Nun contexto no que se recortan os servizos sociais básicos as actuacións de novas infraestruturas deben de executarse só despois desta rigorosa análise que teña en conta o custe de oportunidade.

### **221. Impedir o negocio urbanístico co lume**

O Goberno Galego deseñará ferramentas, en coordinación cos servizos competentes, para impedir as recualificacións de terreos que teñan padecido unha catástrofe natural (incendio, asolagamento, derrubo), que deberán, pola contra, manter as súas condicións anteriores para a súa rexeneración.

### **222. Axilizar o planeamento**

O Goberno Galego axilizará a tramitación das figuras de planeamento xeral, parcial e sectorial para o conxunto dos concellos do país. Do mesmo xeito, deseñará de xeito consensuado, unha nova ferramenta legislativa para a ordenación urbanística co fin de garantir un desenvolvemento coherente coas necesidades sociais e as formas de ocupación existentes.

## Mobilización da terra produtiva

A superficie agraria en Galicia está en diminución desde hai máis de 60 anos; pola contra, a superficie forestal incrementouse en boa medida co cultivo de especies exóticas de crecemento rápido. A forestación de terras agrarias e áreas de interese natural é o último chanzo na expulsión de traballadores do mundo rural, da perda de competitividade, da degradación medioambiental e paisaxística e dun dispendio de cartos públicos. Este proceso debe ser revertido se queremos ter un mundo rural poboado e dinámico que poida garantir a soberanía alimentar e se queremos minimizar as sucesivas vagas de lumes que periodicamente asolan o territorio. Polo tanto, incentivaranse aquelas políticas e actividades que contribúan a frear este proceso. En numerosas ocasións o marco normativo vixente contempla instrumentos de utilidade para abordar os retos da mobilización produtiva de terras, radicando o problema na inacción ou na infradotación de recursos por nula vontade política da Xunta de Galicia. Noutros casos son necesarias solucións innovadoras. Desde En Marea contemplamos o seguinte conxunto de medidas para a mobilización produtiva de terras:

### **223. Frear a perda de superficie agraria útil e a protección do solo de maior aptitude agraria**

A superficie agraria é un recurso escaso e estratéxico: en boa medida co cumprimento e desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio e a aplicación efectiva e responsable do marco legal vixente (como a Lei de Mobilidade de Terras ou algúns preceptos da Lei de Montes).

### **224. Estratexia Galega de Administración de Terras**

O goberno galego creará unha estratexia para desacelerar a inmovilización de terras asociada ó déficit de información, á presenza de conflitos, de titularidades descoñecidas, á problemática de deslindes, etc., relacionados coa propiedade rústica a través dun novo Servizo de Apoio á Xestión de Terras de Galicia. Mellorarase e impulsaranse, asemade, os deslindes, inventario e cartografado dos Montes Veciñais en Man Común, analizando a situación actual de xestión e aplicando as responsabilidades subsidiarias da Xunta de Galicia en relación á mesma.

### **225. Xestión de terras**

Dentro da Estratexia de Administración de Terras de Galicia, o goberno galego artellará as medidas necesarias a selección, priorización e coordinación dos diferentes instrumentos de xestión de terras (re-organizacións parcelarias, banco de terras, agrupacións de xestión forestal, etc.) en función dos obxectivos funcionais e características de tenza de cada territorio. Contemplará a coordinación e aplicación de instrumentos de reforma das estruturas previstos na diferente lexislación vixente. Habilitaremos os mecanismos necesarios para compensar en terra agraria a agricultores en procesos expropiatorios por construción de infraestruturas, minas, etc.

## **226. Innovación na xestión do minifundio**

O goberno galego impulsará a innovación na xestión do minifundio: impulso de iniciativas innovadoras de xestión territorial, especialmente fórmulas asociativas que superen a fragmentación da terra e das accións de cooperación público-privada. Realizará un inventario e difusión das iniciativas innovadoras existentes a modo de experiencias piloto ou laboratorios viventes.

## **227. Dotación efectiva do Banco de Terras**

Paralizado na práctica polo goberno do PP. A dinámica do Banco de Terras estará inserida dentro da Estratexia de Administración de Terras de Galicia, e terá como obxectivo facilitar o incremento da base territorial das explotacións e o acceso á terra de novos agricultores co obxectivo de favorecer o vivir no rural. A mobilización das terras estará ligada á posta en marcha de producións sustentables e innovadoras no rural galego.

## **228. Agricultura urbana**

O goberno galego porá en marcha unha liña concreta de impulso e vertebración da agricultura urbana que permita mobilizar solares infrautilizados, fomentando unha maior interrelación entre o urbano, o rural e o perirubano.

## **229. Lei de Montes**

Revisarase a lei 7/2012 de 30 de xuño de Montes de Galicia cos obxectivos de reverter o proceso de abandono do mundo rural por parte dos traballadores do mesmo, xerar riqueza e dinamismo no territorio, preservar a seguridade alimentar, conservar o solo, manter o ciclo da auga e demais ciclos ecosistémicos, preservar a paisaxe e a biodiversidade, permitindo deste xeito que un mundo rural multifuncional diversifique as súas opcións, evitando, ademais, que sexa unha carga económica para o conxunto da sociedade, especialmente, en relación á loita contra o lume que bota por terra o futuro de todos.

## Políticas específicas para as zonas de montaña

Ao igual que sucede noutros territorios, as áreas de montaña de Galicia caracterízanse polas limitacións das opcións de uso da terra e un maior custe relativo para a súa mobilización, debido a factores ambientais e orográficos. Xunto a estes, a Xunta de Galicia nunca ata agora entendeu as particularidades deses territorios polo que neles avanzaron moito máis rápido os procesos de marxinalización, vulnerabilidade social e ambiental e as conseguíntes desvantaxes socioeconómicas (despoboación e carencia de servizos básicos). Ao longo deste programa electoral hai moitas medidas que se refiren a servizos básicos para toda a poboación, incluída a da alta montaña, que non imos reproducir agora. Pero desde a política sectorial do mundo rural, o goberno galego tomará as seguintes medidas específicas en relación coa alta montaña:

### **230. Lei da Montaña galega**

Elaborará a «Lei para o desenvolvemento da Montaña Galega», en base á premisa de cohesión social e territorial, promovendo o desenvolvemento local e sustentable e mediante a posta en valor das potencialidades de cada zona e a xeración de riqueza endóxena. Nesta lei contemplaremos a identificación e delimitación das áreas de montaña de Galicia, coa súa correspondente caracterización e tipificación tendo en conta criterios físicos, paisaxísticos, topográficos, bioclimáticos e socioeconómicos.

### **231. Plans integrais das comarcas da Montaña**

Nesa Lei contemplárase a realización de Plans integrais das comarcas da Montaña que xeren un desenvolvemento socioeconómico equilibrado en todo o territorio, apostando por modelos de desenvolvemento que combinen a conservación dos valores ambientais deses territorios co aproveitamento eficaz dos recursos existentes.

### **232. Potenciar o turismo de montaña.**

Favorecerá as infraestruturas e servizos baseados na conservación dos recursos naturais, paisaxísticos e culturais que posúen da zona. No caso da Estación de Montaña de Manzaneda, a Xunta de Galicia tentará contribuír a consolidala como un referente do turismo de montaña no norte da Península Ibérica.

### **233. Singularidades da alta montaña na PAC**

O goberno galego nas axudas derivadas da PAC contemplará as singularidades das terras de alta montaña. Inclúira a definición territorial das áreas de montaña nas Políticas de Desenvolvemento Rural e eliminará as trabas derivadas da situación das terras, como a pendente ou superficie mínima.

## Un país que se move

Precisamos unha Galicia conectada internamente, e tamén co resto do mundo. Optimizaremos a nosa rede de portos e aeroportos para termos unha política integral e de país, que permita a nosa conexión co exterior. Optimizaremos internamente o ferrocarril, demandando a transferencia de competencias. Demandaremos a titularidade pública da AP-9. O Goberno Galego, garantizará o Dereito á Mobilidade da cidadanía, considerando aos sistemas viarios non coma un fin en si mesmos, senón como e por tanto, garantizará un Servizo Público de Transporte que teña en conta intermodalidade e o transporte non motorizado, así como a preferencia dos movementos peonís.

### **234. Portos e aeroportos.**

O goberno galego debe ter capacidade de xestión dos portos e aeroportos situados no territorio galego. Neste sentido elaboraremos un Plan integrado de coordinación do Sistema Aeroportuario Galego no que participen todos os axentes implicados. Na perspectiva dunha futura privatización total de AENA estudaremos as vías para crear un ente público de xestión aeroportuaria galega. Aprobaremos unha nova Lei de Portos de Galicia que garanta a coordinación e complementariedade que evite a competencia entre portos.

### **235. O ferrocarril como modo de transporte sustentable.**

Reclamaremos a transferencia das competencias ferroviarias así como a creación dun ente público ferroviario integrado. Desde esta operadora galega promoveremos o tren de proximidade nas áreas metropolitanas, mellorando as conexións entre as cidades así como as conexións coas zonas rurais. Fomentando unha mobilidade máis sustentable e medioambientalmente eficiente. Aprobaremos a Lei Ferroviaria de Galicia.

### **236. Titularidade da autoestrada do Atlántico.**

A actual xestión da AP-9 non serve para mellorar a cohesión territorial do eixo atlántico e encarece de xeito notable a cada pouco un traxecto fundamental a nivel social e económico. Ademais, a AP9 é unha infraestrutura completamente amortizada. Esixiremos ao Ministerio de Fomento nunha primeira instancia a reversión da concesión e a posterior transferencia efectiva da titularidade da autoestrada AP9.



## Casas para xente e xente con casas

Entendemos que o poder galego debe garantir o dereito ao acceso á vivenda de toda a cidadanía, entendendo que este é un dereito fundamental que debe de estar por enriba dos negocios e intereses privados. Apostaremos por un plan integral contra os desafuzamentos, xa que queremos construír un país xusto e próspero. Aplicaremos de maneira integral a ILP elaborada pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca (PAH).

### **237. A vivenda como dereito e non como negocio**

Modificaremos a Lei galega de Vivenda, coa inclusión de medidas relativas á mobilización do mercado de vivendas baleiras, anti-especulación e de apoio á rehabilitación e reforma. A través desta lei garantiremos o dereito á vivenda: con regulación ampla, extensa e rigorosa das preferencias e condicións de acceso. Crearemos un banco de vivendas públicas que realice un inventario de vivendas e un seguimento da oferta-demanda, creando instrumentos de mobilización que faciliten e incorporación de vivendas deshabitadas ao banco e dotación de recursos para apoiar a rehabilitación-acondicionamento.

### **238. Fomento da vivenda de alugueiro público**

Aplicación e desenvolvemento de fomento do alugueiro de vivenda, comprometendo a maior parte das reservas de chan das diferentes administracións públicas para a posta a disposición de vivendas en réxime de alugueiro. Intervención pública coordinada para a xeración de oferta suficiente de vivenda protexida en alugueiro. Incremento das axudas públicas á promoción da vivenda de protección pública en alugueiro. Incluíndo a creación dun banco de vivendas rurais en réxime de aluguer que contribúa a atraer e fixar poboación nestas zonas.

### **239. Plan Integral contra os desafuzamentos**

O próximo goberno galego priorizará a loita contra os desaloxo das persoas das vivendas nas que residen. Os desafuzamentos téñense constituído como unha vulneración constante dun dereito tan fundamental e elemental como o dereito de acceso á vivenda. Para combater esta lacra colaboraremos con outras institucións e conxuntamente elaboraremos un Plan Integral de acompañamento das persoas en risco de desafuzamento. O obxectivo é mudar o modelo e pasar da visión da vivenda como negocio á vivenda como dereito: freando a expansión urbanística especulativa, priorizando a rehabilitación e rexeneración, apostando por un Parque público de vivenda de aluguer significativo -hoxe en día non chega ao 1%- , modificando a Lei da Vivenda incrementando a dotación de vivenda de protección e pública e regulando o mercado privado de alugueiro. Crearemos un parque público de alugueiro utilizando a mobilización de vivenda baleira, especialmente as pertencentes ao SAREB. Incrementaremos, na nova lei do solo, as reservas de solo destinadas á promoción de vivenda pública para alugueiro.

## **240. Aplicación integral da ILP da Plataforma de Afectados pola Hipoteca.**

Ningunha persoa debe ser privada dun dereito tan básico, como o dereito á vivenda, nin pode habitar unha de xeito precario. Levaremos a cabo a aplicación integral de dita ILP, cun desenvolvemento normativo que garanta o dereito á vivenda e evite situacións de pobreza enerxética, como os cortes en subministrados, que conteña medidas mesmo sancionadoras contra aquelas compañías que leven a cabo medidas abusivas de cara aos consumidores.

## Protexer a terra desde un novo paradigma

O primeiro chanzo no camiño da sustentabilidade é coñecer e opinar. Sen a información precisa e os mecanismos de participación axeitados, faise imposible a asunción colectiva dos retos esixidos para a transformación do noso modelo económico e de vida. Só unha correcta diagnose da situación ambiental, nos permitirá protexer os hábitats ameazados e tomar as mellores decisións en materia de sustentabilidade. Unha análise profesional, desde os criterios científicos, contando coa participación activa en pé de igualdade da cidadanía e das organizacións involucradas, e non determinada so por intereses económicos, debe ser o punto de partida de calquera decisión con posible impacto ambiental. Ademais, so unha sociedade ben informada poderá ser a protagonista da transformación social cara a unha nova economía. Neste sentido, calquera proceso de muda, e máis un proceso de transición cara a sustentabilidade, precisa dunha forte compoñente educativa e de formación. Se ben desde o ano 2000 existe unha Estratexia Galega de Educación Ambiental, tamén é moito máis certo que a Xunta de Galicia debe activar esta estratexia incrementando os seus recursos e actividade, dotando de recursos aos numerosos equipamentos públicos e facilitando o emprego dentro deste ámbito. Para iso, propónse a definición de unha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental, inserida dentro da nova Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático.

### **241. Mellorar a independencia dos procesos de avaliación ambiental, evitando a compra de «lavados verdes» para sacar adiante os trámites de aprobación ambiental de determinados proxectos.**

A Xunta de Galicia debe garantir e esixir a máxima calidade técnica aos Estudos de Impacto Ambiental (EIA), incorporando o coñecemento científico dispoñible máis actual, tomando todas as salvagardas necesarias para evitar o intercambio territorial dos EIA e tomando medidas coercitivas cando se detecten estes comportamentos. Así mesmo nas Declaracións de Incidencia Ambiental (DIA) a Xunta de Galicia debe concederlles toda a responsabilidade técnica e política que se merecen estes instrumentos ambientais que pretenden garantir a minimización dos impactos ecolóxicos.

### **242. Evitar o uso das salvagardas de excepcionalidade reservadas para proxectos estratéxicos, que se teñen convertido en atallos para reducir ou evitar a exposición pública das preceptivas avaliacións ambientais.**

A participación pública, das persoas, dos colectivos sociais e profesionais son unha garantía da aceptabilidade social que non se debe evitar.

### **243. Dinamización do Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA).**

Alén das funcións xa asignadas, o COGAMA deberá contribuír ao incremento da sustentabilidade do modelo económico e social de Galicia. Debido á súa pluralidade social e sectorial, preténdese converter este órgano no centro do debate ambiental en Galicia, superando a súa actual paralización. Realizará cuantificación de indicadores relacionados coa saúde e calidade de

#### **244. Mellora do Sistema de Información Ambiental de Galicia (SIAM).**

Retomárase a publicación periódica de datos actualizados para todos e cada un dos indicadores e aumentarase o número de indicadores ambientais analizados, sobre todo aqueles relacionados con grandes proxectos ou posibles focos de contaminación. A información derivada do SIAM será parte fundamental da estratexia de COGAMA para contribuír ao seu fin fundamental: o aumento da sustentabilidade do modelo económico e social de Galicia.

#### **245. Aplicación da transposición do Convenio de Aarhus.**

Coa aplicación do Convenio garántese e facilítase o acceso da sociedade e as ONG á información xerada pola Administración Pública e os procedementos administrativos relacionados con calquera ámbito das actuacións con incidencia medioambiental. O cumprimento deste Convenio provocará que todos os ámbitos administrativos autonómicos deberán conceder acceso universal a toda a documentación vinculada cos procesos ambientais.

#### **246. Inclusión de contidos de Educación Ambiental no sistema educativo galego.**

O goberno galego requirirá que na definición dos programas de ensino infantil, primaria, secundaria e bacharelato se incorporen contidos de ensino ambiental. Para iso, Consello Galego de Medio Ambiente en colaboración co SIAM, e coa comunidade educativa, definirá os materiais educativos que serán parte da proposta educativa ambiental para cada un dos niveis educativos sinalados.

#### **247. Programas de divulgación e asesoramento a fogares e a empresas de prácticas de aforro e eficiencia enerxética e de recursos.**

Esta iniciativa será impulsada pola Consellería de Medio Ambiente en colaboración con outros ámbitos administrativos con competencias nos diferentes sectores produtivos. Referirase ao aforro enerxético pero tamén ao uso da auga, desde a perspectiva de todo o seu ciclo, e á xeración de residuos sólidos.

#### **248. Comunicación ambiental na acción do goberno galego: gasto público e educación ambiental.**

As accións do goberno de Galicia e a acción da iniciativa privada que incorpore apoio público deberán incluír sempre a dimensión ambiental. Artellarase un sistema de comunicación ambiental, difusión ou educación (en ámbitos concretos) da acción do goberno galego. Para iso empregaranse canles de comunicación propias e alleas, incluíndo bloggers, youtubers, etc.

#### **249. Visión transversal na nova Estratexia Galega de Educación Ambiental.**

Alén das compoñentes sectoriais mencionadas anteriormente, o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais debe xogar un papel importante nesta nova estratexia educativa ao darlle unha función máis integradora e ter unha visión globalizadora: a educación ambiental como unha parte da sustentabilidade global na que participan un conxunto amplo de sectores, servizos e movementos sociais, alén dos axentes institucionais que terán funcións executivas.

## Preservar a nosa biodiversidade

A biodiversidade proporciona beneficios fundamentais para a vida. A perda de biodiversidade ten efectos negativos sobre o noso benestar, afectando aspectos da importancia da seguridade alimentaria, a vulnerabilidade ante desastres naturais, a seguridade enerxética ou o acceso ao auga limpa. Mais tamén afecta á faciana emocional da nosa vida, á vinculación á paisaxe, ao ocio e benestar social. A preservación e recuperación da biodiversidade é un obxectivo ineludible, é un deber ético humanista conservar todas as formas de vida do planeta e que estas poidan persistir xeración tras xeración. A Xunta de Galicia terá unha posición proactiva para contribuír á preservación da biodiversidade.

Como primeiro paso, desde o goberno galego apostaremos por ampliar o coñecemento dispoñible sobre a biodiversidade e os ecosistemas naturais en Galicia. Ademais, as estratexias para a conservación da biodiversidade, das especies e dos ecosistemas, os valores ambientais propios das especies, dos seus hábitats e dos ecosistemas galegos con maior biodiversidade deben ser parte das propostas de educación ambiental que se definan na nova Estratexia Galega de Educación Ambiental.

A premisa coa que traballamos é que os espazos naturais deben ser xestionados, abandonando a idea de que a súa conservación significa «non tocarlos». Todo o contrario, debemos definir ferramentas, plans e programas que nos permitan conservar eses ecosistemas e que fagan compatible a súa conservación coa presenza humana. No corpo normativo galego en materia ambiental existen algunhas carencias pero tamén existen elementos xurídicos que nunca foron desenvolvidos e executados pola Xunta de Galicia, que se pretenden desenvolver nesta lexislatura. Tan importantes como as políticas activas de recuperación e xestión da biodiversidade e o marco normativo, son os mecanismos de control que exerza a autoridade autonómica. Para facer compatible a conservación dos espazos naturais e a actividade humana, En Marea propón as seguintes medidas:

### **250. Plans de Conservación e/ou recuperación das especies ameazadas.**

É necesario revisar os Plans xa realizados, desenvolver novos Plans, dotar de medios ao Servizo para o cumprimento dos existentes e revisar as políticas sectoriais (agricultura, gandería, forestal, urbanismo,...) que poidan afectar ás especies catalogadas Lexislación específica ao respecto.

### **251. Revisión do Plan de Xestión do lobo.**

O lobo é a única especie que non está catalogada e que conta cun plan propio. A primeira proposta pasa por cambiarlle o nome: de «xestión» a «conservación e convivencia». A segunda pasa por eliminalo como especie cinxética de Galicia (isto é, de aqueles territorios galegos contemplados no plan nos que se pode cazar). Porén, permitir o «control de individuos» (exemplares que poden ser particularmente problemáticos e xerar problemas de solución difícil). Dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental haberá un plan específico de educación ambiental relativo ao lobo. Así mesmo, a Xunta de Galicia definirá un novo marco que permita axilizar, mellorar e actualizar as compensacións por ataques.

## **252. Promover a investigación científica no ámbito da biodiversidade en Galicia, particularmente sobre bioloxía da conservación**

Dentro da Estratexia galega de I+D+i contemplaranse accións de financiamento para a investigación no campo da biodiversidade.

## **253. Derrogación da Lei de Conservación da Natureza de Galicia e elaboración dunha nova Lei**

Este novo marco será acorde coas necesidades ambientais actuais, acorde con novas directivas/leis europeas/estatais de protección ambiental e tendo en conta normas sectoriais que inciden na conservación.

## **254. Revisión Participativa do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.**

O catálogo xa está desactualizado, requiríndose novas categorizacións das especies e novas inclusións

## **255. Creación do Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras.**

A Xunta de Galicia realizará unha proposta legislativa que inclúa a catalogación das especies exóticas invasoras e defina os medios para a posta en marcha de plans de control e erradicación de esas especies invasoras, tanto animais como vexetais. No caso das especies invasoras sobre o dominio marítimo terrestre, competencia do Estado, a Xunta demandará que a Demarcación de Costas incorpore nos seus programas todas as medidas necesarias para a erradicación desas especies, incluso contemplar a colaboración coa iniciativa privada.

## **256. Obriga de contemplar a conservación da biodiversidade no establecemento de todas as políticas sectoriais que afecten ao territorio.**

Nas actuacións políticas sectoriais con incidencia territorial e na conservación da biodiversidade, a Xunta de Galicia debe garantir a avaliación das afeccións sobre a mesma, a súa mitigación e a compensación de danos, no caso de se produciren.

## **257. Cumprimento da lexislación comunitaria de conservación da biodiversidade.**

As axudas da PAC deberanse orientar (tal e como se recolle nos seus obxectivos) á conservación da biodiversidade: paulatina eliminación paulatina de axudas á actividades agrogandeiras que danen a biodiversidade, incentivación das que contribúan á súa conservación. A Xunta de Galicia deberá ter especial coidado no deseño de mecanismos que permitan a compatibilización das actividades agrogandeiras que se desenvolvan en Espazos Naturais Protexidos (ENP).

## **258. Creación da Comisión para o Desenvolvemento da Custodia do Territorio.**

Desde 2007, a Xunta aínda non realizou ningunha acción en positivo para favorecer a custodia do territorio, unha figura con ampla experiencia mundial na conservación dos ecosistemas. Por iso, nesta lexislatura débese pór en marcha esta Comisión. A partir da colaboración entre a administración pública e as entidades privadas defínase o contido (medios humanos, financeiros e mecanismos) para que a custodia do territorio se converta nunha figura da estratexia galega de conservación da biodiversidade.

## **259. Nova Lei de caza e pesca deportivas.**

A Xunta de Galicia definirá unha nova proposta normativa nestes ámbitos.

Farao de xeito participativo a partir de algúns supostos: a xestión da caza e da pesca debe ter en conta criterios científicos, utilizaranse sistemas de caza e pesca absolutamente respectuosos coa conservación da biodiversidade, ampliaranse os Comités de Pesca e Caza para que todos os axentes sociais estean presentes, avanzarase na definición de medidas que amplíen a seguridade para os cazadores e pescadores e para a cidadanía en xeral, estableceranse controis preventivos de alcohol e drogas aos portadores de armas e aumentarase a idade legal para obter a licenza de caza aos 18 anos.

## **260. Revisión e ampliación da Rede Natura en Galicia.**

Hai espazos que non están dentro da Rede Natura mas que cumpren dabondo cos requisitos para ser parte desa figura de protección. Entre eles a Serra do Suído; Río Arnoia, Serra da Cova da Serpe, Serra de Foncuberta, Serra da Groba, entre moitos outros. Algúns espazos que xa están dentro da Rede Natura requiren da ampliación da súa superficie.

## **261. Ampliación do número de Parques Naturais en Galicia.**

A Xunta de Galicia iniciará o procedemento para declara Parque Natural aos espazos: Ancares -Courel, Monte Pindo e outras zonas da Costa da Morte, Canóns do Sil, Bibeí, ampliación do Invernadoiro ao Macizo Central e Pena Trevinca.

## **262. Modificación do Plan Director da Rede Natura 2000.**

Debe incorporar os criterios científicos de xestión máis avanzados, limitando os usos incompatibles coa protección da natureza (como portos deportivos, recheos, plantas de acuicultura, aproveitamentos enerxéticos) e permitindo as actividades humanas que respectando todos os valores ecolóxicos deses espazos desenvolven aproveitamentos tradicionais (por exemplo, gandería de alta montaña con especies en perigo de extinción). Débense impulsar todas as «medidas agroambientais» para que a actividade agraria e gandeira sustentable que se realiza dentro destas áreas obteña os apoios económicos precisos para permitir a dobre función: económica e ambiental, de conservación dos valores naturais e de aproveitamento económico sustentábel dos recursos.

## **263. Desenvolvemento de todos os plans de xestión aínda pendentes,**

dispostos na Lei 9/2001, de conservación da natureza, e na Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Entre eles compre mencionar: Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), e Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX).

## **264. Plan de eliminación de especies exóticas en Espazos Naturais Protexidos.**

De xeito progresivo a Xunta de Galicia debe iniciar a eliminación de especies exóticas dos Parques Naturais. Este Plan será dotado economicamente con fondos suficientes para alcanzar eses obxectivos. Tamén se incluírán os espazos protexidos baixo a Rede Natura 2000.

## **265. Lei de conectividade ecolóxica e desenvolvemento posterior de plans de conectividade ecolóxica.**

A conservación da natureza e, de xeito particular, de moitas especies realízase de xeito clásico a través da protección de áreas de territorio concretas, espazos naturais. Porén o coñecemento científico existente dende hai xa décadas permite coñecer que isto non é suficiente e non se consegue, no mellor dos casos, frear a perda de biodiversidade. A conectividade ecolóxica dos territorios en xeral e, en particular, dos espazos naturais é fundamental para a conservación das especies e das funcionalidades ecolóxicas. O deseño da conectividade debe ser, obviamente, multiescala e multiespecie. Débese polo tanto redactar unha lei ao respecto e aplicala de xeito práctico. Na futura Rede Natura deberan estar estes espazos de conectividade.



## Un ambiente sen contaminación

A produción de residuos é inevitable en todo proceso produtivo ou de consumo. O obxectivo non é o imposible «residuos cero», o obxectivo é reducir ao máximo a súa contía, e tamén descartar «residuos» que a natureza non pode metabolizar, e por suposto deseñar estratexias que permitan converter en insumos para novos procesos os «refugallos» dos procesos previos.

A contaminación, por outra parte, adoita diversas formas, polo que a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o dereito básico a vivir nun ambiente sen contaminación debe ser multisectorial e multinstrumental. Para corrixir os problemas ambientais que temos en Galicia requírese, fundamentalmente, vontade política para atallalos, a que non houbo ata agora, pois existen solucións tecnolóxicas para xestionar todos os problemas ambientais derivados da contaminación. Por todo isto, a nosa proposta non incorpora grandes novidades tecnolóxicas pero si grandes doses de compromiso político para pór en marcha os mecanismos necesarios para garantir o dereitos dos galegos e galegas a vivir nun territorio sen contaminación, pivotando nestes principios: i) facer operativo o principio de precaución cando non existe consenso científico arredor dos efectos de diversas substancias ou produtos; ii) reducir a contribución galega ao aumento da «sopa tóxica» que existe nas masas acuáticas; iii) impulsar estratexias de prevención no uso de substancias tóxicas favorecendo e impulsando o principio «a natureza é máis sabia», impedindo, polo tanto, o uso de compostos ou substancias que non topan metabolizantes na natureza.

Pola súa banda, o modelo centralizado de xestión de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) impulsado pola Xunta de Galicia a través de SOGAMA tense demostrado ineficaz ambiental e economicamente:

- ▶ Non se adecúa ao noso territorio. A centralización dos residuos nun contexto dun número moi elevado de núcleos de poboación provoca que os residuos «viaxen» demasiados quilómetros.
- ▶ A centralización dos residuos non evita a existencia de vertedoiros. SOGAMA non conta con capacidade suficiente para procesar todos os residuos que lle chegan polo que unha parte vai destinada a vertedoiro.

Por outra parte, o actual sistema de tratamento de residuos inserido dentro do Plan de Xestión de Residuos Urbanos en Galicia 2010-2020, non conta nin coas medidas necesarias nin coa dotación económica requirida para cumprir cos obxectivos marcados pola Unión Europea para 2020: nese ano a taxa de reciclaxe debe situarse no 50% (na actualidade sitúase arredor do 15%) e, en segundo lugar, deberíase reducir o volume global de residuos nun 10% respecto ao 2010 e, finalmente, o volume de residuos destinados a vertedoiro debería ser cero.

- ▶ A proposta de xestión dos RSU que realiza En Marea segue dous principios básicos:
- ▶ O mellor residuo é o que non se xera.
- ▶ O mellor residuo é o que non se transporta.

No curto prazo, aló menos no horizonte de 2020, a incineración non vai desaparecer pero a Xunta de Galicia debe tomar todas as medidas necesarias para enviar a menor cantidade posible de residuos con ese destino. A nova Estratexia Galega de Xestión de Residuos Sólidos crearase baixo as premisas anteriores e considerando que o novo modelo de xestión dos RSU permitirá:

- ▶ Aforrar cartos públicos e privados
- ▶ Reducir as emisións de gases contaminantes, incluídos os GEI
- ▶ Xerar novas oportunidades de emprego.

Para iso, a Xunta de Galicia debe pór en marcha medidas políticas e económicas que faciliten que os Concellos e as Comarcas poidan tratar os seus residuos orgánicos mediante procesos de compostaxe comunitaria e/ou compostaxe individual. As medidas específicas que se propoñen desde En Marea son as seguintes:

## **266. Incrementar e mellorar os órganos de control e inspección medioambiental.**

Esta acción ten carácter transversal ao incidir en diversos tipos de contaminación. Sen descartar a mellora e/ou actualización da normativa ambiental que establece os límites da contaminación, a Xunta de Galicia porá todos os medios para o cumprimento estrito da lexislación vixente, incidindo na necesidade de actuar como «policía ambiental» en todos os ámbitos que xeran contaminación, independentemente da fonte de orixe e tamén independentemente do tipo de contaminación (atmosférica, acuática, residuos sólidos...). A maior incidencia desta actividade de control deberá ocorrer nos grandes xeradores de contaminación.

## **267. Galicia libre de transxénicos no medio ambiente e libre de glifosatos.**

Como consecuencia dos coñecementos científicos e da aplicación do principio de precaución, a administración autonómica debe legislar para prohibir a comercialización de glifosatos no noso territorio e debe comezar, de forma inmediata, por deixar de utilizalos nas súas prácticas de control de adventicias e malezas. O mesmo principio de precaución e as incertezas asociadas coa extensión dos produtos transxénicos debe levar ao parlamento galego establecer ao noso país como un espazo libre de transxénicos no medio ambiente.

## **268. Posta en marcha do Programa Galicia Biodegradábel.**

Mediante este programa, inserido dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental, a Xunta de Galicia definirá mecanismos de acción e dotaralos de recursos para fomentar o emprego de substancias biodegradábeis para usos domésticos nos ámbitos da limpeza (vaixelas, roupa....), para impulsar o uso de acelerantes/propulsores da dixestión de residuos que sexan biodegradábeis. Este programa ten como obxectivo reducir progresivamente a inserción de substancias tóxicas, non biodegradábeis, nos medios acuáticos (ríos, lagos, rías, mar)

**269. Promover a investigación científica no ámbito da bioloxía e outras disciplinas para avanzar no coñecemento sobre a redución das substancias tóxicas nos procesos de produción e consumo.**

Dentro da Estratexia galega de I+D+i contemplaranse accións de financiamento para a investigación neste campo, favorecendo accións colaborativas entre as industrias e os centros de investigación.

**270. Campaña pública de concienciación ambiental.**

Dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental inseriranse accións encamiñadas a incrementar a conciencia ambiental relacionada coa redución dos residuos. Deste xeito, a Xunta de Galicia, en colaboración coas Deputacións Provinciais e cos Concellos, definirán medidas de diversa índole e alcance (sen descartar medidas impositivas que incentiven a non xeración de residuos) para alcanzar unha redución significativa dos residuos sólidos xerados.

**271. Ampliar a Rede de Puntos Limpo e mellora do funcionamento dos xa existentes.**

Alén das funcións que xa cumpren, os Puntos Limpos deberíanse converter en espazos que faciliten a reutilización de diversos enseres ou aparellos en bo estado de funcionamento, mediante acordos con entidades sociais.

**272. Creación de Puntos Verdes en todas as comarcas e naqueles concellos onde o volume de residuos leñosos o permita**

A Xunta de Galicia realizará as modificacións legislativas necesarias para definir os «Puntos Verde». Estes novos mecanismos de xestión de recursos permitirá reducir a cantidade de recursos leñosos xerados en orixe mediante a súa transformación en estelas que poderán ter destino enerxético ou ser materia prima para a produción de biofertilizantes. Pénsase fundamentalmente nos residuos vexetais procedentes de parques e xardíns pero tamén en residuos leñosos procedentes de actividades agrarias que na actualidade son obxecto de incineración *in situ*.

**273. Accións encamiñadas a reducir o desperdicio de alimentos que se producen nos fogares, nos restaurantes e nos servizos públicos de restauración.**

En moitos países do mundo existen estratexias para reducir os desperdicios de alimentos. No Estado español existen algunhas campañas públicas «cosméticas» de loita contra o desperdicio de alimentos, sendo de destacar numerosas iniciativas sociais e comunitarias encamiñadas a reducir ese desperdicio. A Xunta de Galicia non debe ser allea a esta problemática e debe deseñar accións propias e outras colaborativas con entidades sociais para reducir o volume de alimentos desperdiciados nalgunha das fases do sistema agroalimentario, tanto por razóns ambientais como sociais e políticas de loita contra a fame.

Por estaren xa vencidos, a Xunta de Galicia debe definir dous novos Plans de xestión e prevención de residuos:

- ▶ o Programa de Xestión de Residuos da Construción e Demolición de Galicia 2017-2020.
- ▶ o Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia 2017-2020.

## **274. Definirase o novo Plan de Xestión dos residuos agrogandeiros.**

Son moitos os subsectores agrarios que presentan problemas de xestión de residuos polo que en colaboración coas axentes do sector e cos Organismos Públicos de Investigación (OPIs) a Xunta de Galicia definira un plan de xestión de residuos agrogandeiros que minimize a súa contía e que permita reintroducir nos ciclos bioxeoquímicos unha boa parte dos mesmos.

## **275. Plan Galego de Compostaxe.**

Dado o nivel de coñecemento acumulado, e dadas as experiencias que xa se desenvolven noutros ámbitos (local, comarcal e provincial), a Xunta de Galicia definirá, mediante un proceso participativo e no prazo de seis meses, o Plan Galego de Compostaxe para a fracción orgánica fermentábel dos RSU, os lodos de depuradora, a biomasa de orixe vexetal e análogos. Este Plan incluírá, entre outras as seguintes medidas: marco de colaboración público/privado na xestión dos residuos, inventario dos residuos compostables, estimacións dos volumes e compostables, medidas para o fomento da investigación relacionada coa compostaxe e estudos de mercado sobre a valorización do compost producido. En colaboración cos Concellos e coas Deputacións, así como coa participación da iniciativa privada e coa participación dos Organismos Públicos de Investigación, a Xunta de Galicia apostará por plantas de compostaxe comarcal, local, comunitaria ou individual, segundo os casos.

## Loita contra a mudanza climática

O cambio climático trátase dun problema potencialmente moi grave e con efectos importantes sobre a estrutura socio-económica galega. As actuacións de mitigación (redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, GEI) a nivel autonómico e local son necesarias e deben complementar as medidas tomadas a nivel estatal e supra-estatal. O papel do goberno, e da sociedade galega en xeral, é crucial para tentarmos atallar este problema de natureza global pero que require de accións desde os ámbitos locais e autonómico. Definir unha estratexia de mitigación dos efectos do cambio climático vai moito máis alá do departamento ambiental, involucrando a todas as consellerías e tendo un carácter horizontal. Nesta estratexia:

- ▶ Debe ser unha prioridade a preservación dos sumidoiros de carbono, débese impulsar unha agricultura e gandería que permitan a incorporación de materia orgánica ao chan e débense empregar técnicas de produción ecolóxica que minimicen as emisións e débese reconsiderar a política forestal galega, incidindo na captura de carbono e buscando solución ao grave problema dos incendios
- ▶ A promoción da eficiencia enerxética (demanda) e das enerxías renovables deben centrar as políticas públicas, sendo fundamental que todas as fontes de enerxía se enfronten a todos os custos sociais de índole ambiental á hora da súa planificación e operación, e os impostos ambientais son o mecanismo máis acaído.
- ▶ Débense priorizar as iniciativas que permitan o almacenamento de enerxía.
- ▶ Débese minimizar o efecto do transporte como xerador de emisións de GEI

En definitiva, a estratexia galega contra o cambio climático debe ser o resultado de moitas políticas sectoriais, polo que En Marea propón ás seguintes medidas de actuación (complementadas coas que aparecen recollidas nos ámbitos do transporte, do modelo enerxético e outros ámbitos sectoriais):

### **276. Lei de Mitigación e Adaptación á Mudanza Climática.**

Incluirá as medidas para a mitigación do cambio climático nos campos da enerxía, transporte, industria, agricultura, gandería, produción forestal, xestión de residuos e manexo de áreas naturais. Así mesmo incluirá as medidas necesarias para alcanzar os obxectivos de reducións de emisións derivados dos compromisos asumidos. O goberno galego habilitará os medios económicos e técnicos requiridos para cumprir con eses obxectivos.

### **277. Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética**

De aplicación en todos os sectores, con 10 anos de vixencia. Será parte da Estratexia Galega de Educación Ambiental.

### **278. Cooperativas de produción enerxética en base a enerxías renovables.**

O goberno galego modificará os Decretos que regulan a produción de enerxía a partir de recursos renovábeis para contemplar a opción de que sexan os propios consumidores e/ou os propietarios da terras os que se convertan en promotores.

## **279. Aprobación da Lei do Ceo.**

A Xunta de Galicia elaborará unha norma que encamiñe un proceso de racionalización da iluminación pública e protección ante a contaminación lumínica, garantindo que o alumeadado exterior dos Concellos e dos entes provinciais cumpra coa lexislación vixente ( Real Decreto 1890/2008 de 14 de novembro)

## **280. Galicia libre de fracturamento hidráulico.**

O Parlamento de Galicia aprobará a prohibición a proxectos de explotación, e investigación de hidrocarburos por fracturamento hidráulico.

## **281. Estratexias comarcais**

O goberno galego definirá estas estratexias para o aproveitamento enerxético da biomasa residual forestal para a produción de estelas con fins enerxéticos e/ou caloríficos. Esta estratexia contribuirá a reducir a dependencia enerxética de Galicia e extraerá do onte biomasa residual que na actualidade fica *in situ* como combustíbel para os incendios forestais.

## **282. Limitación da velocidade en vías urbanas.**

A Xunta de Galicia habilitará unha liña de apoio técnico e económico para os Concellos que contemplan a limitación da velocidade nas vías urbanas.

## Protexer os animais

A Xunta de Galicia debe deseñar unha nova **Lei de protección animal e convivencia responsable**. Mentres isto non ocorre, tomará as seguintes medidas para a defensa dos animais.

### **283. Modificar o artigo 5 da Lei 1/1993,**

eliminando os puntos 2 e 3 que fai excepcións en certas actividades de maltrato animal (tauromaquia e o tiro ao pombiño). Na modificación incluír aspectos como a prohibición de exhibición comercial de animais en tendas, veto ao uso de colares de descargas, pinchos ou esprais, regulación dos santuarios e aplicación de políticas de sacrificio cero de animais domésticos, e cun control exhaustivo do sistema identificador dos mesmos. Endurecemento do catálogo de sancións.

### **284. Prohibición do uso de animais en espectáculos circenses e atraccións feirais ou mecánicas.**

Entendemos que neste tipo de espectáculos non teñen que participar animais xa que iso demostra un modelo de crueldade contra eles que non debemos permitir nunha sociedade avanzada e do século XXI como a nosa.

### **285. Programa de apoio a reconversión de parques zoolóxicos e acuarios co obxectivo de reintroducir aqueles animais que sexa posible liberar**

Conversión deses espazos en centros de recuperación de fauna e santuarios de animais que non teñen posibilidade de reintrodución no medio.

### **286. Estratexia Galega de prevención do abandono e maltrato animal 2016-2020**

Coa elaboración de medidas sensibilizadoras aproveitando as canles de comunicación públicas, como a TVG e Radio Galega, e con especial interese no desenrolo de campañas de senso educativo adaptadas aos diferentes niveis escolares e formativos.

### **287. Programa de apoio económico e técnico para as entidades protectoras animais.**

Entendemos que o poder galego debe exercer un control preciso daquelas entidades que apostan pola protección animal, e facer un seguimento das súas políticas para coñecer de primeira man as súas actividades evitando así malas prácticas. Creación de un programa de apoio económico e técnico aos concellos para o desenvolvemento de medidas e iniciativas de control responsable de animais da rúa, como a xestión de colonias felinas ou os servizos de rescate e acollida.

## Xestión Sustentable da Auga

A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade e da natureza: non é unha mercadoría. Por iso En Marea defende que xestión da auga debe ficar no espazo público e comunitario, e realizarse con participación, equidade e control social. O noso programa para a xestión sustentable da auga, contextualizado no noso territorio, o «País dos mil Ríos» e das Rías, considera que a auga non pode ser un negocio e o principio organizador debe ser o da recuperación do custe: hai que repercutir os custes sobre o consumidor, segundo fixa a Directiva Marco da Auga, e a recadación debe ser destinada á xestión da auga co obxectivo de facer un uso máis eficaz, reducindo o seu custe de obtención, distribución e tratamento. Pola súa banda, Augas de Galicia debe sufrir un importante proceso de profesionalización. Debe ter capacidade técnica suficiente e non depender para case toda a xestión de caras, moi caras asistencias técnicas. Ademais, dentro de Augas de Galicia débense separar as funcións de control da calidade de augas e a de planificación hidrolóxica. Pola súa banda, a Xunta de Galicia debe modificar o marco normativo que regula a auga e debe deseñar un novo plan plurianual de saneamento que combine diferentes solucións tecnolóxicas para o coidado ambiental dos ríos e das rías galegas. Por último, compremencionar que durante moitas décadas os xestores da auga estiveron ocupados de xestionar a oferta, ou mellor dito, de aumentar a capacidade de acumulación de auga, observando como marxinal as compoñentes da demanda do recurso. É preciso mudar esta perspectiva para avanzarmos nos modelos de xestión sustentable da auga. En Marea propón as seguintes medidas para transformar a acción política sobre a auga:

### **288. Nova Cultura da Auga en Galicia.**

Dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental, a Xunta de Galicia incluírá accións encamiñadas a concienciar sobre a auga como recurso esencial e accesible a toda a cidadanía, fomentando o seu uso responsable tanto a nivel doméstico como dentro das industrias. Dotaranse os medios para esa nova cultura da auga, onde tamén se incluírán aspectos relativos á riqueza dos ecosistemas fluviais, do espazo do litoral e sobre os perigos das especies invasoras.

### **289. Derrogación da Lei 9/2010, de augas de Galicia.**

A xunta de Galicia debe formular unha nova Lei da auga onde se corrixa as súas principais eivas: a auga debémola manter no ámbito público, ao tratarse dun recurso básico; debemos legislar recoñecendo o inmenso labor de prestación de servizo público que realizan as comunidades de usuarios, exercendo o rol que lle correspondería aos concellos e non legislar unicamente con afán recadador; débese ter ao «ciclo da auga» como o marco que delimite a xestión sustentable do recurso. Todas estas eivas deben ser corrixidas mediante a formulación dunha nova Lei de Augas.

### **290. Reformulación da estrutura de Augas de Galicia.**

Cando menos, propulsarase a separación das funcións de planificación e control; a profesionalización de Augas de Galicia para unha menor dependencia de custosas asesorías externas; capacitación técnica do persoal das administracións



hidráulica, tanto autonómica como local; creación dunha rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos e das rías, integrando a todos os axentes do ámbito da investigación e do control que existen en Galicia.

## 291. **Elaboración do Plan de Saneamento de Galicia 2016–2030.**

O Plan de Saneamento 2000–2015 propiciou a extensión no territorio galego de procesos de saneamento non sempre acordes coas necesidades da poboación e case sempre incapaces de tratar con acerto ambiental os residuos producidos polas unidades domésticas, e sobre todo, as industriais. Trátase dun ámbito de actuación con enormes efectos transversais que ten producido importantes problemas ambientais e económicos. A Xunta de Galicia debe cambiar a filosofía para o deseño do Plan de Saneamento e debe apostar por medidas innovadoras que combinen tratamento efectivo dos residuos, non sempre de xeito centralizado, con redución en orixe dos residuos producidos. Este Plan terá carácter estratéxico para o novo goberno galego e permitirá avanzar no cumprimento das esixencias ambientais fixadas pola Unión Europea pero tamén contribuir a que sectores produtivos (aproveitamentos marisqueiros, turismo, etc) e a cidadanía en xeral non sufran externalidades negativas que afectan negativamente á súa calidade de vida. Non se deixarán de lado os distintos núcleos, buscándose solucións tecnolóxicas apropiadas aos volumes de tratamento, incluíndo criterios económicos.

## 292. **Revisión do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa.**

A recente aprobación do PLAN HIDROLÓXICO GALICIA COSTA 2015–2021, foi unha oportunidade perdida polo goberno galego para avanzar na definición de estratexias de planificación sustentable dos nosos recursos hídricos. Entre as súas carencias figuran; (i) Ausencia de mecanismos que garantan a posta en marcha dos principios de «prevención, de avaliación de impacto ambiental, de información pública, de participación cidadá, de educación ambiental...» nos que se basea a Lei 1/1995 de protección ambiental de Galiza; diversos aspectos da normativa de avaliación de impacto ambiental, como a necesidade de avaliar o impacto global de plans e programas mediante unha avaliación estratéxica tampouco se contempla eficazmente; (ii) Se ben no 2000 aprobouse a Directiva Marco da Auga (DMA), Directiva 2000/60/CE, que establecía un novo modelo de xestión da auga, de obrigada referencia, mandando previr calquera nova deterioración dos ecosistemas acuáticos e atinxir como mínimo o «bo estado» de todas as augas no horizonte do ano 2015, nin o Plan anterior foi eficaz para este obxectivo, nin o novo conta cos medios para conseguilo nun prazo razoable. A nova reformulación fundamentarase no seguinte:

- ▶ **Plans de restauración dos ecosistemas fluviais e das rías.** Estes Plans deben ser o resultado do maior consenso posible, abrindo os procesos de participación a todos os axentes con «algo en xogo» neses procesos.
- ▶ **Plans de mellora integral dos ecosistemas fluviais e das Rías.** Prevención da contaminación difusa, creación de zonas de protección contra a escorrentía agrícola nas marxes laterais dos ríos, filtros verdes.....Fomentarase unha agricultura e gandería respectuosas co medio ambiente e fixaranse controis moi rigorosos sobre as industrias con maior incidencia contaminante no medio acuático.
- ▶ **Plan de restauración de humedais e zonas de inundación dos ríos,** e de restauración hidrolóxico–florestal das bacías, optando por solucións que minimicen os riscos e afeccións derivadas dos incendios florestais, e que contribúan a regular de forma natural as enchentes e a recarga de acuíferos.

- ▶ **Plan de saneamento integral de todos os cursos fluviais e das rías** que garanta a depuración integral dos vertidos urbanos e industriais, preferentemente mediante alternativas de tipo natural, eficiencia integral demostrada e baixo consumo enerxético, e unha atención equilibrada á prevención da contaminación en orixe en relación co tratamento. No que respecta ao saneamento dos vertidos urbanos, teranse en conta os modelos descentralizados de saneamento e aplicaranse as técnicas de análise do ciclo de vida para elixir as alternativas máis sustentables

### **293. Plan para o estudo hidrobiolóxico dos ríos galegos.**

A Xunta de Galicia elaborará ese Plan, onde, cando menos, se catalogue e cuantifique a biodiversidade fluvial, se desenvolvan estratexias de recuperación das especies ameazadas, e se controlen as poboacións das especies invasoras.

### **294. Garantía dos caudais ecolóxicos**

A Xunta de Galicia, nos ríos da súa competencia exercerá todas as funcións contempladas na lexislación para o cumprimento dos caudais ecolóxicos nas presas hidroeléctricas, así como o funcionamento e mantemento dos sistemas de escadas para as especies migratorias. Ata que teñas competencias plenas, a Xunta de Galicia requirirá aos organismos competentes do Estado para que as grandes presas hidroeléctricas cumpran cos caudais ecolóxicos, e que estes caudais sexan establecidos e volumes diarios, non anuais.

### **295. Revisión Colaborativa do Plan da Auga**

En colaboración con Colexios Profesionais, cos técnicos dos servizos autonómicos e municipais, cos movementos sociais con intereses no sector, e en xeral cos usuarios, abrirase un período de revisión do Plan da Auga naqueles aspectos que sexa necesario mellorar (aprendizaxe de sistemas tarifarios de recuperación do custe; conservación do recurso; mellora do sistema de control, etc) para sermos máis eficaces, e baratos, na xestión do recurso.

### **296. Galicia, terra do Millón de Fontes.**

En colaboración cos Concellos, sobre todo os de maior tamaño, a Xunta de Galicia porá en marcha unha campaña para a conservación e uso das Fontes Públicas, incluíndo un sistema de control da súa calidade. As fontes públicas son fluxos permanentes de auga potable que se porán en valor mediante este acción.

### **297. Auga de consumo na administración galega**

A Xunta de Galicia, tal e como se contempla no bloque «Marcando o camiño a través do exemplo: Compra pública responsábel» deixará de consumir auga engarrafada, sendo substituída por auga da billa. Motivos ambientais polas emisións de GEI e de xestión dos envases non retornables fan necesaria esta medida. Sería desexable que a Xunta de Galicia impulsase un cambio legislativo a nivel do Estado para un cambio na Lei de Envases que acabara antes que tarde co excesivo volume de envases vinculados cos alimentos.

## A nosa aposta pola sustentabilidade

Entendemos que os residuos que mellor se transforman son aqueles que non se xeran. Apostaremos por unha nova estratexia galega na xestión de residuos, que apostará pola descentralización e o diálogo coas diferentes administracións locais. O poder galego apostará polo aproveitamento enerxético de incombustibles sólidos.

### **298. A nova Estratexia Galega de Xestión de Residuos Sólidos.**

A Estratexia partirá da premisa de que o mellor residuo é o que non se xera e o que non se transporta, apostando pola descentralización da súa xestión. Desenvolveremos solucións que serán ambiental e economicamente máis desexables e compatibles cos obxectivos marcados pola UE para este ámbito: permitirá aforrar cartos públicos e privados, reducir as emisións de gases contaminantes e, finalmente, xerar novas oportunidades de emprego. Esta nova Estratexia compartirá obxectivos coa Estratexia Galega de Educación Ambiental, estando ambas as dúas dentro da Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático. No curto prazo os obxectivos serán: reducir a cero os residuos destinados a vertedoiro, o incremento da redución de residuos en orixe, colaboracións cos Concellos e coas Deputacións para a posta en marcha de sistemas de compostaxe comunitaria e/ou individual, o aumento dos Puntos Limpos, a creación dos Puntos Verdes e a adecuación dos programas e plans de xestión de todo tipo de residuos.

### **299. Biocombustibles sólidos.**

A Xunta de Galicia definirá estratexias comarcais para a produción de biocombustibles sólidos (estelas) mediante o aproveitamento enerxético da biomasa residual forestal con fins enerxéticos. Na actualidade, moita biomasa forestal residual fica no monte cando se realizan tarefas silvícolas como mondas, podas ou cortas a feito. Eses residuos algunhas veces son triturados, supoñendo un custe para o propietario. Outras veces fican amontoados ou mesmo espaxados polo monte. Son un combustíbel que acelera os incendios. Mediante esta medida, incluso coa valorización dos residuos leñosos derivados dos coidados dos parques e xardíns urbanos, pódense conseguir efectos positivos sobre a renda dos propietarios dos montes, redúcese a masa de combustíbel que fica no monte e contribúese a reducir a dependencia de materias primas importadas para producir enerxía, sobre todo na súa forma de calor.

## Protexer o país e a súa riqueza natural e animal

Dende o poder galego procuraremos a harmonización entre a protección e conservación da natureza, coa consolidación e desenvolvemento dun turismo sustentable no noso país. Apostaremos pola adaptación de Galicia ao cambio climático, un dos desafíos máis grandes do noso tempo. Elaboraremos a primeira Lei de protección animal e convivencia responsable.

### 300. Conservación da Natureza e Desenvolvemento Turístico

A Xunta de Galicia iniciará a revisión participativa do Catálogo de Especies Ameazadas e dos seus Plans de Conservación e Recuperación. Así mesmo, porá en marcha a ampliación da Rede Natura e a creación do Catálogo de Paisaxes de Interese. Todos estes recursos e as estratexias para a súa conservación serán un motor do turismo natural en Galicia. Aproveitando as sinerxías entre natureza e capital rural, a Xunta de Galicia converterá a nosa Comunidade Autónoma nunha referencia europea e mundial do turismo de natureza. Os custos económicos de pór en marcha as medidas conservacionistas enunciadas son relativamente baixas. A participación dos axentes sociais, dos colexios profesionais e da sociedade en xeral faise imprescindible para o éxito desa estratexia. A ampla rede de turismo rural existe en Galicia poderá ampliar a súa oferta de servizos. Esta medida irá acompañada da derogación da Lei de Conservación da Natureza de Galicia, e elaboración dunha nova lei acorde coas necesidades ambientais actuais, acorde con novas directivas/leis europeas/estatais de protección ambiental e tendo en conta normas sectoriais que inciden na conservación.

### 301. Aprobación da Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático

Esta norma terá como principal obxectivo definir a estratexia galega contra o cambio climático. Terá efectos en moitos campos da actividade humana e económica. Definirá unha estratexia que favoreza a eficiencia enerxética (nas familias e nas industrias e servizos) e o impulso todas as fontes enerxéticas de orixe renovable; tentará que as fontes enerxéticas e a produción de residuos fagan fronte ao todos os custos que producen; fomentará a descentralización enerxética para reducir as emisións no transporte (favorecendo o transporte colectivo de persoas) e incentivando a redución da velocidade máxima en vías intraurbanas; impulsará cambios nas políticas forestais, agrícolas e gandeiras para facelas menos demandantes de combustíbeis fósiles; establecerá un marco de apoio ao I+D+i para favorecer a mitigación dos efectos do cambio climático.

### 302. Creación da nova Lei de protección animal e convivencia responsable

Seguindo as pautas normativas dos países da nosa contorna, deseñaremos un novo marco legislativo para a protección dos animais e para unha convivencia responsable. Esa lei incluírá a prohibición do maltrato animal en espectáculos coma a tauromaquia ou o tiro ao pombiño, a prohibición do uso de animais en espectáculos circenses e atraccións feirais, medidas de apoio á reformulación de parques zoolóxicos e acuarios co obxectivo de reintroducir aqueles animais que sexa posible liberar e a conversión deses espazos en centros de recuperación de fauna. A Lei servirá tamén para impulsar a Estratexia Galega de prevención do abandono e maltrato animal 2016-2020.



# Unha cidadanía activa

Acompañaremos a unha cidadanía activa, apoiando unha sociedade que procura día a día novos retos e maior coñecemento. Apostaremos pola soberanía cultural para activar a nosa sociedade, poñendo a disposición da cidadanía todos os recursos culturais do país. Potenciaremos e recuperaremos o talento científico, investigador e innovador que existe na nosa terra e que en moitos casos se viu obrigado a buscar oportunidades noutros territorios. Deixaremos de exportar talento e poremos os instrumentos para captalo. Entenderemos a información e a comunicación desde a pluralidade e a xustiza. Será un goberno que teña capacidade para saber que a Galicia que vai vir xa está aquí. Un goberno que apoie o deporte galego desde a base, que sirva para unha sociedade activa e saudable.

Durante as dúas lexislaturas de Feijóo, o orzamento destinado a cultura reduciuse nun 55%, pasando dos 137.408.031 € no ano 2009, aos exiguos 61.982.435 € do 2016. Un recorte que se pretende xustificar pola crise económica global, aínda que os datos amosan o desmantelamento do sector cultural en Galicia: no 2009 o presuposto en cultura supoñía o 1,17% do presuposto total da Xunta, en 2016 este dato significaba o 0,60%. O noso obxectivo será recuperar (cando menos) para o remate da lexislatura, a porcentaxe dos presupostos destinada a cultura a niveis do 2008 –nos que supoñía un 1,23% do orzamento total da Xunta.

Dende o Goberno de Galicia impulsaremos un modelo de axudas públicas, rexidas por criterios obxectivos e mediante procesos transparentes e susceptibles de seren avaliados externamente. En Marea avoga por unha transformación do ecosistema e do tecido cultural a través da democratización, como garantía de universalización da cultura para toda a cidadanía. A cultura é parte do ben común, non só un ben de consumo. É un instrumento de desenvolvemento social e económico que hai que coidar e fomentar.

## Soberanía cultural para activar a sociedade

O ecosistema cultural galego debe desenvolver o procomún: entendido como a corresponsabilidade da administración pública entre o interese público (mediación profesional, reformulación de infraestruturas, redistribución de recursos) e a capacidade cidadá para xestionar na medida que sexa posible, os medios que son da cidadanía.

### **303. Recuperar unha cultura pública e accesible**

A cultura é un dereito fundamental recoñecido na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Traballaremos por unha cultura pública, democrática e accesible para todas as persoas, sen diferenzas, mediante a redistribución dos recursos en base a criterios territoriais, sociais ou económicos. O dereito ao libre acceso á cultura debe ser universal.

### **304. Recuperar a Consellería de Cultura**

A Xunta do Partido Popular eliminou a Consellería de Cultura, refundíndoa coa de Educación, unha decisión que prexudicou gravemente as dúas áreas. A cultura debe recuperar o seu papel vertebrador da sociedade, xeradora de identidade individual e colectiva.

### **305. Dignificación laboral da cultura**

Consideramos fundamental a función mediadora da administración pública para a construción dun marco laboral sectorial de carácter autonómico. Polo tanto adoptaranse medidas de loita contra a precariedade na contratación pública de servizos culturais: liñas vermellas de contratación, condicións a esixir ás empresas de servizos culturais como salarios dignos, tipos de contrato, cumprimento do convenios e das condicións laborais.

### **306. Favorecer os investimentos en investigación cultural**

Impulsaremos, en colaboración con universidades e centros superiores de ensinanza artísticas, un sistema de bolsas de investigación e residencias destinadas a asociacións, profesionais e mozos e mozas creadoras para mellorar as prácticas do ámbito cultural, favorecendo o seu acceso a unha formación especializada e facilitando a súa conexión coas últimas tendencias e con culturas e tradicións diversas.

### **307. Expandir e descentralizar as diferentes manifestacións artísticas e culturais**

Apoiaremos a existencia de iniciativas e proxectos que faciliten a multiplicación de actividades accesibles para todas as idades e territorios, sostidas no tempo, dedicadas ás artes vivas e artes visuais. Que comprenda medidas de carácter formativo e pedagóxico, de mediación e programación expandida, de programación e difusión cultural, de investigación e produción de coñecemento.

### **308. Favorecer a dirección colexiada de centros artísticos e culturais**

Desenvolveremos estratexias de dirección colexiada e participativa nos centros artísticos e culturais dependentes da Xunta de Galicia, garantindo a diversidade de xénero, de perfís profesionais e de liñas de traballo plurais que lles dean resposta ás diferentes sensibilidades artísticas e culturais do país.

### **309. Avaliación da Cidade da Cultura e outras grandes infraestruturas**

Crearemos unha comisión parlamentaria de investigación sobre as eventuais responsabilidades civís e penais derivadas da contratación de obras nas grandes infraestruturas culturais. O desproporcionado custe de mantemento da Cidade da Cultura e o escaso retorno cara sociedade do grande investimento realizado obriga a reflexionar xunto aos axentes culturais sobre o futuro da mesma.

## Reformulación dos sectores culturais

Na procura dunhas industrias culturais sólidas será necesario reformular, desenvolver ou modificar a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), aplicando cambios que garantan unha boa xestión e que simplifiquen a lexislación e a súa interpretación para evitar as diferenzas que acontecen actualmente. É fundamental que a Agadic traballe a prol da industrias culturais galegas, fomentando a produción, comercialización e distribución das obras, con criterios xustos e transparentes e con medidas que garantan unha estabilidade no tempo, como podería ser contar cun calendario de convocatorias e uns orzamentos estables.

### **310. Promover o diálogo entre os diferentes sectores culturais e a administración.**

Constituiremos consellos asesores e consultivos independentes nas diferentes áreas da cultura galega: literatura, artes visuais, teatro, audiovisual, danza, música... Potenciaremos o Consello da Cultura Galega, reforzando a presenza e representación do sector profesional e do tecido asociativo nos órganos de goberno. Impulsaremos unha territorialización -en colaboración coas corporacións locais- da oferta de difusión do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego.

### **311. Dereito á recepción de produtos culturais e artísticos.**

Fortaleceremos a Rede Galega de Bibliotecas, con máis medios materiais e humanos. Favoreceremos a súa coordinación coas bibliotecas locais, sobre todo as das zonas rurais, coa finalidade de ampliar os seus fondos e facilitar o acceso a máis e mellores contidos.

### **312. Recuperación do Centro Dramático Galego e Centro Coreográfico Galego**

As artes escénicas e musicais deben ter todo o apoio para a súa consolidación. Con esta finalidade, fortaleceremos os Centros Dramático e Coreográfico Galego, coa finalidade convertelos en instrumentos realmente útiles ao servizo do sector, fomentando a investigación, a produción e a proxección cara ao exterior das artes escénicas.

### **313. Máis promoción do CGAI**

Fortaleceremos o Centro Galego de Artes da Imaxe, poñendo fin ao seu proceso de desmantelamento, e apostando pola súa revitalización, xerando desde el unha rede de locais e salas de exhibición públicos que ofrezan nos diferentes concellos, vilas e cidades de Galicia a posibilidade de ver as producións audiovisuais galegas e as foráneas que circulan á marxe dos circuitos comerciais, dobradas ou subtituladas en lingua galega.

### **314. Mapeo das infraestruturas culturais**

Elaboraremos un mapa de infraestruturas culturais, sexa cal sexa a súa titularidade, que permita a creación dun programa para facilitarlles ao resto das administracións a posibilidade de remodelar, reforzar e ampliar os seus usos adaptándoos ás necesidades dos diferentes sectores.



### **315. Aprobar unha Lei de Artes Escénicas**

Desenvolveremos e aprobaremos no Parlamento, antes do remate de 2017, unha Lei de Artes Escénicas de Galicia, baseada no texto programático elaborado e acordado por todo o sector, incluíndo a creación dun Consello das Artes Escénicas e a autonomía xurídica dos centros de produción públicos (actualmente CDG e CCG).

### **316. Actualización da Lei do Audiovisual e do cine de Galicia**

A lei actual, de 1999, que debería regular a actividade cinematográfica e audiovisual de Galicia, quedou obsoleta. As institucións, ferramentas e obxectivos que contempla a lexislación deben adaptarse á situación actual do sector e aos novos marcos legais en España e na Unión Europea.

### **317. Desenvolver e aplicar a Lei do Libro e a Lei de Bibliotecas**

Desenvolveremos e poñeremos en práctica a Lei do Libro e da Lectura e a Lei de Bibliotecas, hoxe practicamente paralizadas. Levaremos a cabo unha estratexia política para o desenvolvemento e fomento da lectura nas familias e no sistema educativo. Crearemos unha rede de axentes de dinamización lectora en barrios, parroquias, centros culturais e asociación civís, cunha atención especial á mocidade.

### **318. Promoción exterior da nosa cultura**

Fomentaremos a promoción exterior da cultura galega e creación de pontes de dialogo a nivel local e internacional en especial con Portugal, aproveitando as relacións xa existentes entre sectores creativos de ambos os dous países, creando programas culturais de reciprocidade.

### **319. Lei Galega de Mecenado e Fondo Social**

Reformularemos a Lei de Mecenado e Patrocinio Cultural para o ámbito galego, que contribúa ao financiamento do mundo da cultura e das actividades non lucrativas, con incentivos fiscais e medidas adecuadas para a fidelización das achegas. Potenciaremos o microfinanciamento colectivo para actividades sen ánimo de lucro con deducións fiscais.

### **320. Feminización da cultura**

Todas as accións e axudas públicas velarán por facer efectivo o principio de igualdade de trato e oportunidades de mulleres e homes, na creación e produción intelectual e artística; dando así cumprimento a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre xéneros.

### **321. Rede Galega de Patrimonio**

Artellaremos un Plan Integral de recuperación, conservación, difusión e accesibilidade do noso Patrimonio Cultural. Este programa busca a habilitación de espazos patrimoniais infrautilizados, co obxectivo de darlle usos como espazos de creación e distribución de bens culturais, garantido así que todo patrimonio teña un uso o servizo da cidadanía. Ao tempo realizarase unha revisión do estado no que se atopan proxectos que levan anos en marcha, como os parques arqueolóxicos do megalitismo e do mundo romano, nos que se investiron numerosos recursos públicos. Resulta

imprescindible valorar a súa viabilidade e posible posta en marcha, fuxindo en todo momento das grandes infraestruturas, que teñen demostrado a súa ineficacia noutros proxectos similares. Crearemos unha *Rede de Destinos Patrimoniais* que reúna todos os recursos galegos considerados *Bens de Interese Patrimonial*. Fomentando, ao tempo, a catalogación e inventariado de todos os elementos existentes.

### **322. Revisión da nova Lei de Patrimonio Cultural de Galicia**

Paralizaremos a nova Lei de Patrimonio Cultural, aprobada unicamente cos votos do Partido Popular e en contra dos desexos dunha gran parte do sector. Consideramos vital contar cos profesionais do patrimonio, e coas institucións consultivas e de investigación, para poder construír unha nova lei de consenso que garanta unha correcta protección da nosa riqueza patrimonial e que antepoña os intereses colectivos aos particulares.

### **323. Plan de accesibilidade ao Patrimonio Cultural subvencionado**

As achegas públicas para a conservación do patrimonio da igrexa católica e de calquera outra institución privada estarán supeditadas á existencia dun plan que garanta a accesibilidade de toda a cidadanía a estes bens.

### **324. Mapeado urgente dos elementos patrimoniais en perigo**

En colaboración cos centros de investigación, institucións e asociacións interesadas no patrimonio cultural, iníciase a revisión do patrimonio cultural galego en perigo de desaparición. Este mapeo vai permitir levar a cabo unha mellor protección e valoración do estado de conservación dos elementos patrimoniais, ao tempo que se toman as medidas preventivas básica para garantir a súa conservación.

### **325. Plan de estudo de elementos da Arqueoloxía industrial**

Acometeremos un plan de estudo, conservación e catalogación dos restos e infraestruturas industriais conservadas, como batáns, ferrerías, saltos de auga ou fornos. Dentro deste plan habería que incluír establecementos antigos como tabernas, farmacias ou tendas, que nalgún caso seguen en uso.

### **326. Defensa activa do patrimonio cultural inmaterial**

O goberno de Galicia debe levar a cabo políticas activas que defendan o amplo e vasto patrimonio cultural inmaterial que posúe Galicia –constituído polos usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas; xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes–, e que as comunidades, grupos e individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural.

### **327. Xestión integral dos Camiños de Santiago**

A complexidade e riqueza cultural e patrimonial (material e inmaterial) do Camiño de Santiago obriga a que a xestión integral do Camiño sexa realizada desde un organismo cultural e non dende as administracións turísticas. Na medida do posible –e respectado os itinerarios históricos– promoveremos o afastamento do Camiño de estradas de alta capacidade de tránsito, buscando a seguridade dos peregrinos e peregrinas e conformar un camiño patrimonial e etnograficamente máis atractivo.

### **328. Plan de reparación e divulgación histórica**

Completaremos a retirada da simboloxía fascista e dos monumentos conmemorativos do franquismo. Este labor debe realizarse xunto a un proxecto de esclarecemento e divulgación da realidade histórica, non pode tratarse dunha simple retirada de símbolos ou modificación de nomes. Elaboraremos un mapa das foxas comúns existentes en Galicia como punto de partida imprescindible para poder acometer un plan integral de exhumacións.

## Potenciando e recuperando o talento científico e investigador

A innovación é unha vía para aumentar o valor do traballo e da nosa actividade produtiva. O poder galego comprométese a incentivala, unificando estas políticas dende a Axenda Galega de Innovación. Ao longo da lexislatura achegarémonos á media europea do investimento público en I+D, que suporá o 2% do PIB galego. Traballaremos para impulsar o sistema universitario público e a súa relación cos diferentes sectores produtivo, mellorando o seu financiamento e a execución das partidas orzamentarias. Impulsaremos programas de creación e consolidación de contratos de investigación, para promover o retorno do talento e o desenvolvemento das carreiras investigadoras para os mozos e mozas formados no sistema universitario galego.

### 329. Xirar cara á innovación

O Goberno galego primará a especialización e o coñecemento. Unificaremos as políticas de I+D+i na Axencia Galega de Innovación e remataremos coa actual dispersión entre as diversas áreas do Executivo. Impulsaremos un novo Plan Galego de I+D+i 2016-2020, rematando coa interinidade actual, con maior dotación de recursos e en liña coa Estratexia de Especialización Intelixente da Comisión Europea, que basea os seus principios na consecución do crecemento económico en base ao coñecemento.

### 330. Mellora do investimento

Necesitamos cambiar o noso modelo produtivo e iso só será posible cun incremento do investimento en I+D. Dende o 2009 o investimento público e privado en innovación descendeu en 106 millóns de euros en Galicia, case un 20%, pasando de representar o 4% do total estatal a ser o 3,6%. Tamén se reduciu o persoal en labores de investigación (un 15%), sobre todo nas universidades. As achegas realizadas pola Xunta de Galicia nos seus orzamentos sufriron un descenso radical entre 2009 e 2011, e aínda que dende entón a cantidade se ven incrementando lixeiramente, aínda se atopa moi por debaixo do nivel acadado en 2008. Galicia está moi por debaixo da media española no referido ao investimento en I+D, sendo España un dos países da UE con peores indicadores. O Goberno galego incumpriu ano tras ano o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 que «asume como obxectivo xeral a converxencia do esforzo galego en I+D+i co esforzo do conxunto de España», fixando un obxectivo do 2% para o 2015 e do 3% para o 2020, seguindo as recomendacións europeas. Hoxe, a cifra segue por debaixo do 1%. Ao longo da lexislatura achegarémonos á media europea do investimento público en I+D, que suporá o 2% do PIB galego.

### 331. Apoio á universidade pública

Nos últimos anos as universidades galegas reduciron os seus ingresos e os seus gastos por riba da media do Estado, amosando un problema de financiamento aínda non resolto e que está penalizando a consolidación e as condicións do persoal docente e investigador, ao tempo que leva a unha degradación no funcionamento dos centros. Cómpre dotar as universidades públicas dun financiamento suficiente que lles permita cumprir a súa función e que as consolide como focos de innovación para toda a sociedade. Ademais, é necesario establecer mecanismos que aseguren que as partidas orzamentarias concedidas poidan ser executadas

en tempo e forma, un problema que nos últimos anos se engadiu aos recortes. Un sistema público de investigación permite desenvolver coñecemento, produtos e técnicas economicamente pouco rendibles a curto prazo e desenvolver igualmente investigacións independentes.

### **332. Potenciar e aproveitar o talento galego**

A pesar dos recortes económicos atopamos grupos de investigación en Galicia punteiros a nivel internacional que son quen de competir a nivel mundial. A Administración pública debe ser captadora de talento e exercer funcións de transmisión de coñecemento aos axentes privados. Apostaremos polo talento dos galegos e galegas, procurando que o seu coñecemento poida repercutir no noso país e evitando que teña que marchar fóra. Cómpre impulsar programas que garantan unha oferta laboral suficiente para os e as investigadores galegas, de xeito que se poida atraer ás persoas que nos últimos anos tiveron que buscar noutros países as oportunidades que aquí se lle negaban e, igualmente, asegurar que no futuro os mozos e mozas que inician a súa carreira investigadora poidan atopar en Galicia espazos nos que desenvólvela. Reforzaremos os programas de contratos predoutorais e postdoutorais, sen esquecer as xeracións de investigadores e investigadoras que nos últimos anos, por mor dos recortes, quedaron sen a oportunidade de optar ás convocatorias que foron suspendidas ou adiadas. E, igualmente, débese regularizar e estabilizar a situación laboral dos investigadores e investigadoras que dende hai anos traballan en Galicia á espera dunha consolidación dos seus postos.

### **333. Divulgación científica**

Impulsaremos programas e espazos de divulgación científica que incrementen o coñecemento e o interese que estes ámbitos espertan na sociedade, sobre todo na mocidade, impulsando as vocacións científicas. Cómpre facer especial fincapé no fomento do estudo de carreiras científico-técnicas por parte das rapazas, co obxectivo de diminuír a actual fenda de xénero existente. De igual xeito, débese facer un esforzo por incrementar o uso do galego nestas materias, despois de que nos últimos anos as reformas do PP vetasen o uso da lingua galega para o ensino das matemáticas e outras materias de ciencias.

### **334. Medios para a investigación no eido agroalimentario**

Dotaremos de recursos aos Centros de Investigación e Departamentos de I+D+i dos Organismos Públicos de Investigación do eido agroalimentario e forestal, impulsando a súa colaboración cos sectores produtivos e demais axentes do sistema de coñecemento e innovación. Nos últimos anos a Xunta levou a cabo un proceso de desmantelamento de algúns destes servizos (por exemplo, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - CIAM). É necesario reverter esa situación.

### **335. Difusión e incorporación do coñecemento ás unidades produtivas**

Fomentaremos as actividades de extensión e difusión dos centros de investigación en colaboración coas Oficinas Agrarias Comarcais. Crearemos unha rede galega de explotacións demostrativas (explotacións reais colaborando en actividades innovadoras e de difusión con centros de formación e de I+D+i). Promoveremos escolas de coñecemento labrego baixo a filosofía de compartir saberes («campesiño a campesiño»), iniciativas prácticas nas que produtores novos e maiores poidan intercambiar saberes sobre técnicas, variedades, etc., de modo que o coñecemento tradicional e a perspectiva contemporánea se complementen.

### **336. Programa estratéxico de formación agroalimentario e forestal.**

A Xunta de Galicia debe recuperar e mellorar a formación agroforestal e alimentaria, mediante a recuperación dos CFEAS, mantendo os módulos formativos existentes e recuperando/creando outros novos orientados a cubrir todas as alternativas produtivas en Galicia. Esta nova oferta incluirá a formación en agricultura ecolóxica e agricultura sostible.

### **337. Activación da Rede Rural Galega e da Rede Galega de Innovación en Agricultura,**

Instrumento para a identificación dos problemas de cada comarca e poder xerar as solucións coas achegas de todas as partes implicadas, tendo como obxectivo principal favorecer o éxito da incorporación de mozos/as ao rural.

### **338. Creación do Servizo de Apoio á Incorporación de novos/as agricultores/as.**

Para todas as persoas que se incorporen, incluíndo aquelas que non proveñan da agricultura, a Xunta de Galicia prestará un apoio e seguimento na definición do plan de explotación e de negocio, na formación específica, na busca de terras, no plan financeiro, na xestión de axudas, etc. O acompañamento será previo, durante a implantación e nos primeiros anos; introducindo as modificacións necesarias nas actuais axudas á incorporación.

### **339. Creación dun Banco de Explotacións Agrarias (servizo de intermediación para agricultores sen relevo familiar).**

A través deste servizo a Xunta de Galicia poñerá en conexión os titulares de explotacións agrarias que non teñen relevo familiar e persoas, do rural ou non, con interese en facerse cargo desas explotacións; prestando o apoio necesario nos acordos e seguimento destas iniciativas.

### **340. A Consellería do Mundo rural porá en marcha un Plan de Integración Cooperativa e Concentración da Oferta que contribuirá a mellorar a posición negociadora do sector produtor e a reequilibrar a cadea agroalimentaria.**

### **341. A Xunta de Galicia liderará Proxectos Piloto para a posta en produción de terras en producións agrarias e forestais nas que Galicia é deficitaria e ten potencial (pequenos froitos, medicinais e aromáticas, ornamental de exterior, etc).**

Tratarase de proxectos innovadores cun alto impacto social, económico e ambiental.

### **342. O Goberno galego recoñecerá a agricultura a tempo parcial.**

Para iso impulsará medidas específicas de apoio ás explotacións semi-profesionais que combinan diferentes ocupacións dos seus membros.

## Unha información plural e independente

Cómpre mellorar a calidade do servizo da televisión e radio públicas de Galicia e garantir que cumpren o seu obxectivo de informar de xeito veraz e obxectivo á cidadanía. Os medios públicos teñen unha enorme responsabilidade cultural, lingüística, económica, polo que se debe garantir que a súa xestión sexa o máis democrática e transparente posible, afastada de todo control por parte do Goberno. Debe modificarse, nun sentido democratizador e garantista, a Lei de Medios Audiovisuais de Galicia, pactada entre PP e PSOE.

Os medios públicos non están destinados exclusivamente a competir por un mercado de audiencia. O seu obxectivo e o seu compromiso é cos múltiples sectores potenciais de audiencias, aos que debe prestar servizo, grupos da sociedade, públicos e entidades hoxe desatendidos. Cómpre establecer ademais unha conexión real de colaboración e apoio entre todos medios públicos, nomeadamente entre as emisoras locais de radio e a Radio Galega.

Debemos procurar avanzar nunha normalización cultural e lingüística a través dos medios públicos. Así mesmo, a infancia debe ter unha atención preferente. Finalmente, a CRTVG debe consolidarse, como o motor do campo audiovisual galego, entendido como campo cultural aberto e participado por unha pluralidade de axentes e non como couto de negocios particulares e produtoras privadas.

### **343. Garantir o dereito á información da cidadanía galega a través dos medios públicos**

Estableceremos un modelo nítido de financiamento para a CRTVG, dirixido a garantir un servizo público baseado na neutralidade que fortaleza unha democracia de calidade a través dunha cidadanía ben informada e teña rendibilidade social. Defendemos, neste aspecto, os posicionamentos da *Plataforma Mira por Elas* e traballaremos para unha radio e televisión públicas galegas. Promoveremos que os profesionais da comunicación poidan dispoñer dunha formación universitaria de calidade, así como de autonomía e condicións laborais dignas, para impedir que a precariedade contribúa á desinformación da cidadanía. Promoveremos por lei a creación dunha autoridade audiovisual independente do Goberno que vele polo cumprimento da normativa reguladora do sector audiovisual xestionado pola Xunta.

### **344. Aclarar o réxime laboral das traballadoras e traballadores da CRTVG.**

Desenvolveremos o Estatuto Profesional dos traballadores da CRTVG previsto na Lei de Medios Audiovisuais de Galicia 09/2011, aínda pendente despois de cinco anos.

### **345. Abrir as xanelas da CRTVG.**

Crearemos o Consello de Informativos da CRTVG, que impida calquera mostra de manipulación informativa e garanta uns servizos informativos dignos, veraces e independentes. Reestructuraremos o Consello de Administración da CRTVG baixo criterios de transparencia no que se refire á súa remuneración e composición, e contará coa presenza das traballadoras e traballadores da corporación, persoas con experiencia profesional no sector e grupos da sociedade civil, de xeito que sexa plural e diverso.

### **346. Os medios públicos, os medios da xente.**

Incorporaremos unha representación da sociedade civil e do terceiro sector no Consello Asesor da CRTVG, nomeadamente de sindicatos, universidades, entidades sociais que promovan a educación en comunicación, as que agrupan a consumidores, mulleres, minorías e persoas con diversidade funcional, entre outras. Regularemos e fomentaremos o dereito de acceso da cidadanía aos medios públicos, tanto á CRTVG coma ás emisoras municipais.

### **347. Os recursos de todas, para todas.**

Instaremos ao aproveitamento dos medios públicos que se atopen actualmente en desuso; en especial, os que se atopan baixo a xestión directa dos concellos, promovendo e garantindo a participación das entidades sen ánimo de lucro destas localidades na xestión dos devanditos medios, facilitando a súa utilización.

### **348. Democratizando a comunicación entre todas**

Os medios son unha ferramenta de escrutinio público esencial que perde o seu sentido se a cidadanía carece das competencias necesarias para o seu correcto uso. Neste senso, e de acordo ca Directiva Europea 2010/13/UE e a Recomendación do Parlamento Europeo do 16 de decembro de 2008, constitúe unha obriga dos poderes públicos promover a alfabetización mediática e/ou educación en medios de comunicación co obxectivo de xerar unha opinión pública informada, crítica e participativa. Esta estratexia educativa debería fundamentarse na defensa do exercicio do dereito á comunicación e no desenvolvemento destas actividades en educación formal, tanto regrada coma non regrada, e non formal.

### **349. A participación, clave dun novo modelo.**

Crearemos un Foro Galego de Educación, Comunicación e Cidadanía, composto por asociacións da sociedade civil, medios públicos e do terceiro sector e persoas expertas, que defina os marcos necesarios para o desenvolvemento de políticas públicas neste ámbito.

### **350. Novas ferramentas para un novo futuro**

Solicitaremos da Consellería de Educación o deseño e elaboración dun plan de educación mediática para a súa implementación curricular en todos os ámbitos formativos. Crearemos un banco de recursos online onde se poidan consultar os recursos existentes e as mellores experiencias educomunicativas galegas. Incentivaremos a investigación sobre novos alfabetismos e a cultura mediática e dixital da cidadanía. Fomentaremos as boas prácticas dos profesionais do xornalismo no tratamento da información, nomeadamente no caso de colectividade discriminadas, facilitando a súa formación. Fomentaremos a creación e difusión de obras baixo licenzas *Creative Commons*.

### **351. O galego, protagonista no entorno mediático**

Na nosa comunidade, a lingua e cultura propias están claramente discriminadas no ámbito mediático. Cómpre desenvolver plans transversais que abrangan a totalidade da acción do goberno e que sexan eficaces na defensa da cultura galega. Entre outras accións, converteremos a Radio Galega Música nunha emisora de música galega e lusófona que divulgue música moderna de todos os países do noso ámbito cultural.



### **352. Facer o traballo que non se quixo facer**

Cumpriremos a normativa vixente en materia de protección da lingua, xa que en moitas ocasións, pese a existir normativas que impoñen obrigas de servizo público a operadores privados, estas non se fan efectivos. Como exemplo, o Decreto da Xunta 102/2012 do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dispón no seu artigo 10.j) a seguinte obriga aos titulares de licenzas de radiodifusión: *«Empregar a lingua galega nas súas emisións, de forma que o 50%, como mínimo, do tempo de programación sexa en lingua galega. O uso do galego débese distribuír equitativamente en todas as franxas horarias. Non obstante, para as emisoras que actualmente formen parte das cadeas de ámbito estatal, aplicarase a porcentaxe arriba sinalada nas desconexións que se realicen dentro da Comunidade Autónoma de Galicia»*. Resulta obvio que, a tal hora, esta disposición legal permanece incumplida de xeito xeneralizado.

### **353. Transparencia, ben común e legalidade para defender o dereito a comunicar**

A calquera observador independente resúltalle evidente o sistemático incumprimento da normativa audiovisual, non só en Galicia, senón en toda España. A esta situación de excepcionalidade legal únese a aprobación de lexislación restritiva do dereito á información e a liberdade de expresión, o que fai do noso Estado un dos máis regresivos en materia de liberdades asociadas á comunicación, segundo observadores independentes coma o Instituto Internacional de Prensa ou Amnistía Internacional.

### **354. As institucións teñen que traballar**

Modificaremos o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que se converterá nun organismo público e independente do goberno e grupos políticos, económicos e empresariais. Este órgano de control estará integrado por persoas procedentes de organizacións representativas da sociedade civil, colectivos sociais e profesionais. O Valedor do Pobo formará parte do Consello.

### **355. Os compromisos deben cumprirse**

Supervisaremos o cumprimento das condicións dos concursos nas licenzas adxudicadas. Melloraremos normativamente a transparencia e control das axudas aos medios de comunicación e a contratación da publicidade institucional de acordo a criterios de ben común.

### **356. Un espazo mediático plural e xusto**

A Lei Xeral da Comunicación Audiovisual debe garantir para Galicia a repartición equitativa das licenzas entre o servizo público, as iniciativas sociais e os negocios audiovisuais, de maneira que os tres sectores poidan dispor de radios e televisións de cobertura municipal, autonómica e estatal. Así, solicitaremos da Administración Xeral do Estado as licenzas necesarias para facer cumprir a Lei no que se refire aos medios de comunicación comunitarios e garantiremos transitoriamente a continuidade da súa actividade de acordo ao disposto na Disposición Transitoria 14 da devandita Lei.

### **357. Apoio transparente ao pluralismo**

Incentivaremos o pluralismo mediático implementando liñas de apoio a novos medios baixo criterios de ben común e sustentabilidade. Melloraremos normativamente a transparencia e control das axudas aos medios de comunicación e a contratación da publicidade institucional de acordo a criterios de ben común e transparencia, priorizando o mantemento do emprego e das condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

## A Galicia que vai vir

A difusión e implantación das TIC é desigual en Galicia. Existe unha diferenciación territorial no acceso (urbano vs. rural) e tamén unha diferenciación social entre as capas maior nivel socioeconómico e as máis desfavorecidas. O chamado «analfabetismo tecnolóxico», é dicir, a falta de coñecementos para o uso das novas tecnoloxías por persoas ou colectivos, é un factor que dificulta significativamente as posibilidades socioeconómicas e a integración social e laboral. A «alfabetización tecnolóxica» convértese nun dereito social de nova xeración e nun deber dos poderes públicos.

O obxectivo é que na vindeira lexislatura se acade en fogares e escolas unha porcentaxe de utilización das TIC igual á media dos quince países que formaban parte da Unión Europea antes da última ampliación, con atención prioritaria aos concellos e barrios e zonas de menor nivel socioeconómico.

### **358. Fomento da estratexia TIC**

Adaptaremos os esixencias legais ao tamaño das empresas. Ampliaremos os servizos de tutela e soporte a emprendedores aos primeiros 5 anos de vida da empresa. Melloraremos os fondos e instrumentos públicos para financiar o sector a través de captación de fondos públicos europeos. Revisaremos os certificados de profesionalidade para a capacitación de profesionais TIC e facilitaremos a súa incorporación e a satisfacción das necesidades reais do sector.

### **359. Acceso a Internet para toda a cidadanía: un dereito universal e gratuíto**

Apostamos pola implantación dun servizo universal gratuíto, que se xestionará priorizando os territorios e capas sociais máis desfavorecidas. Levaremos adiante o Plan de Banda Ancha anunciado pola Xunta en 2015 e que nunca abordou, que asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de ofrecer unha cobertura de cando menos 30 megabits por segundo para toda a poboación. Garantiremos a gratuidade do servizo até os 10 megabits/segundo.

### **360. Garantir o acceso a Internet na rede de centros públicos.**

A noso compromiso é o de levar o acceso a Internet a toda a rede educativa pública de nivel primario ou medio, conseguindo unha ratio dun ordenador conectado á rede por cada tres alumnos e alumnas. Garantiremos a conexión na rede de bibliotecas públicas, nos centros sociais (de maiores, cívicos ou asociacións veciñais), así como nos espazos de asistencia a persoas migrantes.

### **361. Universalización e accesibilidade da cultura e a historia galega**

Dixitalizaremos os fondos culturais e históricos da administración autonómica e dos seus órganos e poñerémolos a disposición da cidadanía, de maneira libre e gratuíta a través da rede, permitindo ademais a descarga dixital dos fondos das bibliotecas estatais. A publicación destes fondos realizarase mediante licenzas libres e formatos abertos que aseguren unha difusión dos mesmos sen restricións.

### **362. Aposta polo software libre na administración**

Impulsaremos o software libre, establecendo un uso preferente de programas de código aberto nas institucións públicas, impulsando a migración progresiva das administracións cara a este modelo e superando dese modo situacións monopolísticas e de dependencia tecnolóxica. Opoñémonos á implantación das patentes de software, que favorecen as grandes corporacións, en detrimento de programadores individuais e das pequenas empresas que producen este tipo de programas.

### **363. Impulso das TIC no rural para o fomento do «smart farming».**

Impulsaremos a adopción das tecnoloxías dixitais innovadoras da Internet das Cousas e a analítica de datos (incluíndo *Big Data*) no rural e nas explotacións agrogandeiras. Favoreceremos a colaboración de todos os sectores implicados (produtores, transformadores, provedores de maquinaria, enxeñerías, centros de coñecemento e a propia Administración) para aproveitar estas oportunidades e superar as barreiras existentes.

### **364. Impulso da cobertura de banda larga en todo o territorio**

Achegaremos a axuda necesaria en destino para o fomento da cobertura de banda larga en todo o territorio. Colaboraremos cos concellos e cos GDRs, buscando minimizar a «fenda dixital» que existe actualmente.

## Deporte galego para unha sociedade activa e saudable

Apostaremos pola transferencia de todas as competencias en materia deportiva. Fomentaremos o deporte feminino, e promocionaremos tamén o desenvolvemento de deportes minorizados. Apostaremos polo deporte como unha ferramenta para a inclusión social, e aumentaremos a carga lectiva da educación física nos programas de ensino.

### **365. Fomento do deporte feminino**

O deporte feminino debe ter exactamente a mesma entidade que o masculino en todas as disciplinas e niveis. As leis galegas do deporte serán actualizadas, garantindo a igualdade de trato, fomentando a presenza de mulleres nas federacións galegas das distintas disciplinas e dándolle un trato máis xusto dentro dos informativos das canles públicas de radio e televisión.

### **366. O deporte como elemento de inclusión**

A elaboración de equipos nos distintos deportes é un elemento que pode servir tamén para a socialización e para a inclusión social de colectivos sociais desfavorecidos. Fomentaremos a creación de equipos de todo tipo de disciplinas entre os colectivos en risco de exclusión, eliminando as trabas económicas ou administrativas que lles impiden realizar este tipo de actividades en pé de igualdade.

### **367. Promoción dos deportes minorizados**

A falta de infraestruturas e de soporte económico provocan que determinadas disciplinas deportivas queden marxinas pese a contar con numerosas persoas interesadas neles. A Secretaría Xeral do Deporte levará a cabo un inventario daquelas disciplinas deportivas que se practican en Galicia sen contar con federación propia co obxectivo de facilitar a súa práctica e dándolle soporte económico aos Concellos que faciliten infraestruturas para a súa práctica.

### **368. Transferencia das competencias en materia deportiva**

Esixirémolle ao Consello Superior de Deportes a transferencia das competencias en materia de distribución de axudas e subvencións de fomento da actividade e da infraestrutura deportiva. Garantiremos unha mellor distribución territorial e disciplinar desas axudas.

### **369. Aumento das horas lectivas curriculares de educación física**

A práctica do deporte e da actividade física é un elemento fundamental da formación das persoas e do fomento de hábitos de vida saudables. Reforzaremos dentro dos programas educativos nas etapas do ensino obrigatorio a materia de Educación Física, dotándoa de máis horas lectivas e convocando un maior número de prazas de docentes desa materia.



# O goberno galego que constrúe un país mellor

Galicia é un país rico, construído man a man, en común, desde o esforzo colectivo, desde abaixo. O noso goberno colocará a administración galega ao servizo dese país vivo que desexa construír unha sociedade mellor. Un goberno que acompañe á xente, que non sexa un freo para as nosas aspiracións sociais e colectivas.

Un goberno galego que consiga recuperar a Xunta para a cidadanía, que a poña ao servizo da xente, do ben común. Un goberno que cimente a democracia galega na participación cidadá, que promova a toma de decisións desde o colectivo. Un goberno que saiba construír a convivencia de todas e todos, que sexa a primeira defensa das liberdades públicas, que garanta todos os nosos dereitos e conquistas. Un goberno que dignifique a administración galega e a súa función pública.

Un goberno que sexa feminista, que sexa lila, que non soporte nin un minuto máis de sufrimento e inxustiza. Un goberno que recoñeza o país como solidario, que sexa cooperante, que simbolice a xenerosidade dunha cidadanía que o dá todo por quen máis necesidades ten, onde queira que estea. Un goberno que non dubide ao decidir sobre o noso autogoberno, que reclame o noso dereito, que saiba cal é o noso lugar no mundo.

Un goberno dos máis, que traballe para construír un país mellor, que saiba que somos galegas e galegos ao tempo que somos universais. Un goberno da dignidade para un país en común.

## A Xunta e o Parlamento, para a cidadanía

Unha mellor democracia ten que ser unha democracia transparente. O poder galego e as súas administracións teñen que estar ao servizo do ben común, con medidas concretas que obriguen a transparentar determinadas informacións para que sexan de coñecemento público. Crearemos un Observatorio independente para avaliar as políticas públicas. Aprobaremos unha Lei galega de *Lobbies*. Apostaremos pola conxelación dos gastos inútiles e acabaremos co malgasto. Modificaremos a Lei electoral para que se reflicte dun modo máis exacto o que pensa o noso pobo. Crearemos unha Comisión de investigación para saber a verdade sobre o accidente de Angrois.

### 370. Lei galega de Lobbies

Empresas, fundacións ou medios de comunicación teñen moitas veces máis influencia sobre os contidos e os destinos das políticas públicas que os intereses da cidadanía. É por iso que, ao igual que outras administracións en proceso de modernización, En Marea impulsará desde a Xunta unha Lei de *lobbies*. Unha lei co obxectivo de facer transparentes as reunións e as conclusións dos encontros de altos cargos do goberno galego con grandes empresas, e que terá tamén como fin evitar as chamadas portas xiratorias.

### 371. Impulsar un observatorio autonómico independente para avaliar as políticas públicas

A avaliación das políticas públicas, tanto dos seus resultados como do proceso de implantación, é un elemento chave na formulación de novas propostas e tamén unha ferramenta de control democrático. A cidadanía non só quere saber en que se gasta o seu diñeiro senón que tamén reclama información veraz acerca dos resultados que se obteñen con ese gasto, tanto dende o punto de vista da eficiencia económica como da eficacia. En Marea creará un observatorio autonómico independente coa finalidade de avaliar e auditar os distintos procesos reguladores e propoñer medidas correctoras no caso de seren necesarias.

### 372. Conxelación dos gastos inútiles e eliminación do malgasto

A suposta austeridade do goberno do Partido Popular non se traduciu nun uso máis racional dos recursos públicos, mais ben ao contrario. Unha administración pública debe, como primeira norma, saber gastar. Debe eliminar o gasto inútil, mellorar os seus procesos de compras, suprimir as duplicidades, buscar estratexias de divulgación institucional que vaian ao menor custe, debe apostar e confiar nos funcionarios públicos no canto de pagar custosas asesorías a empresas externas. Controlar o gasto público será un obxectivo central da acción do goberno de En Marea, e por iso impulsaremos as modificacións legislativas necesarias para aforrar sen deteriorar a calidade dos servizos públicos. Os gastos en publicidade institucional, protocolo, dietas, altos cargos e persoal dos gabinetes serán revisados, para eliminar privilexios e dotar dunha maior eficiencia os recursos públicos. Estimamos que os aforros poden situarse arredor do 1% do orzamento global da Xunta de Galicia.

### **373. Recoñecemento da linguaxe de signos nas comunicacións oficiais**

Se unha institución pública debe gobernar e xestionar para todas e todos, debe ter en conta as distintas diversidades. Dende En Marea cremos no necesario recoñecemento das linguas de signos, tanto galega como castelá, como vehículos de comunicación administrativa ao entendelas como linguas con carácter co-oficial en Galicia.

### **374. Potenciación da accesibilidade universal**

As leis sobre accesibilidade non son de segunda categoría. Velaremos polo cumprimento da Lei de Accesibilidade Universal, e fomentaremos un modelo de transporte público que garanta o acceso físico da poboación aos distintos servizos dunha forma digna.

### **375. Modificación da lei electoral de Galicia**

Galicia precisa unha revisión integral da lei de 1985 que rexe os procesos electorais autonómicos para acadar unha lei electoral que garanta a igualdade de todas as forzas políticas e de todas as persoas á hora de exercer o seu dereito a participar nos comicios. Revisaremos a actual normativa en aspectos referentes á distribución territorial, a composición de xénero do Parlamento de Galicia e aos miles de galegos e galegas que residen no exterior. En Marea creará unha comisión de traballo que estude as actualizacións necesarias para termos unha lei electoral adecuada ao contexto político e demográfico actual.

### **376. Comisión de investigación do accidente de Angrois.**

Crearemos unha comisión de investigación no Parlamento de Galicia para estudar as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois (Santiago) o 24 de xullo de 2013, e para determinar as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia. Esixiremos ao goberno do Estado que, de forma urxente, dote ás liñas ferroviarias galegas dos sistemas de seguridade axeitados para que non volvan a producirse accidentes deste tipo.

### **377. Defendernos do TTIP**

O goberno galego de En Marea mostrará a súa oposición á aprobación do TTIP (Parcería Transatlántica para o Comercio e os Investimentos), por supor un novo atentado contra a seguridade e a soberanía alimentaria do pobo galego.



## Participar para decidir

Queremos unha democracia ampliada, de maior calidade, na que a cidadanía galega poida decidir sobre todos os elementos que rexen a nosa vida en común. Apostaremos pola creación de orzamentos participativos, como unha ferramenta de democracia participativa aberta a todos os galegos e galegas. Aprobaremos unha Lei galega de participación democrática, que recolla a vaga de cambio político que vive Galicia nestes momentos. Crearemos unha comisión de investigación sobre a privatización das nosas caixas de aforro.

### **378. Orzamentos Participativos. Un mecanismo de Democracia Directa.**

O Goberno de En Marea creará mecanismos de democracia directa para que as galegas e galegos poidan decidir en que se inviste unha porcentaxe do orzamento da Xunta. A experiencia doutros territorios internacionais, estatais e mesmo galegos dinos que a cidadanía pode exercer este dereito de xeito responsable, e co valor engadido de ter un elevado grao de coñecemento sobre o territorio e as súas necesidades. En Marea comprométese a desenvolver mecanismos de democracia directa a través dunha plataforma dixital, e a levar os resultados destes procesos ao Parlamento dentro do proxecto orzamentario, sempre que sexan responsables, sustentables e viables. A Xunta de Galicia debe ser unha administración achegada e que conte coa voz das persoas, unha administración que manteña o diálogo coa cidadanía.

### **379. Creación dunha Lei galega de participación democrática.**

A cidadanía debe poder influir de xeito directo na actividade legislativa do Parlamento de Galicia. En Marea avanzará na elaboración dunha Lei de participación que inclúa mecanismos de proposición e decisión, que rebaixe os límites na iniciativa legislativa popular e a capacidade de veto que ten o Parlamento sobre a súa toma en consideración, e que favoreza a convocatoria de referendos ou procesos participativos en cuestións estratéxicas ou especialmente relevantes. Esa lei tamén contemplará a creación dunha plataforma dixital que axilice o diálogo da cidadanía coa administración.

### **380. Comisión de investigación das caixas e transparencia pública do expediente da fusión.**

A crise do aforro galego deixou tras de si os aforros de milleiros de persoas en forma de preferentes e ao país sen unha explicación de por que foran desaparecendo progresivamente as caixas galegas e con elas o sistema financeiro galego. Impulsaremos unha comisión de investigación das caixas que aclare o ocorrido durante o proceso de fusión das caixas de aforro e deite luz sobre as causas que levaron ao non esclarecemento da estafa das preferentes. E, como primeira medida, daranse a coñecer a totalidade dos informes previos á autorización polo Consello da Xunta do expediente de fusión.

## Igualdade e políticas feministas para a calidade democrática

Unha democracia de calidade ten que basearse na plena igualdade. A inclusión da igualdade como principio ético, teoría política e movemento social é imprescindible para mudar a sociedade actual, para buscar outra forma de estar no mundo. A inclusión da perspectiva feminista nas políticas galegas facilita a tarefa de redefinir outro sistema que recoñeza a diversidade, a interdependencia, a solidariedade e a responsabilidade social; e que asuma a redistribución equitativa dos recursos. Por iso, as políticas feministas farán parte da aposta do próximo goberno galego. Desde En Marea poremos en marcha un plan de emerxencia para acabar coa lacra dos feminicidios, estableceremos unha linguaxe inclusiva na administración galega, crearemos o Instituto Galego de Igualdade de Xénero (IGIX) e a Valedoría de Igualdade, e incrementaremos a partida orzamentaria destinada a políticas de igualdade.

### 381. Plan de emerxencia para poñer fin aos feminicidios

A resposta institucional que se está a dar fronte á violencia contra as mulleres é insuficiente e, de feito, Galicia foi en 2015 a terceira comunidade do Estado con máis mulleres asasinadas. Estamos nunha situación de emerxencia que hai que atender desde a protección, a achega de alternativas e o acompañamento nas situacións de transición emancipatoria. Deseñaremos un Plan de emerxencia, dentro da Estratexia Galega de abordaxe integral ante a violencia de xénero, e que entre as súas medidas incluíra un programa de asesoramento para mulleres que foron vítimas de trata ou explotación sexual, o reforzo da persecución do proxenetismo, a creación do estatuto de Vítima do Feminicidio ou a realización dunha macroenquisa sobre a incidencia da Violencia de Xénero ao longo do ciclo de vida das galegas.

### 382. Unha linguaxe inclusiva na Administración

O respecto das diversidades e o fomento da igualdade deben mover toda a acción do goberno galego. En base a iso, e aos incumprimentos da Xunta de Alberto Núñez Feijóo, procuraremos que a linguaxe inclusiva e non sexista estea presente en todas as publicacións e comunicacións promovidas e/ou contratadas pola Administración. Cumpriremos así coa obriga que deriva da normativa en materia de igualdade tanto a nivel europeo, como estatal e autonómico (mediante o decreto lexislativo 2/2015).

### 383. Creación da Valedoría da Igualdade e do Instituto Galego da Igualdade de Xénero

En Marea atenderá as reivindicacións históricas do movemento feminista galego creando o Instituto Galego de Igualdade de Xénero (IGIX) e a Valedoría da Igualdade. O primeiro será un organismo autónomo adscrito á Presidencia do Goberno galego que rexerá e coordinará o desenvolvemento das políticas de xénero da Xunta de Galicia. Pola súa banda, a Valedoría da Igualdade supervisará de oficio calquera tipo de atentado aos dereitos humanos e aos dereitos das mulleres. En Marea tamén ampliará a rede territorial dos Centros de Información Ás Mulleres (CIM), a Rede de Acollemento para Mulleres e Menores en Situación de Violencia de Xénero, e os novos servizos mancomunados contra a misoxinia e a LGTBI-Fobia.

### **384. Incrementar o orzamento destinado ás políticas de igualdade**

Poñer en marcha novos organismos en materia de igualdade e reforzar a rede actual precisa dun incremento do orzamento dedicado a estas políticas. Actualmente, o presuposto asignado á igualdade de xénero é dun insuficiente 0,12%. Ademais, a contía mingouo considerablemente durante os anos nos que o PP se mantivo á fronte da Xunta de Galicia. O noso compromiso é ampliar o orzamento destinado a políticas de igualdade até o 0,5% no primeiro ano e, gradualmente, até o 1% na segunda parte da lexislatura.

### **385. Programa de recuperación da memoria histórica das mulleres galegas, do movemento feminista e da loita polos dereitos LGTBI e pola igualdade**

É unha cuestión de xustiza darlle visibilidade e difundir a historia das mulleres. Por iso, o Goberno de En Marea porá en marcha un programa específico de recuperación da memoria histórica das mulleres, do movemento feminista e da loita polos dereitos LGTBI e pola igualdade. Queremos sacar á luz as diferentes formas de represión contra as mulleres que a Xunta do PP mantivo no esquecemento, e que mesmo Nacións Unidas denunciou nun informe publicado en 2015 no que aseguraba que este é un tema sub-explorado, sobre todo no que atinxe «ao impacto das violacións contra as mulleres que eran esposas, fillas, irmás ou netas dalgún perseguido».

### **386. Programa de empoderamento das mulleres do rural, como axentes estratéxicos para o desenvolvemento**

É fundamental entender o valor do traballo que realizan as mulleres no ámbito rural, dalo a coñecer e impulsar unha igualdade real en canto a oportunidades e condicións. Para iso é preciso abrir novas perspectivas para a súa incorporación nas organizacións agrarias e nos grupos de desenvolvemento rural. A través dun programa específico, desde En Marea impulsaremos redes que aposten por un rural sostible desde a corresponsabilidade entre mulleres e homes.

### **387. Lei galega de saúde sexual e reprodutiva e do dereito a decidir das mulleres.**

A autonomía reprodutiva das mulleres é un dereito básico: representa o seu dereito a decidir sobre o seu corpo, a elixir libremente e de xeito responsable se desexan optar pola maternidade ou non, cando e con quen. A negación deste dereito é un mecanismo de control patriarcal que presupón a incapacidade xurídica das mulleres para decidir sobre as súas vidas. Impulsaremos a aprobación dunha lei que garanta este dereito para as mulleres galegas, independentemente da súa diversidade sexual, e coa consecuente derogación da Lei 5/2010. A través desa nova normativa estableceremos o acceso universal a unha atención de calidade da saúde sexual e reprodutiva, na que se cumpran uns prazos mínimos para a realización de citoloxías e para a obtención dos seus resultados. Facilitaremos o acceso aos medios anticonceptivos –sobre todo entre as mulleres, as persoas mozas e colectivos minorizados–, facendo especial fincapé na prevención das enfermidades de transmisión sexual e da VIH-SIDA.

### **388. Despatoloxización da transexualidade**

Aprobaremos a Lei galega pola despatoloxización da transexualidade, na que se inclúa a atención específica ás menores trans e se blinde o acceso a intervencións sanitarias gratuítas, así como aos bloqueadores hormonais no caso das menores.

### **389. Producción de indicadores non androcéntricos máis alá do PIB**

Debemos cuestionar que é o que medimos para definir a que lle estamos a dar importancia na idea de progreso e riqueza dunha sociedade. Precisamos ampliar o foco de atención, atendendo a todo o que incide no benestar das persoas e facilita transicións sostibles a outro modelo de sociedade en igualdade. Apostamos, por tanto, pola creación dun novo mapa de indicadores que mostren que é o que está a pasar coa calidade de vida, coas relacións de desigualdade, coa fenda ecolóxica e coa capacidade de transformación das situacións de desigualdade estrutural.

### **390. Estudos de avaliación do impacto de xénero obrigatorios**

Garantiremos que os proxectos de especial importancia para as condicións de vida da cidadanía vaian acompañados do pertinente estudo de avaliación sobre a previsión do impacto de xénero, en cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade que a Xunta de Alberto Núñez Feijóo non está a aplicar - Lei Orgánica de Igualdade L.O. 3/2007 e DL galego 2/2005 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade-.

## Unha nova Cultura Institucional

Precisamos dunha nova cultura institucional baseada na igualdade como elemento chave das profundas transformacións a emprender en Galicia, e desde En Marea asumimos ese reto. O desenvolvemento dos mecanismos institucionais para a igualdade van desde a necesidade de garantir iguais dereitos para todas as persoas ata a estratexia da integración da perspectiva de xénero, acordada internacionalmente a través da Plataforma de Acción de Beijing (1995). A inclusión da perspectiva de xénero vai afectar a avaliación de todas as políticas posibles e ao obxectivo de promover a igualdade, porque lle corresponderá, de xeito transversal, a toda a acción institucional do Goberno galego.

### 391. **Transversalidade da igualdade de xénero**

Desde En Marea asumimos que para que a igualdade sexa real é preciso mudar o xeito de facer as cousas, e tamén a estrutura organizativa da administración pública. Crearemos unidades para a transversalidade da igualdade en cada unha das Consellerías da Xunta de Galicia, adscritas á Presidencia e en coordinación co Instituto Galego de Igualdade.

### 392. **Comarcalización dos servizos de igualdade**

Queremos descentralizar a estrutura organizativa das políticas de xénero para que os seus efectos cheguen a todo o territorio galego, e fundamentalmente ao ámbito rural. Para iso, poremos en marcha unha rede de oficinas comarcais de igualdade.

### 393. **A diversidade sexual visible na institución**

No Goberno de En Marea crearemos a Secretaría Xeral de Políticas LGBTI para a planificación, implementación, transversalización e avaliación de políticas LGBTI

### 394. **Observatorio da diversidade sexual**

Crearemos o Observatorio galego da diversidade sexual e identidades de xénero, con persoal especializado en materia de dereitos humanos, dereitos das persoas lésbicas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI). Este observatorio estará á marxe dos centros de información ás mulleres, e terá capacidade sancionadora e recursos propios.

### 395. **Respecto ás identidades de xénero en todo o territorio**

Desenvolveremos o Servizo territorial contra a misoxinia e a lgtbifobia, en colaboración coas Deputacións para termos acceso a todos os municipios. Tamén impulsaremos a creación do Centro de recursos LGBTI e de apoio ao tecido asociativo das persoas LGBTI.

### 396. **Orzamentos que contribúan á igualdade**

O Goberno de En Marea creará unha Comisión de Avaliación do Impacto de Xénero dos Orzamentos da Xunta de Galicia e, a través da normativa específica, ofertaremos formación especializada para o persoal político e técnico responsable do proceso de incorporar a perspectiva da igualdade de xénero nos orzamentos públicos.

### **397. Unha institución que aprenda para a igualdade efectiva**

Durante o o primeiro ano de legislatura, En Marea deseñará e desenvolverá un plan de formación de xénero para todo o persoal político e técnico da Xunta de Galicia.

### **398. Consello Galego das Mulleres**

Renovaremos e darémolles un novo pulo ao Consello Galego das Mulleres, como axente interlocutor ante o Goberno do movemento feminista e do asociacionismo das mulleres galegas.

### **399. Comisión permanente para a Igualdade de xénero**

O compromiso de En Marea coa igualdade traducirase na conversión da actual Comisión non permanente para a igualdade e os dereitos das mulleres nunha Comisión permanente para a igualdade de xénero. O obxectivo é darlle estabilidade ao traballo do Parlamento en materia de igualdade, e garantir a súa transversalidade.

### **400. Comisión permanente no Parlamento sobre Diversidade**

Para poñer en marcha novas accións e políticas de avance na inclusión das persoas atendendo ás diversidades e á dependencia, crearemos no Parlamento de Galicia unha comisión permanente sobre diversidades. Este órgano tamén terá como obxectivo darlle visibilidade ao traballo feito neste eido.

## Convivencia e liberdades públicas

Apostaremos por dinamizar unha sociedade activa, que defenda os seus dereitos e intereses. Formamos parte da cidadanía activa deste país, da que falou nas prazas nos momentos de indignación social e que agora aposta por levar a voz desde as prazas ao palacio. Reforzaremos todos aqueles dereitos que teñan que ver coa ampliación das liberdades públicas, en resposta ás demandas que diferentes movementos sociais representativos da nosa sociedade levan artellando nos últimos anos no noso país.

### **401. Un Parlamento que vele polos Dereitos Humanos**

Crearemos no Parlamento Galego unha comisión que vele polo efectivo cumprimento dos dereitos humanos e da súa preservación no territorio galego. Nela escoitarase de xeito activo a aquelas entidades e colectivos que traballan sobre materias vinculadas cos dereitos que máis directamente se relacionan coa dignidade da persoa.

### **402. Unha valedoría do pobo máis esixente**

A figura da valedoría do pobo non pode seguir dependendo unicamente da vontade política, debe cingirse á función para a que se nomea. Modificaremos o proceso de escolla desa figura, sinalando como un dos requisitos principais a experiencia e o compromiso na defensa e ampliación dos dereitos e liberdades.

### **403. Deseño de servizos localizados de convivencia.**

As situacións de alteración da convivencia e de exclusión non son todas iguais. Impulsaremos plans localizados de convivencia e loita contra a exclusión social que contén cos distintos concellos no seu deseño. Negociaremos coas administracións locais a cantidade e tipo de profesionais e o tipo de infraestruturas a destinar a estes plans.

## Un país solidario e cooperante.

Os grandes movementos migratorios non son alleos a Galicia. En todas as familias temos exemplos de persoas que tiveron que abandonar o noso país no último século por problemas políticos e/ou económicos. Cando eses mesmos dramas son vividos noutras latitudes cómpre que o poder galego actúe dende a solidariedade. Apostamos por un país solidario e cooperante, un país de acollida que defenda un concepto de cidadanía global sen que iso supoña renunciar á nosa identidade como pobo. Apostamos porque o poder galego sexa un axente de cooperación e desenvolvemento activo destas políticas, apoiando ás organizacións representativas do sector que pretenden levar a solidariedade galega a outras partes do mundo.

### **404. Galicia, país de acollida.**

A situación dos milleiros de persoas que foxen da guerra e se atopan ás portas de Europa precisa dunha política responsable, que teña por eixo a dignidade de todas as persoas. Iremos máis alá das directrices marcadas polo goberno do Estado e poremos toda a capacidade de acollida do goberno galego, con fondos e equipamentos propios, para paliar e abordar de xeito integral a situación das persoas refuxiadas e migrantes.

### **405. Converter a Xunta de Galicia nun axente de cooperación ao desenvolvemento activo, transparente e aberto.**

Seguindo o IV Plan de Cooperación Galega, desde En Marea impulsaremos a participación directa da administración autonómica en programas estratéxicos de cooperación nos países identificados como prioritarios. Elaboraremos un Plan Director que primará a participación dos axentes sociais, de institucións como as universidades galegas e dos concellos agrupados no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O Consello Galego de Cooperación será reformado para que a representación da Xunta de Galicia non supere o 40% dos seus membros. Aseguraremos que os traballos e estudos de carácter técnico que se encarguen sexan adxudicados mediante procedementos que garantan a publicidade e libre concorrència.

### **406. Educar para acadar unha cidadanía global con compromiso solidario e fomentar a participación real e efectiva da sociedade.**

O goberno galego potenciará campañas de educación para o desenvolvemento e sensibilización social, promovendo a implicación directa dos departamentos autonómicos con responsabilidades en áreas como Educación, Mocidade, Benestar Social e Igualdade. No marco do Sistema Universitario Galego promoveremos a creación dun mestrado no ámbito de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria. Incrementaremos as bolsas de formación en cooperación ao desenvolvemento ata un mínimo de 20 en 2020, e melloraremos as condicións económicas dos bolseiros e bolseiras.



## **407. Fortalecer o sector da cooperación en Galicia.**

Desde En Marea incrementaremos os fondos dedicados á cooperación ao desenvolvemento nun mínimo do 20% anual nos orzamentos de 2017 e seguintes, co obxectivo de ter dobrado esas partidas ao final da lexislatura. Fortaleceremos os convenios de colaboración coas plataformas e organizacións representativas do sector, así como coas universidades públicas galegas. Realizaremos unha avaliación dos resultados da convocatoria de Fortalecemento de ONGDs con carácter previo á súa reformulación e, chegado o caso, ampliaremos a dotación financeira.

## Decidir o noso autogoberno.

A marea galega recoñece o carácter nacional de Galicia e o dereito da cidadanía galega a decidir libremente como organizarse internamente, como xestionar os seus recursos e como relacionarse con outros pobos. Queremos que este dereito a decidir se exerza para construír, sobre bases de estrita igualdade, un marco de convivencia entre os diferentes pobos peninsulares. O noso país é un suxeito político que debe ter ferramentas que lle permitan exercer o seu autogoberno, garantir os elementos que o configuran como nación e defender o benestar das persoas que vivimos aquí. Ferramentas que defendan os nosos intereses diante do goberno español, da Unión Europea e en todos os estamentos e institucións nas que participemos como país.

Nun momento histórico no que o modelo autonómico está esgotado e non ofrece solucións por causa das constantes invasións e do baleirado do Estatuto defenderemos que os dereitos de Galicia se sitúen no mesmo nivel que os das outras nacións do Estado. Apostamos por un proceso constituínte baseado no dereito a decidir e na democracia para construír un marco xurídico-político que supere o actual réxime. Mentres este proceso non se complete apostaremos por avanzar e profundar no autogoberno, demandando a asunción polo goberno galego de competencias que agora están asumidas e xestionadas polo goberno español, así como a correlativa derogación ou modificación da normativa básica que as regula.

### 408. **Máis (auto)goberno galego.**

Dotaremos aos poderes públicos galegos de máis capacidade política propondo unha diminución da Administración do Estado en Galicia, eliminando duplicidades inútiles e establecendo un novo marco de relacións bilaterais co Goberno español, así como a introdución no catálogo de competencias estatais exclusivas a través da súa transferencia ou delegación. Reivindicaremos que a actual Comisión bilateral Galicia-España se transforme nun órgano político do máis alto nivel de diálogo e adopción de acordos mediante o consenso entre ambos gobernos. Proporemos que se sometan á revisión desta Comisión, previamente, todas as propostas normativas e orzamentarias do Goberno do Estado que atinxan ao ámbito galego de competencias.

### 409. **Maíor autonomía fiscal**

Esixiremos plena capacidade normativa, de xestión, e co-responsabilidade fiscal sobre os impostos que soportan os suxeitos pasivos de Galicia, con competencias para regular o financiamento suficiente das entidades locais. Reclamaremos a progresiva asignación ao goberno galego de todos os fondos estatais, incluídos os de financiamento local, de xeito que sexa a Xunta quen os distribúa de xeito territorial. Solicitaremos a transferencia da totalidade da planificación, programación e xestión dos fondos e axudas europeas, das competencias lexislativas de fixación de circunscricións electorais nas eleccións locais e das executivas de organización de todos os procesos electorais que se desenvolveren en Galicia.

#### **410. Transferencia das competencias en materia laboral**

Queremos que o goberno galego teña a capacidade para ditar normas sobre as relacións de traballo, e que asuma todas as funcións que exercen o Instituto Nacional de Seguridade e Emprego, O Servizo Público de Emprego Estatal, a Inspección de Traballo, e o Fondo de Garantía Salarial, co oportuno traspaso deses organismos. Esixiremos a transferencia de toda a formación ocupacional para xestionar integramente desde Galicia os recursos destinados á promoción do emprego procedentes do Fondo Social Europeo.

#### **411. Coidemos do noso territorio.**

Solicitaremos que as institucións galegas teñan a competencia para aprobar e autorizar a instalación de redes básicas de gas e oleodutos que transcorran por Galicia; así como a asunción das funcións administrativas de autorización, supervisión e control que desempeña o Estado no que ten que ver coas refinarías e almacéns de hidrocarburos radicados no noso país. Reclamaremos tamén as competencias en materia de liñas de transporte de enerxía eléctrica que discorran polo noso territorio, así como a aprobación de todos os proxectos de centrais eléctricas que se sitúen no país. Tamén reivindicaremos a transferencia das funcións que desempeña o Estado relativas á execución de obras hidráulicas de interese xeral.

#### **412. Convivencia e seguranza.**

Desde o goberno galego, En Marea reclamará as competencias relacionadas co tráfico e coa seguranza viaria. Alén das funcións de vixilancia e prevención que asumirá a policía galega, este proceso debe completarse co traspaso de todos os servizos estatais relativos á documentación e á matriculación de vehículos, á sinalización, á realización de exames, á autorización e expedición de licenzas, recursos e sancións administrativas, ou ás taxas. Tamén queremos xestionar de xeito autónomo a regulación sobre seguranza privada, de tal maneira que se realicen desde Galicia as funcións administrativas de autorización, inspección, sanción e formación das empresas do sector. As institucións galegas reclamarán, ademais, as funcións de inspección das embarcacións marítimas e de seguranza marítima, así como a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre e o traspaso dos medios da Demarcación de Costas do Estado en Galicia ao goberno galego.

#### **413. Con máis competencias podemos gobernarnos mellor.**

O goberno galego é quen mellor pode coñecer e gobernar a realidade galega e son moitas as competencias que se poden solicitar e reivindicar, desde unha concepción ambiciosa da xestión das nosas institucións, para facer política para a xente: o traspaso da xestión do servizo de Correos e Telecomunicacións, as competencias en materia de catastro, as competencias sobre ordenación da industria e o comercio, o traspaso de todos os centros educativos ou formativos situados en Galicia que aínda dependen da Administración central, a alta inspección do Estado...

## O noso lugar no mundo.

Galicia é un país atlántico situado no sur de Europa, ponte entre a Hispanofonía e a Lusofonía, cunha importante comunidade emigrada tanto no vello continente como en América. Todas estas particularidades implican a necesidade de que o goberno galego desenvolva unha acción exterior que nos sitúe no mundo. Unhas políticas públicas que superen as debilidades actuais, que aproveiten as oportunidades derivadas da nosa situación privilexiada, e que ofrezan unha planificación estratéxica a medio-longo prazo. Nun mundo cada vez máis complexo cómpre simultanear accións políticas, económicas, culturais ou sociais que aproveiten as nosas potencialidades, sobre todo as relacionadas coa nosa pertenza á Unión Europea, na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

### **414. Avanzar na presenza internacional galega**

Desde En Marea desenvolveremos todas as potencialidades que recolle o propio Estatuto de Autonomía, nomeadamente o artigo 35.3, e difundiremos a realidade e especificidade galegas no mundo, proxectando a personalidade internacional de Galicia mediante o pleno desenvolvemento das competencias. Conforme ao principio de subsidiaridade, Galicia poderá asinar convenios ou acordos con outras entidades (estatais ou subestatais) en materias da súa competencia. Nomeadamente, terá a capacidade específica de formalizar acordos transfronteirizos no marco da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A Comunidade Autónoma transporá directamente as Directivas europeas no ámbito das súas competencias.

### **415. Galicia na Unión Europea**

As políticas da Unión Europea teñen sobre o noso país unha influencia maior que sobre o resto de territorios do Estado. Por iso pularemos polo establecemento de canles efectivas para a participación de Galicia nos asuntos europeos co fin de salvagardar as súas competencias, con voz e voto nos comités, institucións ou órganos no que estea representada.

### **416. Potenciación da Eurorrexión**

O eixo Galicia-Norte de Portugal resulta unha prioridade da política exterior galega en todos os ámbitos. A eurorrexión debe actuar como un organismo real de diálogo entre os gobernos galego e portugués, e por iso traballaremos en contidos concretos que potencien esta colaboración institucional. Impulsaremos o desenvolvemento do Eixo Atlántico, reforzándoo con novas comisións sectoriais en materias de transporte e infraestruturas ou cultura, e incorporando, máis alá das administracións locais, ás distintas universidades e axentes sociais. Paliaremos a desatención estatal nas comunicacións co país veciño, en particular por ferrocarril (liña Vigo-Porto).

### **417. Implicar a nosa emigración nas estratexias de acción exterior.**

A acción exterior debe ter como finalidade xerar unha imaxe atractiva de Galicia no exterior, pero tamén é un método para que entre as comunidades asentadas noutros países se manteñan a lingua e a cultura galegas. Facilitaremos as ligazóns entre universidades galegas e universidades estranxeiras para o ensino da lingua galega e para a realización de estudos sobre asuntos relativos a Galicia.

#### **418. Creación de infraestructuras de carácter permanente**

O goberno galego de En Marea creará as ferramentas permanentes necesarias para promover unha estratexia integral de acción exterior pensada desde aquí. Impulsaremos unha Lei de coordinación que aglutine toda a acción exterior do goberno galego e deseñaremos un Plan global en materia de acción exterior, do que faremos o seguimento e as avaliacións pertinentes.

#### **419. Compromiso por unha maior promoción exterior das institucións culturais galegas.**

Para que unha cultura goce de boa saúde, é preciso alimentarmos o seu coñecemento e contactos no exterior. Incentivaremos as relacións das institucións culturais galegas coas súas homólogas, con especial atención ás dos nosos contextos culturais e lingüísticos mais próximos, como é o caso de Portugal. Apoiaremos a programación conxunta e os intercambios no ámbito artístico, tanto de institucións autonómicas como de xestión municipal (CGAC, MARCO, Auditorio de Galicia, etc).

#### **420. Plan de retorno para facilitar a volta a casa dos galegos e as galegas emigradas.**

O Goberno da Xunta garantizará nun prazo non superior a 6 meses a integración das persoas retornadas, restablecendo inmediatamente os seus dereitos sociais sen que se lles poida esixir un período mínimo de residencia. Adoptaremos as medidas necesarias para eliminar os obstáculos que lles dificultan aos galegos e galegas retornadas o acceso ás bolsas de traballo e ás prestacións e beneficios sociais existentes. Facilitaremos o acceso á vivenda de protección oficial, pisos tutelados, axudas para o alugueiro e adquisición da primeira vivenda aos e ás retornadas. As xestións administrativas centralizaranse na Oficina de Retorno e o traballo realizarase en estreita colaboración coas asociacións e federacións de persoas emigrantes e retornadas.

## Galega e universal

En galego estamos no mundo. A lingua propia do país é a nosa maior obra colectiva e por iso debemos darlle unha atención preferente. Un idioma que permite a comunicación mais próxima e que tamén é unha xanela que abre camiños globais e favorece especialmente unha relación fluída cos países lusófonos. Promoveremos o uso transversal do galego en todos os ámbitos a través dunha galeguización íntegra da administración pública galega, tanto nas actividades internas como externas. Actualizaremos as ferramentas dispoñibles, así como o discurso lingüístico, para adaptármolos á situación actual e co obxectivo de apostar polo galego como lingua de cohesión social.

### **421. Redacción dun Plan director de lingua**

O noso goberno comprométese a superar o actual Plan Xeral de normalización, que non se aplicou consecuentemente pese a ser aprobado por unanimidade no Parlamento, hai máis de dez anos. Consideramos este plan como un punto de partida de consenso, mas é necesario superalo, redactando un novo Plan Director no que estean implicados todos os axentes relacionados co traballo coa lingua. Apostaremos por unha coordinación estreita entre o departamento do goberno galego responsable da Política Lingüística e os concellos de Galicia, para articular un espazo de colaboración institucional que teña como obxectivo a implementación de plans directores locais, cartas de dereitos e accións coordinadas en colaboración cos diferentes sectores da sociedade.

### **422. Transversalidade da Política lingüística**

O organismo administrativo encargado da política lingüística debe ter consideración equivalente a unha Consellería, e funcionará en colaboración directa coa Presidencia da Xunta. O seu principal cometido será traballar a prol da extensión social da lingua de maneira transversal e co apoio dunha comisión de persoas expertas e axentes sociais implicados. O seu cometido será dobre. Por un lado, garantir o desenvolvemento pleno dos dereitos lingüísticos das persoas usuarias, o dereito a vivir a totalidade da vida na propia lingua. Polo outro lado, establecer toda caste de medidas de promoción, desenvolvemento e presenza da lingua nos diferentes ámbitos da vida social. A infancia e a súa posibilidade de socialización en lingua galega será obxecto de atención prioritaria, tamén mediante os plans de ensino máis adecuados para garantir o pleno coñecemento e uso do idioma. Especial atención merecerá o ámbito familiar, o da transmisión de pais e nais a fillos e fillas. Para el, estableceranse plans de incentivación, axudas e colaboración.

### **423. Galeguización efectiva da administración galega.**

Dentro da administración pública abriremos un proceso de restauración da presenza do galego en todos os niveis e cumpriremos a legalidade, por parte do goberno galego, en materia de uso da nosa lingua tanto nas comunicacións internas como no contacto coa cidadanía. Fomentaremos e premiaremos a formación dos empregados públicos en materia de lingua, que se converterá en requisito imprescindible para o ascenso e a promoción interna dentro da administración pública. O Plan director de lingua contemplará tamén medidas efectivas de galeguización da administración.

## **424. Desenvolvemento integral da Lei Paz Andrade.**

A Lei de aproveitamento dos vínculos coa Lusofonía foi aprobada por unanimidade na lexislatura anterior, a partir dunha ILP que contou con 17.000 sinaturas de apoio. Aínda así, o goberno do PP non ten realizado un desenvolvemento serio desta lei polo que, amparándonos no texto lexislativo, introduciremos o portugués nos ensino medio creando as necesarias prazas de profesorado para impartilo. Ofertaremos lingua portuguesa en todas as EOI de Galicia. Estreitaremos e sistematizaremos a colaboración entre a TVG e a RTP con trocos de audiovisuais e garantindo a recepción recíproca en ambos países. Compraremos ou produciremos un programa de televisión para ensinar portugués adaptado á cidadanía galega, como complemento á realización das pertinentes xestións para a recepción do sinal das televisións portuguesas no territorio galego. Promoveremos que a acción exterior do goberno galego teña especial foco na Lusofonía solicitando o acceso e incorporación naqueles nos que sexa admitida Galicia.

